

A memoria, a historia e a política

**A esquecida polémica Cela *versus* Paz-Andrade sobre
a lexitimidade democrática, a memoria republicana e
a Autonomía de Galicia en xullo de 1977**

Discurso lido o día 3 de xuño
de 2023 no acto da súa recepción,
polo ilustrísimo señor don

Lourenzo Fernández Prieto

e resposta do excelentísimo señor don

Ramón Villares



REAL ACADEMIA GALEGA



A memoria, a historia e a política

A esquecida polémica Cela *versus* Paz-Andrade sobre a lexitimidade democrática, a memoria republicana e a Autonomía de Galicia en xullo de 1977

O solemne acto académico
en que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 3 de xuño de 2023
no Teatro Jofre de Ferrol

Edita

Real Academia Galega

ISBN: 978-84-17807-28-3

Depósito Legal: C 783-2023

© Lourenzo Fernández Prieto, 2023

© Ramón Villares Paz, 2023

© Real Academia Galega, 2023

Deseño da colección

Grupo Revisión Deseño

<https://doi.org/10.32766/rag.412>



Deputación
DA CORUÑA

A memoria, a historia e a política

A esquecida polémica Cela *versus* Paz-Andrade sobre
a lexitimidade democrática, a memoria republicana e
a Autonomía de Galicia en xullo de 1977



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2023

Discurso do ilustríssimo señor don
Lourenzo Fernández Prieto



Presidente, señoras e señores académicos, autoridades.

Familia, amigas e amigos.

Miñas donas e meus señores.

Foime difícil darlle cabo a este discurso polo principio, que é por onde rematan sempre os traballos académicos. Como ben nos aprendeu o noso mestre Ramón Villares. A el e aos mestres Pegerto Saavedra e Francisco Díaz-Fierros (Paquín do Ron para os ribadenses) agradézolles ben a galanura de terme presentado candidato. Non sabía como empezar o discurso porque aínda non me explico moi ben esta honra da que a Academia me quixo facer merecente. Para non deixar arrastrarme pola emoción que me produciu, e me produce, nin caer nun barroco agradecemento, revisei outros discursos de recepción, novos e vellos, de homes e mulleres, da Real Academia Galega e aínda dalgunha outra Academia, buscando as verbas de arrinque. Puiden aforrar o traballo porque todos teñen en común o mesmo: emoción e agradecemento.

Copio a Carballo Calero para aceptar unha honra que non solicitei, engado que o fago con tanto agrado como modestia. E copio a case todos e todas as académicas para expresar o abraio polo recoñecemento e a dúbida sobre se saberei estar á altura dos merecementos, e os labores, de quen me precedeu na institución.

Non sei cales foron os criterios que vos levaron a admitirme nesta ilustre institución. O único que podo facer nesta altura é principiar o discurso para poder ser recibido na corporación. Aspiro a poder dar conta acaidamente da encomenda. Nunca tal pensei, mais prometo traballar para facerme acredor do mérito.

INTRODUCCIÓN

Vou falar, en primeiro lugar, do que é lingua, ou sexa, de memoria e de historia, e por iso tamén de política. Da materia prima da cidadanía, que, moitas veces, algúns se empeñaron en monopolizar, excluindo da decisión sobre os asuntos colectivos a maioría.

Vou falar de memoria, de por que estou aquí, lendo este discurso e, aquí, neste teatro convosco. Tentarei explicar esta honra enorme e por que estamos neste escenario e nesta cidade. Na terra de Fontenla Leal, fundador da Academia. Desculparedes, xa de entrada, o ton persoal. Son razóns e emocións que, noutros tempos, poderían ser consideradas fóra de lugar nun discurso de caste académica, pero que, nestes, non resultan nada impropio. A emoción non anda nunca expulsada da razón, aínda que moitas veces a acompañe camuflada, e por iso nós —os da miña xeración— preferimos facela explícita e mostrala á luz.

Vou falar, principalmente, de historia, á que me dedico profesionalmente na docencia e na investigación. Tratarei dunha esquecida polémica entre senadores e académicos na Transición, un da Academia Galega, outro da Española, unha disputa política brutal, significativa e esquecida, absolutamente perdida no esquecemento...

Unha disputa pública que nada (ou todo) tiña que ver coa lingua, senón coa política, porque ambos os dous litigantes, sendo senadores da primeira Cámara Alta desta democracia, reinaugurada en 1977 tras as eleccións do 15 de xuño, expresan na calor da súa polémica algunhas evidencias que o historiador pode rescatar para descubrir, indagar e explorar pasados esquecidos ou deformados: para contrastar fontes, pero, sobre todo, para identificar diferentes versións do pasado histórico recente.

A nosa tarefa será debullar relatos políticos interesadamente construídos e trenzados coas inercias herdadas para intentar demostrar que as cousas sucederon doutra forma ou que non sempre aconteceron como se nos contou, e, máis que nada, subliñar que hai aspectos do pasado que foron agochados por outros —ou simplemente pasaron desapercibidos—, e que recuperalos permítenos construír un relato máis plural e máis democrático do noso pasado.

Falarei de recuperar a memoria, de como pola mesma época daquela controversia entre académicos eu recuperei, sendo adolescente, a fala dos meus e de como hoxe recuperei, grazas a Darío Álvarez Blázquez, que gardou no seu arquivo os retallos dos xornais que a recollen, a memoria dunha polémica da que, cando se produciu

daquela, nada entendemos, nin eu nin ninguén dos que fomos testemuñas. Incomprensión que contribuíu a que nos pasase inadvertida.

A memoria e o esquecemento son dúas caras da mesma moeda. Logo están a historia e os relatos do pasado (o relato político dos vencedores é o máis poderoso, claro). A historia en democracia e como forma de coñecemento debe ser outra cousa diferente dun simple relato político do pasado, debe ser unha forma científica de coñecemento, debe servir ao presente e ao futuro, ten que atender a sociedade e debe entender a *Humanidade*, como gustaban de dicir os tribunais emancipadores noutro tempo.

1ª parte.

Lingua, memoria e historia.

As mulleres da República e Luz Pozo Garza,
unha muller doutro mundo

Antes de seguir adiante vou falar de Luz Pozo. E da responsabilidade de ocupar o oco que deixou unha muller, ribadense e poeta, que tan grande fixo a lingua e da que só co nacemento me podo emparellar.

Herdar sempre é doado; o merecemento hai que gañalo, e, por iso, intentar continuar o labor devanceiro hai que traballalo. Como fai o fillo de Luz, o meu amigo Gonzalo Vázquez Pozo, e como fixo ela coa herdanza de seu pai don Gonzalo Pozo Pozo.

Merece unhas liñas aquel ilustre veterinario republicano, amigo dos labregos e das súas sociedades agrarias, animador das súas loitas a carón doutro grande, o mestre Gregorio Sanz. Don Gonzalo foi inspector de Hixiene Pecuaria e azoute público contra da corrupción da súa propia profesión, como deixou constancia nas páxinas de *La Comarca*, mentres traballou en Ribadeo, onde nacería a súa filla Luz. Tamén foi un destacado membro de Izquierda Republicana (IR) e antes fundador, en Viveiro, do Partido Republicano Radical Socialista (PRRS).

Destaca na herdanza de Luz a estirpe republicana, que non cae na abulia aristocrática de quen nada merece porque nunca na vida traballou. Por iso, aquela República —que tanto lle custou a don Gonzalo— comezaba declarándose de traballadores de todas as clases. República que aspiraba a facer do traballo non unha maldición bíblica senón un mérito, e quería arrombar de vez o longo poder da aristocracia folgazana. A mesma que tanto tivo que argallar para acabar coa República.

Sabíao ben don Gonzalo Pozo, apresado polos golpistas en Viveiro, onde exercía de veterinario en 1936, para ser levado ao cárcere de Lugo. Home agarimoso, mentres agardaba polo verdugo que podía darlle a morte —da que ao cabo librou—

labrou unha culler de pau para María Piñeiro, amiga súa e dona do seu colega e amigo Daniel Varela, como agasallo pola súa onomástica. Nela riscou: “A Da. María Piñeiro en el día de hoy, XV de VIII de 1936”. E na parte cóncava da culler gravou unha imaxe alegórica da República, unha muller con gorro frixio, e o texto: “Cárcel de Lugo. Agosto 1936”. Esta memoria familiar, relatada por Álvaro Varela (2021), neto de María e Daniel, pouco despois do pasamento de Luz Pozo, dá conta dun tempo feroz que nós non vivimos pero que os golpeou a eles e a moitos outros. Dáanos a medida da digna liñaxe de don Gonzalo e de Luz Pozo.

Sabíao ben Luz que, detrás de seu pai encarcerado, foi coa familia vivir a Lugo e, despois, a Larache e, de volta, a Viveiro, facendo e refacendo a súa vida ata armar a que ela desexaba, como quixo, onde quixo e con quen quixo. Estudou e volveu estudar para facer a carreira que imaxinou e para gañar unha independencia difícil naquela ditadura, e liberouse das ataduras dun machismo máis negro que a longa noite na que medrou.

Alonso Montero dixo desta poeta que dende os seus primeiros libros era —ou parecía— doutro mundo. Non é pouco dicir. Non sei se literariamente é así; vitalmente foi tal pola súa orixe e pola súa vida. Luz era unha desas mulleres que parecían doutro mundo naquel tempo da ditadura no que lles tocou vivir. Algúns homes doutro mundo houbo tamén, como Camilo Nogueira, Xosé Manuel Beiras ou Xosé Luís Méndez Ferrín, porque neles quedara como encapuzada a alegría e a liberdade da democracia na que os criaran as súas nais e os seus pais. Pero na xeración anterior a eles, a de Luz Pozo, esa capacidade para vivir por fóra da ditadura pese a ditadura foi máis asunto de mulleres que de homes.

Comprobeino coas irmás García del Real, con Carlota e Fernanda. Poucas tiñan avoas coma elas, contaban as súas netas, eran diferentes e singulares na España da ditadura e na da Transición. Traballando nos seus diarios e memorias, descubrimos a razón da súa singularidade, razón que vale tamén para Luz: simplemente eran republicanas e demócratas e nunca deixaran de selo (Fernández Prieto e Hervella 2018). Privilexios da súa posición... e mérito do seu valor.

Luz Pozo, nada en 1922, era unha mociña xa en 1936, pero sempre conservou a gallardía da liberdade vivida na República. Liberdade non perdida, nunca renunciada. No seu caso foi unha boa amiga común, Pencha Santasmarinas, quen me achegou esa idea dela, pois foi a ela —entre outras— a quen Luz transmitiu aquela forza republicana. Dá para unha indagación histórica máis demorada isto das


mulleres sen medo ao longo das catro décadas do medo institucionalizado pola ditadura. Non deixa de chocarme como fomos descubrindo estas mulleres nos últimos anos, ás veces sen entendelas, e despois de xeracións que as coñeceron, sen entender nada delas, como aconteceu, por exemplo, con Coralía e Maruxa Fandiño, as Dúas Mariás compostelás, ou coas irmás Touza de Ribadavia. Galicia e España estiveron cheas de desafiantes *Mariás* que non pasaron á historia oficial do antifranquismo.¹

Temos unha versión estreitamente política, bastante ahistórica e demasiado partidaria do que foi a oposición ao franquismo. Aínda que a visión biopolítica e a mirada de xénero está mudando esa estreita versión, na que caben pouco máis que os comunistas e os seus compañeiros de viaxe. Minorías vangardistas nas que os xestores da ditadura se encargaron de reducir os opositores. Os mesmos xestores que descubriron (ou inventaron) o franquismo sociolóxico coma se non houbera nunca un antifranquismo sociolóxico. Aquel amplo antifranquismo social que fai que o 15 de xuño de 1977, nas primeiras eleccións da democracia recuperada, os partidos herdeiros do franquismo —un máis camuflado, outro menos— fosen derrotados en número de votos. Quen o lembra? Onde foi escrito? Pois foi o que pasou, dixérono os votos nas urnas, aínda que haxa quen invalide o argumento apelando á distribución dos escanos.

Pero volvamos a Luz, porque o acontecemento de 1977, as eleccións e o seu resultado, o salto adiante cara a este futuro, pasou por mulleres coma ela tanto coma pola acción política organizada da mocidade antifranquista. O antifranquismo non era —só— o que facían nas universidades mozos estudantes das novas e das vellas esquerdas revolucionarias; non poucas veces fillos de falanxistas en ruptura xeracional e desencantados politicamente pola revolución pendente, outras moitas eran fillas da memoria republicana familiar, ás veces a través das súas nais. Tamén era antifranquismo o que se criara agochado nas casas ao longo de corenta anos. Unha memoria labrada nas cociñas e convertida en partido de acción, en acto de mulleres, máis que en discurso de homes.

Como entender se non a obra de Luz, a precocidade na publicación do seu primeiro poemario en galego, *O paxaro na boca* (1952), que inaugurou a colección Xistral. Quen sabe di que a súa é unha poesía inzada de sensualidade, na que o amor, a

1 Compañeiras historiadoras levan anos investigando estas figuras, como Mercedes Yusta (2005) ou Carmen Blanco, e como referencia o número ou especial de *Andaina. Revista Galega de pensamento feminista*, nº 45 (2006), cun *dossier* dedicado ás mulleres antifranquistas, coñecidas e descoñecidas.



inquietudanza existencial, a patria, a liberdade e mesmo a morte se entrecruzan compondo textos de sublime autenticidade. A mestura de creación e crítica literaria singulariza a nosa autora. A fundación da revista *Nordés*, que leva inspirado un feixe de publicacións dende a súa aparición en 1975, tráenos a outra faceta de Luz Pozo, que aínda seguiu despois con *Clave Orión*. Alén de crear, procuraba espazos singulares para os creadores novos e de sempre. O labor colectivo que alenta o labor creativo. A institucionalización á que non foi allea. Máis unha vez a súa estirpe republicana en acción. Non abonda facer para un se non se fai para os demais.

Na súa produción literaria mesturou castelán e galego ata a chegada da democracia, coa que puido, por fin, tomar decisións literarias sobre a súa escrita e outras privadas sobre a súa vida, amparada nas liberdades públicas recuperadas que ela sempre acariñara e labrara como puidera ata entón.

MEMORIA DUN NEOFALANTE EN FERROL

Quero falarvos de lingua, da memoria e de Ferrol, da memoria da miña lingua. Vou falar de min como neofalante, da lingua, que é o que nos trae hoxe aquí, e da miña historia, e desculpade a inmodestia, pero non tanto (ou só) como egohistoria senón como historia de nós. Dos nenos e nenas da EXB.

Neofalantes, obxectores de conciencia, da xeración dos CAF e da democracia aprendida no 1º de BUP (1975-1976). Tamén quero tentar representar esas novas masculinidades declaradas e construídas contra o dominio patriarcal que as nosas compañeiras de militancia amical, cívica, política e doméstica nos foron aprendendo dende que eramos adolescentes.

Falo de lingua e de política pero non de glotopolítica (niso mellor seguir a José del Valle). Falarei de novelas pero non de literatura (Álex Alonso, Dolores Vilavedra, Olivia Rodríguez guíanme ben aí) nin de estudos culturais (nos que Xermán Labrador me aprendeu), tampouco de biografías (o meu amigo Miguel Anxo Seixas domina ese oficio mellor ca min) nin de sociolingüística (no que atendo o que nos di Henrique Monteagudo), descartes que aproveito para citar e recoñecer débedas con varios colegas e amigos.

Foi a memoria, e o seu valor, a que me levou a elixir este discurso. En primeiro lugar, a memoria como medio para facer historia, nunca para substituíla. En segundo lugar, a memoria da miña lingua e a memoria da miña xeración. Por iso quixen


estar hoxe en Ferrol. Pero non só por memoria, remorsos ou señardades, tamén porque é máis necesario facer este acto aquí que en Santiago (onde vivo, traballo, criei os meus fillos e me sinto a gusto) ou na Devesa de Ribadeo (onde nacín e de onde son nativo por xeracións de labregos e labregas que traballaron a terra, e dalgún mariñeiro ocasional). Estamos aquí polo futuro, non polo pasado. Estamos aquí porque Ferrol necesita, coma a nosa lingua, de futuro.

Por min e por todos os meus compañeiros —como dicíamos cando xogabamos ás escondidiñas en Santa Icí de Trasancos— teño necesidade de explicar como cheguei aquí, onde vivín, de onde veño e sobre todo como aprendín galego, porque son un NEOFALANTE. Un caso típico desa xeración de fillos de galegofalantes que viñeron do agro á cidade na segunda metade do século pasado, nunha viaxe na que estaban destinados a perderen o galego. Pero non o perderon. Nun tempo no que estaba previsto que non lles transmitisen aos seus fillos e fillas a lingua da aldea que deixaran polo barrio, a fala da casa que deixaran polo piso, de alugueiro, mentres traballaban e aforraban (mesmo emigraban) para mercar un de seu.

A lingua propia, a nai, a da casa, transmitiuse, transmitíronllela —uns máis ca outros— e cómpre explicalo dende a memoria. Hoxe chamáremoslle a iso cunha das palabras de moda: resiliencia, que vén sendo a capacidade para superar traumas a base dunha mestura de resistencia e capacidade de adaptación a circunstancias adversas, vontade para saír adiante incólumes pero diferentes. Pura historia, e pura historia do campesiñado europeo.

Na mesma dirección, teño interese en explicar como fomos autodidactas e intentar entender sen autoenganos por que imos de recúas no uso da lingua case dende o gran logro de 1983 (Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística) malia que houbo unha meseta que durou ata 2009, con algúns picos xabarínicos, grazas ao ilusionante *Xabarín Club* da TVG.

Entre os 3 e os 18 anos, vivindo en Santa Icí de Narón primeiro e en Faxardo de Ferrol despois, eu sempre escoitei a meus pais na casa e a toda a miña familia de Vilagüiz, da Rochela, de Meirengos ou Vilandriz, de Vilaframil, de Rinlo, de San Cosme e mesmo da vila, falar galego, tanto foi así que se me facía incómodo cando alguén galegofalante se dirixía a min en castelán. Como se me facía estraño escoitar a maioría dos pais e nais dos meus amigos falarlles castelán mentres a maioría falaban galego entre eles. Eu aprendera a falar nas Canarias —onde vivín dos dous aos tres anos— e alí non tiveran meus pais que esforzarse para que aprendese o castelán.



Non, xaora. Lembro preguntarlles por esta confusión de linguas, sobre como eles a conduciran e sempre me dicían que me falaran galego despois de ter certeza de que eu xa sabía falar o castelán. A lingua boa era un seguro de futuro, a outra, a da casa, era unha identidade.

O problema apareceu cando me pediron que falase galego nas casas das miñas avoas, onde pasaba os longos meses do verán e a onde íamos en todas as vacacións posibles. “Imos á casa”, decretaban meus pais cando tocaba marchar a Cas Chendo, en Vilagüiz, ou a Cas Loís, en Vilaframil, confundíndome irremediabilmente. Lembro ben que me facían chanzas coa miña incapacidade de falar galego: “Si, sei falalo!” Respondía eu, provocando as risas de meu pai, porque desa frase non lograba pasar. Pero pasei. A min reinábame pero non daba feito.

Con catorce anos fun aprender inglés a Irlanda. Foi alí, na illa do trevo, onde en realidade aprendín galego. E isto merece contarse, sempre lle chamei ‘o clic’ — mesmo antes de ler o cómic do gran Milo Manara así titulado—, para convencer moitos amigos do doado que era botarse a falar galego. Máis que aprendelo, descubrí que o galego era a miña lingua. A que xa falaba sen saber. Daquela aínda non escoitara falar da diglosia. Un bo día chegou meu pai contando que a Compañía Telefónica na que traballaba de celador-condutor promovera unhas bolsas para fillos de empregados para aprender inglés en Dublín vivindo con familias irlandesas. Tras moitas deliberacións familiares e grazas ao empuxe de miña nai, alá fun en xullo e agosto de 1975. Escollemos o ano. Con razón meus pais tiñan dúbidas, España e o mundo andaban daquela moi revoltos.

En Dublín, o empeño de meu pai cumprírase por fin grazas, como sempre no século anterior, á distancia que me identificou como galego entre os castelánfalantes. Aconteceu nun punto do itinerario do Ulises en Dublín. Foi no St. Stephen’s Green onde descubrí que o que nós falabamos —o meu compañeiro Pedro Calderón e mais eu— era un galego ferrolán traducido ao castelán, no que os tempos compostos eran ignorados e a semántica do barrio era tan poderosa coma a sintaxe da aldea. O noso castelán só se entendía ben por escrito e nas clases de *Lenguaje*, tal era o título dos libros de Santillana que usabamos na EXB para as clases de lingua castelá, que pouco antes se chamaban de gramática e agora de lingua española.

O castelán aquel desaparecía na fala dos xogos, das bromas e nas nosas vivencias adolescentes; a xerga *castrapeira* que falabamos como *chavales* ferroláns era incomprendible para os nosos colegas cataláns, madrileños, toledanos ou palentinos.


A ausencia de tempos compostos confundíaos e, ás veces, incomodábaos. Tampouco non levaban ben que falásemos sempre en indefinido e, menos aínda, os nosos *oístes*? cando queríamos chamar a súa atención. Pero o peor era a semántica, ficaban perplexos cando nos escoitaban dicir *como laia* despois de levar un golpe ou cando nos queixabamos de que algo picaba coma un *tojo* ou cando pedíamos un *pocillo*. Pero o máis extremo foi cando a alguén lle saíu un *tirizó*, ou aqueloutra vez cando no St. Stephen's Green censuramos nunha discusión un compañeiro moi testán porque *turraba*.

En Dublín fíxenme neofalante tamén coa axuda dun rapaz vasco, do PNV, co que falaba moito no barrio de Mount Merrion onde vivíamos e que me “abriu a vista”; e coa do noso profesor de inglés *pre-advanced* no Marian College, un nacionalista irlandés que clamaba contra a perda do gaélico nas súas clases de inglés e co que liamos historias sobre a guerra civil irlandesa. A sensación de que as gaitas que tocaban no Dublin Horse Show eran coma as nosas contribuíu igualmente a aumentar a nosa autoestima. Como dicía un veciño de meu pai en Vilaframil que marchara traballar fóra: “Paquiño, non hai como saír de España para saber o que é mundo”, e iso que o noso paisano só chegara a Avilés. Dende Baile Átha Cliath, o nome gaélico de Dublín, Galicia víase moito máis importante e o galego moito máis noso. Ben deitei de Irlanda para falar galego!

Meu pai cumpriu o seu empeño e tan satisfeito debeu quedar con aquela recuperación miña que, en abril de 1976, polo día do libro, fíxome un agasallo inesperado e moi prezado o *Diccionario* de X. L. Franco Grande. A sorpresa foi maior porque daquela só lle vira na man o *Código de circulación* e o *Manual do Celador da CTNE*.

Eran anos de mudanza aqueles para min e para todos. As dúbidas para viaxar a Irlanda en 1975 tiñan que ver con que Franco estaba a morrer, o Sáhara estaba revolto, eu só tiña catorce anos acabados de facer e o IRA Provisorio estaba moi activo, aínda que en 1975 establecera un alto o fogo. Volvería a Irlanda no verán seguinte, agora á zona de Clondalkin, ás aforas da cidade, no condado de Dublín, a outro colexio tamén marista, o Moyle Park. Nese ano, o IRA retomaríaa a súa campaña de bombas; lembro desaloxos en Grafton Street. Tamén na Oxford Street londiniense un ano máis tarde, cando en xullo do 1977 fun facer un curso máis breve xa sen bolsa ningunha e pagado peso a peso por meus pais.

Sigamos con algo máis de egohistoria pero da fonda, sen amabilidade. A memoria toda.



A memoria con historia seguramente levaríanos á conclusión de que o pacto de silencio empeza por nós. Cando volvín de Dublín, dous amigos do barrio, Miguel Moreira e Casimiro, sentados no peitoril da estreita ponte da estrada sobre a vía do FEVE —xusto onde os nosos pais non nos deixaban estar— puxéronme ao día do máis importante acontecido na miña ausencia. O que me impactou foi que en Galicia “tamén se estaba montando unha ETA”, segundo me dixeran con tanta ansia coma secretismo. Diante da miña incredulidade referíronme que un mes antes, na rúa da Terra, mataran un home e que aquilo fora coma un calafrío nesta terra de Trasancos, que xa coñecera mortos, feridos, perseguidos, torturados e encarcerados tres anos atrás, en marzo do 72. En Ferrol mataran a Xosé Ramón Reboiras Noia, un rapaz que medrou en Teis, nativo de Imo, Dodro, con quen teño unha débeda pendente, coa súa familia e con el, como historiador, como ferrolán e como galego.

Lembro a ponte de Santa Icía. Cecilia daquela. E constato que só na toponimia triunfamos como galegos (case, o castrapo segue mandando no nomenclátor de Google sen que ningunha autoridade normalizadora o amañe). Reboiras, que empezou o seu activismo —coma tantos— “normalizando” sinais de tráfico, foi convertido nun mito deformado que debería deixar de selo para pasar á historia como o militante galego nacionalista e antifranquista asasinado pola policía da ditadura que foi.

Sérveme a súa memoria para falar da forza da cultura. Se non o asasinase a Policía Armada franquista, aos 25 anos de idade, aquela noite do 12 de agosto, seguramente sería conselleiro, pero, contra o mito, non sería de Interior, nin sequera de Traballo, pese a ser o primeiro organizador do sindicalismo operario nacionalista; seguramente sería de Cultura ou de Industria. Foi a cultura o que o fixo a Pepe Reboiras ser o que foi, tanto coma a conciencia de clase, coma ao seu compañeiro Pepiño de Teis e aos demais rapaces daquel barrio que se reunían primeiro no local dos xesuítas e despois xa no centro da cidade, na Biblioteca Penzol —grazas a un rexistrador de Castropol, casado, por certo, coa filla de don Valentín Moro, outro inesquecible veterinario de Ribadeo—. Alí aprendían cos galeguistas vigueses (si, cos de Galaxia) con Fernández del Riego —aquel mozo de Vilanova de Lourenzá que foi o primeiro estudante (e único polo de agora) en falar nunha inauguración de curso da universidade compostelá, en galego, por suposto—, despois pasaron a reunirse na Asociación Cultural de Vigo por onde andaban poetas da UPG como Ferrín e enxeñeiros de Galicia Socialista como Camilo Nogueira, que foi o seu presidente. A capacidade organizativa e a disciplina militante de Reboiras eran das que daban seguridade, cadran niso todos os testemuños de quen o coñeceron. Por iso mesmo


foi el é non outro o asasinado. O activismo político galego antifranquista estendíase e entendíase no plano cultural, mentres se esperaba a morte do ditador. Traballando na fronte cultural foi como Reboiras se converteu nun recoñecido dirixente. Era un bo “banderín de enganche” cando por todas as partes os mozos e as mozas do seu tempo e algo maiores montaban asociacións culturais como a Auriense, O Galo, a Francisco Lanza ou O Facho. Pero as urxencias do tempo e da idade eran as que eran e ben deitamos deles e das súas urxencias para chegarmos a esta democracia. Todo dende a cultura como primeira forza de cambio, esa cultura europea do século XX que fora asasinada en Ferrol, coma en Auschwitz trinta anos antes. E non se asusten pola analoxía.

Non se asusten porque nin a fe nin a verdade nos farán libres, pero o coñecemento si. E este discurso vai das partes amargas que se queren esquecer do pasado para contarnos só os relatos doces.

Cando Franco finou na cama, eu formaba parte da Organización Juvenil Española (OJE), “banderín de enganche” dos profesores de ximnasia que, ben sabedes, daquela eran todos sen case excepción do Movimiento, ou sexa, falanxistas. O conto é que eu quería tocar a gaita e ir de campamento, devecía por saír da casa —xa moito antes de ir a Irlanda— e polos uniformes que eran, como para moitos outros mozos, unha debilidade infantil naquel Ferrol Departamental no que aínda botabamos a faltar os uniformes do corpo de aviación. Axiña mudou todo aquel mundo. Fun testemuña de como o fixo entre o verán de 1974, cando fun ao campamento da OJE de Gandarío, e o Nadal de 1975, cando volví a un breve curso de monitores, ou algo semellante.

Testemuña infantil con lembranzas confusas que intento rescatar, en vez de anular, como adoitamos facer todos con aquel tránsito. Aínda conservo unha foto vestido de *flecha* e as obras completas de José Antonio. Lembro asistir en Xuvia a unha misa cando a morte de Franco e que nos levaron a pórllle unhas flores á estatua do *Ladrón das patacas* en San Mateo de Trasmancos. Coñecín o final do Movimiento case por dentro e visto dende agora nin entendía nada daquela nin entendo hoxe nada, pero dá para moito repensar.

Lembro aquel nadal do 75 en Gandarío e de como todo cheiraba a cambio alí dentro, mesmo máis que fóra. Había tres meses que fusilaran cinco rapaces en Hoyo de Manzanares, dous deles galegos e un, Humberto Baena, mesmo fora estudante da Facultade de Filosofía e Letras en Compostela. As arriadas de bandeiras (eran



tres) naquela breve acampada estiveron cheas de sorpresas políticas. Para empezar, mudaran os berros de rigor; onde antes se dicía “Viva España!, Arriba España!, Viva Franco!”, agora desaparecera Franco e aparecía El-Rei, que moi pouco —ou nada— pegaba naquel ambiente. O “Arriba España!” aparecía e desaparecía dependendo do día.

O máis asombroso veu o serán que lle tocou dar os berros de ordenanza a un mando coruñés que xa coñeciamos doutros anos, un tipo moi afable, que meteu polo medio de España e o Rei un “Viva Galicia!” que só algúns respondemos con gusto para interrogalo decontado. Galicia chamábase a *escuadra* que formáramos varios amigos da escola Jorge Juan no local do faiado do concello de Narón, presidido polo eterno alcalde Marcial Calvo.

Visto dende hoxe podería dicir que aquel mando da OJE, xefe de centuria debía ser, adiantounos a Transición. Lembro que foi respondendo as nosas preguntas con moita seguridade e amabilidade, asegurounos que axiña ía cambiar moito todo agora que Franco morrera, que habería partidos, incluídos seguramente algúns rexionalistas... Visto dende o presente, confírmame que o Movimiento —como cerna do partido único— era o espazo máis sólido —e atrevido— de elaboración política do franquismo. De por que e como falaremos máis adiante.

Non era eu o único que estaba daquela na OJE, o que si, era dos máis novos. Lembro que a meu pai non lle fixera moito aquel, advertíame que non crese moito do que me contasen. Tamén insistía, coma todos os da súa xeración, nunha coñecida frase defensiva, “na mili, voluntario nin para comer”: para el aquilo debía ser como unha mili infantil. Falando con outros compañeiros de entón sobre por que non entraran na mesma trampa, varios contáronme que na casa non lles deixaron nin falalo: “ái nin tolo”, “con eses por riba do meu cadáver”, “nin se che ocorra, como moito nos *Boy Scouts*” eran as respostas que recibían. A memoria mandaba moito en Ferrol.

A vida ía moi rápido con catorce anos, e a sociedade tamén. Co cambio de ano pasei a toda mecha, a todo *filispín*, da escuadra Galicia de 1975 ao refundado Ateneo Ferrolán de 1976 como socio xuvenil.

En 1976 xa todo foi diferente. Seguía mercando e lendo con ansia cada fascículo da *Gran Enciclopedia Gallega* como facía dende que saíra en 1974 o seu primeiro número, pero, de paso que o mercaba en Florita (o quiosco-librería do barrio) ía substituíndo o *TBO*, *El Capitán Trueno* e *Hazañas Bélicas* por *Tiempo de Historia*, *Historia y Vida*, *Triunfo* e *Cambio16*. En maio, o noso profesor de historia,


Guillermo Llorca, anunciounos na aula a saída de *El País* como un acontecemento, e creo lembrar que nos levou o primeiro número á aula. Antes diso lembro a matanza de Vitoria, os mortos de Montejurra, o asalto dos comandos de extrema dereita ás manifestacións pola amnistía... Non me decatara de nada, pero sabía todo canto pasaba. Cando agardabamos no hotel Claridge de Madrid para voar cara a Irlanda por segunda vez, soubemos que nomearan presidente un tal Adolfo Suárez. Entre os catro adultos e os dous rapaces que alí estábamos creo lembrar que só eu sabía que aquel señor era o Ministro secretario xeral do Movimiento no caído goberno de Arias Navarro.

Un ano máis tarde, no mes de xullo de 1977, mentres aproveitaba outro curso de inglés, celebrei nun centro comercial de Londres a constitución do primeiro Parlamento español en corenta e un anos. Estaba a percorrelo con varios amigos cando deron a noticia, non lembro se nunhas pantallas ou no son de ambiente. Con algúns daqueles amigos, un deles Xaquín Lado Abeal, de aquí da Gándara, fillo do cobrador de Fenosa que moitos coñecerán, fomos mercar tea aos almacéns Selfridges para facer unha bandeira galega. E con ela paseamos polo centro de Londres o 25 de xullo celebrando o día da Patria. Cousas de rapaces de dezaseis anos... e ata hoxe. Non quero cansarvos moito coas nosas aventuras da mocidade. Imos co asunto principal.

Daquela xa falabamos galego. Non sempre. Había espazos adolescentes vedados á lingua por costume e outros nos que a lingua non entraba aínda que nós entrásemos con ela. Penso que o último lugar onde me decidín a usar o galego foi no bar Nueva York, na esquina oposta do cine Capitol. Pasar de pedir *un bock y unas patatas* a pedir *un bock e unhas patacas* lémbroo como un triunfo. Foi coma pasar a Marola, foi pasar a mar toda.

Lembro que empezamos a usar o galego nas aulas en 1º de BUP (curso 1975-1976). Unha presada de nós, coa compracencia de profesores que logo serían amigos como Guillermo Llorca, Xosé Manuel Pose Mesura, Edelmiro Gil ou Luís Aneiros. En 2º (1976-1977) xa celebramos o Día das Letras Galegas dedicado a Antón Villar Ponte, cousa do profesorado. Nós iamos onde nos levaban. Ao ano seguinte, en 3º, en maio de 1978 dedicábonselle a un tal Antonio López Ferreiro, un historiador e crego do que nunca escoitamos falar. Tamén cumprimos con el.

Falar galego sempre, decote, era máis difícil que algún uso ritual e, aínda así, xa o rito custaba un mundo. Visto dende hoxe foi doado naquelas aulas, era coma a aventura dunha nova vida, a que, de feito, polas nosas idades, estábamos a inaugurar



sen saber moi ben. Falar galego era doado nas aulas coas compañeiras e compañeiros, Encarna Balseiro, Ermitas Fraga, Víctor Baltar, Manoli, Toñín, Rosa... coas que celebramos no cine Urimare o Día das Letras Galegas. Lembras, Viqui Salgado, ti e mais eu detrás dunha mesa coa bandeira galega, explicando dende o escenario quen fora López Ferreiro? Aquela mocidade profesoral encargábase de todo e permitíanos moito. Tamén axudaba a dirección do centro, que deixaba facer. Por exemplo, organizarmos unha feira do libro galego cadrando coas Letras Galegas de 1977, na que o máis vendido foi a *Control de natalidade. Métodos contraceptivos* de Cipriano L. Jiménez Casas, a mellor forma de engaiolar coa lingua os adolescentes.

Aquela dirección da escola Jorge Juan agochaba unha memoria que mesmo hoxe aínda descoñezo. Tamén nos deixaron facer un xornal escolar en galego na mesma multicopista do centro na que se facían os exames. Só algúns, poucos e tan brillantes coma anarquizantes, preferían escribir en castelán. Pero a idea e a cabeceira eran nosas: *A Nosa Voz*, chamámoslle con menos orixinalidade que tesón.

No curso preuniversitario 1978-1979, no Instituto Concepción Arenal, xa todo era máis doado e aínda tiña tempo de aprender a bailar con Terra Meiga en Esteiro e de montar un club de voleibol que chamamos Vagalume ou aceptar o convite de Manolo de Manta —bo amigo da casa— para asistir ao meu primeiro Día da Patria Galega.

2ª parte.

Historia, memoria e desmemoria do pasado incómodo

Vou falar do pasado como historia, pero non falo de calquera pasado ou do pasado en xeral, senón do que funda politicamente o presente, diso que demos en chamar Transición política, Transición democrática, pero que deberíamos chamar propiamente Transición da ditadura á democracia. A precisión non é fata, porque a capacidade da ditadura para desaparecer da escena foi —e segue a ser— tan potente coma a capacidade dos homes e dos poderes da ditadura para convertela no acto e no goberno dunha única persoa, chamada Francisco Franco Baamonde. O Movimiento Nacional logrou identificar tan directamente o seu tempo con Franco e mais con iso que chamamos franquismo que conseguiron convencernos de que morto o can, aquel *rabioso e vello can de palleiro* desdentado, acabara a rabia.

O que quero demostrarlles neste discurso, a propósito desa polémica entre académicos de hai 45 anos na que despois hei de me centrar, é que morto o can non acabou a rabia. Porque os réximes políticos, incluso os máis autoritarios, distan moito de ser unha soa persoa. Mesmo resulta asombroso ter que demostrar algo tan obvio se non fose pola capacidade de prestidixitación histórica exhibida dende daquela a hoxe polo sistema de poder da ditadura española que existiu e gobernou de 1939 a 1975.

Para manter unha ditadura de corenta anos, fundada nun golpe de Estado —apoiado por dúas ditaduras fascistas dos anos trinta—, que asasinou milleiros de persoas e perseguíu millóns e que precisou dunha guerra internacional de tres anos para vencer e instaurar unha ditadura totalitaria, propia do tempo anterior a 1945, fixo falta unha manda de lobos máis que un can. Non moi numerosa, pero lobos ao

cabo. Despois de 1950 a ditadura adaptouse, a súa fasquía foi diferente, estudámolo e sabémolo, pero os lobos seguiron aí. Verémolo.

O asunto que vou referir e analizar adquire unha carga de proba do que quero demostrar que se basea non só na polémica en si, senón máis aínda no paradoxo de non ter pasado á historia nin á memoria compartida. A capacidade para manexar o relato do pasado forma parte dos instrumentos dos prestidixitadores políticos e, neste caso, ten por protagonista o máis importante narrador do réxime franquista a través da súa principal estrutura política ideolóxica e de goberno, o Movimiento, o partido único, e mesmo da súa cerna: a Falanxe Española Tradicionalista y de las JONS. O partido que xa leva no seu longo nome unha declaración inicial de pluralidade limitada e perimétrica, que se expresaría de forma máis evidente despois de 1959, como ben explicou Juan José Linz.

O asunto que debullarei ten por motivo precisamente a interpretación do pasado, máis en concreto unha disputa sobre o pasado republicano, como forma de construír unha idea do presente e sobre todo un proxecto de futuro. Ten a singularidade de que foi unha disputa centrada na traxectoria das persoas; personalizada en sumo grao. Non se trata de persoas do común senón de homes das elites intelectuais —e por iso políticas— que son as que discuten —e as que poden discutir— en público para disputar e definir as narrativas políticas do pasado.

En 1977, saíndo dunha ditadura na que non hai cidadáns, senón *españoles súbditos*, e non hai sociedade, senón poboación, esas elites das elites eran as únicas que podían discutir, debater e deliberar —por mor dunha tolerada liberdade de prensa preconstitucional— pero o sentido desas disputas orientaba socialmente e definía, convencionalmente, os límites do posible e do desexable. Que diso trata a disputa, de definir os límites do relato do pasado que foi e da democracia que inevitablemente ía ser. A forma e o contido da controversia están directamente relacionados co grao de incomodidade dese pasado. Os seus protagonistas son dous e moi coñecidos académicos e senadores, un involuntario e á defensiva —e defendido— chamábase Valentín Paz-Andrade o outro ao ataque, coma un lobo, Camilo José Cela.

COMO O PASADO VEU A NÓS.

O ARQUIVO DE DARÍO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

A non ser que o interese polo pasado se contente con reunir unha colección ordenada de reliquias ou de datos, a historia, para facerse con xeito e darse a entender, ten que ter sustento documental e preguntas que responder.

Neste caso, o soporte documental primario que motivou a pescuda veu dado. Formaba parte dun fondo de Darío Álvarez Blázquez e respondía polo tanto á súa escolla, ao seu interese e á súa memoria. O pasado pode vir buscarnos, pero temos que saber pescudalo e sobre todo temos que ter instrumentos para gobernalo.

Os tempos anteriores a nós son unha selva ignota á que hai que levar compás e referencias doutros viaxeiros para poder guiarse. As xentes do pasado falan unha lingua estraña, diferente á nosa, e aínda que ás veces semelle que entendemos todas as palabras non sempre é doado captar o seu significado. Por iso, ao preguntarlles, poden confundirnos de dirección mesmo sen querer. Especialmente cando o seu pasado remite a un tempo aínda máis afastado, como é caso. Cando as batallas pola memoria entran na ecuación, multiplícanse as posibilidades de errar os cálculos que nos permitan atopar a dirección correcta na selva do pasado. Afinar os instrumentos do método histórico crítico tórnase nese caso a única opción para percorrer o pasado.

A polémica da que me vou ocupar tomou corpo en 1977, despois da proclamación dos deputados e senadores saídos das eleccións do 15 en xuño —as primeiras en corenta anos— e mais dos senadores designados polo rei Xoán Carlos I, no tempo que vai entre a primeira reunión de parlamentarios galegos o día 4 de xullo e a constitución formal da Asemblea de Parlamentarios de Galicia o día da Patria Galega dese mesmo ano. Aquela polémica, que se deu nun tempo febril mesturada con moitos outros sucesos impactantes, durmiu ata agora o sono do pasado. A descuberta deste asunto chegoume recentemente e de súpeto, pero non por acaso. Merece contarse para entenderse.

Todo comezou cando Gustavo Hervella entrou no meu gabinete da Facultade de Historia de Santiago, debeu ser en febreiro de 2021, cun fino cartafol con recortes de prensa e exclamou: “Aquí tes o teu Cela nunha polémica con Paz-Andrade”. O título da carpeta que contiña os recortes era “Polémica Cela / Paz-Andrade”. O cartafol procedía dunha achega que Carlota Álvarez Basso fixera ao noso grupo de investigación cunha serie de materiais de seu avó Darío Álvarez Blázquez.

Coñecín a Carlota traballando nunha actividade do Consello da Cultura Galega e axiña se interesou polos nosos proxectos sobre a memoria de 1936. Tempo despois, a través de Xermán Labrador conectou con Miguel Anxo Seixas para ofrecerlle xenerosamente documentación familiar sobre Castelao, que lle podía interesar para a súa tese. Unha referencia a outra documentación da súa familia sobre o pasado incómodo levou o Miguel Anxo, sempre tecendo lazos con todos e sobre todo, a suxerirille o contacto con Histagra e comigo, porque o grupo “está recompilando arquivos e dirixindo teses sobre eses temas” —diciálle nun correo electrónico o 18 de xaneiro de 2021— “aos que a documentación do teu avó lles pode vir ben”.

Así foi como con moito interese e máis xenerosidade nos chegou ao grupo de investigación Histagra este material, un peteiro de anacos do pasado recompilados por Darío Álvarez Blázquez que foron cedidos o 5 de marzo de 2021 cunha autorización asinada pola súa neta. O conxunto documental foi copiado en soporte electrónico antes de ser devolto e quedou nomeado para o traballo de investigación como Fondo Familia Álvarez Blázquez.

Entre aqueles papeis estaba ese cartafol. Nada casual, todo moi traballado e laborioso, tamén xeneroso. O poder da memoria, o valor da memoria das vítimas e a conciencia de liñaxe perseguida está detrás desta conservación e transmisión, propia asemade de sociedades cultas.

Ata onde puiden saber, todos os recortes da carpeta foron recompilados por Darío Álvarez Blázquez no seu momento e conservados xuntos como unha unidade temática e temporal, pero a organización dos recortes e as anotacións nos folios que envolvían cada un deles foron elaboradas hai pouco por arquivistas expertos no Consello da Cultura Galega.

Para aclarar o percorrido e a natureza daqueles retallos, volvinme comunicar por correo electrónico e telefonicamente con Carlota Álvarez Basso mentres lle daba a última versión a este discurso. Aproveitei para indagar na relación entre Cela e a familia Álvarez Blázquez á que cría terlle escoitado referirse a Carlota con ocasión da nosa primeira conversa sobre os papeis.

Confirmoume unha familiaridade que está recollida polo propio C. J. Cela nas súas memorias de infancia, publicadas en 1959 co título de *La Rosa*. As familias coñecíanse dos veráns de Tui, onde Cela visitaba unha tía súa amiga dos Álvarez Blázquez. A relación de amizade mantívose durante décadas e Cela faltaba poucas veces á celebración do día do Carme na casa de Darío e Carme en Coruxo. En

reciprocidade, Camilo José —o nome que usaban familiarmente para el— adoitaba convidalos un par de días á Toxa. Tampouco eran infrecuentes as visitas a Iria Flavia para xantar na casa do tío de Cela.

Esta relación de décadas rematou de súpeto a conta dunha información publicada en 1977 pola revista *Posible*, que recollía un documento de 30 de marzo de 1938 “exhumado” (sic) pola revista *Fuerza Nueva*.² Unha carta, datada na Coruña e dirixida ao Excelentísimo Comisario General de Investigación y Vigilancia, na que Cela se ofrece para ingresar no Cuerpo de Investigación y Vigilancia alegando a súa utilidade para o servizo de información por ter vivido en Madrid despois do 18 de xullo e antes de pasarse, en outubro de 1937, ao bando sublevado e coñecer a actuación de “determinados individuos”, para rematar cun ofrecemento xenérico de colaboración “entusiasta y disciplinada”.

A información de *Posible*, que inclúe a reprodución do documento orixinal, titúlase “Loca juventud” e subliña que “el senador digital don Camilo José Cela” (sic) é noticia, na interpretación do semanario catalán, por terse ofrecido como confidente policial aos vinte e un anos e isto impídelle presumir de liberal. Non deixa de ser revelador do carácter do momento que o texto da noticia use este caso para pedir que se enterre a “hacha de guerra” para non seguir condenados “a girar eternamente con la noria de nuestra dramática existencia”. Aqueles tempos de Transición estaban baixo o poderoso influxo da reconciliación e da síndrome de pasar sen ler as páxinas máis incómodas do pasado.

Outras noticias semellantes aparecerían despois do pasamento de Cela, relacionadas coa publicación, polo noso colega Père Ysas da UAB, de informes para o Ministerio de Información en 1963 ou a súa implicación na delación do grupo de intelectuais que apoiara os mineiros asturianos e as súas mulleres na folga do carbón de 1962. A represión fora tan intensa —detencións, malleiras, mulleres rapadas ao cero— que a moitos lembroulles daquela, non sen razón, os tempos do golpe de 1936.

Na casa dos Álvarez Blázquez a noticia de *Posible* causou tal drama que seica obrigou a unha reunión familiar para ver como proceder diante da información aparecida sobre aquel vello amigo da familia. Algúns dubidaban, outros negaban por imposible, pero todos preferiron saír de dúbidas antes de seguir considerando e

2 *Fuerza Nueva*, n.º 555, 17/IX/1977. Na portada da revista, nunha faixa no extremo superior, sobre unha foto de Cela a pregunta: “Camilo José Cela ¿Confidente de la policía?” O resto da portada era unha foto da Policía Armada desfilando mosquetón ao lombo e a frase “¡No estáis solos!”.

tratando aquel amigo como un amigo. Foi o propio Darío quen lle escribiu a Camilo José Cela unha carta para, despois de recoñecerlle que non podían dar creto a esa noticia, preguntarlle directamente pola veracidade daquela información aparecida na prensa. Cela nin contestou a carta nin se volveu comunicar con Darío Álvarez Blázquez.

CELA É O RELATO FALANXISTA DO PASADO INCÓMODO

Ben sabía Gustavo Hervella do meu interese historiográfico por Cela. O afamado e reputado autor víñaseme representando dende había tempo como un precoz construtor do discurso dos verdugos e un persistente re-construtor do discurso do réxime ao longo de catro décadas da ditadura. Un interese de vello que agromou ao relacionar as miñas xuvenís lecturas do autor, coas dalgúns —non declarados— epígonos seus da primeira década de século e as descubertas que nos fora proporcionando o proxecto de investigación *nomesevoces.net* dende 2006. Aquele interese aviveceuse nunha estadía en Nova York en 2013 e continuou a acrecentarse conforme indaguei con Antonio Míguez novas aproximacións ao pasado incómodo que dende 2016 se empezaron a concretar, en colaboración con Dolores Vilavedra, na proposta dun novo relato para o pasado incómodo.

Traballabamos no asunto dende que o congreso de 2010 *Memoria de guerra e cultura de paz*, que serviu de balanço a *Nomes e Voces*, nos levou a formular algunhas preguntas novas para comprender o pasado de golpe, matanzas, guerra e ditadura á vista dos resultados do proxecto. Algunhas respostas a aquelas preguntas levaron con Aurora Artiaga a propoñer en 2014 novas miradas daquel pasado noutro libro colectivo: *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*.

Nunha estadía de 2013 en Nova York, con Álex Alonso e outros colegas do CUNY, e mais en Princeton, con Xermán Labrador e Ángel Loureiro, e nas conversas con algúns outros académicos como Joan Ramon Resina, descubrín interpretacións da obra de Cela moi diferentes das que adoito se manexan en España. Interpretacións que atopaba coherentes coa traxectoria dun autor que foi dando nas súas obras respostas ás sucesivas necesidades narrativas do réxime, necesidades tan cambiantes coma os contextos históricos que a ditadura tivo que ir afrontando. As longas conversas con Álex Alonso e o seu erudito e enciclopédico coñecemento


da literatura española contemporánea ata os seus máis recónditos recunchos foron dunha utilidade impagable que debo recoñecer especialmente.

Máis adiante, en 2015, coas alumnas do doutoramento de Xermán Labrador en Princeton abríronseme versións da Transición e dimensións da ditadura que me axudaron a pensar doutro xeito algúns datos e a interesarme por algunhas narrativas ás que non lles prestara atención.

Cela foi aparecendo na miña interpretación xa non como o que exerceu de censor nin como o que se ofrece aos servizos de información do exército sublevado en 1938, nin como o colaborador do Ministerio de Información en tarefas de confidencia e delator dos intelectuais que apoiaban os mineiros asturianos nas folgas do 1962, incluído o presidente da Academia Española R. Menéndez Pidal. Nin tan sequera como o máis fiel colaborador de Juan Aparicio, o *factotum* da prensa da ditadura nos anos corenta e cincuenta, por encargo de quen escribiu unha parte importante das súas obras, empezando por *La familia de Pascual Duarte* e seguindo por *Del Miño al Bidasoa* antes de chegar ao *San Camilo 1936*. Conforme iam traballando sobre o golpe, as matanzas e o relato dos verdugos, Cela ía revelándose como o mellor construtor do relato do réxime e dos seus sucesivos marcos memoriais á medida das cambiantes necesidades políticas e sociais que a ditadura tivo que afrontar ao longo de catro décadas.

De súpeto apareceron aqueles recortes, xusto despois da publicación en 2020 de *1936. Un nuevo relato*, un libro coral de trece autores e produto dunha longa elaboración dende 2016. Aqueles retallos de xornais coidadosamente recompilados e gardados eran unha fiestra a un asunto descoñecido nun tempo moi coñecido, unha polémica que aconteceu á vista de todos sen que a maioría reparase no seu significado, pero que ao vela así por xunto, recollida e recompilada, adquiría unha dimensión inédita e reveladora. Cando menos para min.

A chave estaba precisamente na selección, recollida e arquivo durante décadas dese material e na man do arquivista que o xuntou, Darío Álvarez Blázquez. Seu é o mérito, pero máis aínda seu é o significado. El, coma outros poucos, coñecía ben o sentido da polémica, tiña o pasado e o presente necesario para entender o alcance. Iso é o que nos transmite, podemos supoñelo, deducilo. Pero é cousa nosa darlle significado á altura do presente, indagar na transcendencia daquel episodio á luz da distancia temporal que nos dá o presente. Tal é o que aquí se intenta a través de



materiais e fontes que permiten reconstruír aquel episodio, revelar o seu sentido e indagar algunhas das súas consecuencias.

A pasaxe revela, por exemplo, que Cela nunca deixou de ser o falanxista que fora durante catro décadas e así transitou a democracia ata finar aos 85 anos, en 2002, vinte e cinco anos despois de 1977. Tampouco era tan doado desfacerse de catro décadas de historia persoal e colectiva, hai que recoñecelo, como primeiro paso para entender e entendérmonos. Cela tampouco tiña incentivos para rachar con aquelas catro décadas; de feito, el mesmo representa un modelo de tránsito precoz e exitoso da ditadura á democracia sen abandonar ren da bagaxe acumulada como vencedor da guerra de España.

Proba do seu persoal éxito transicional é que mesmo logrou atopar o recoñecemento, o aprecio e aínda a admiración popular na Transición e na democracia. Un bo exemplo dese éxito atopámolo noutro episodio que acontecerá tres anos despois cando, no curso 1979/1980, sendo reitor Suárez Núñez, a Universidade de Santiago de Compostela lle concede a Cela o doutoramento *honoris causa*, xunto ao reputado profesor Joseph Maria Piel, lingüista experto na historia do galego-portugués, e ao insigne Álvaro Cunqueiro, que o acompañan na recepción da distinción, no acto celebrado no paraninfo compostelán o 20 de xaneiro de 1980. Alén das lembranzas de cadaquén —eu mesmo andaba ese día polos corredores da facultade como alumno de primeiro— ou da información que recolle a prensa da época, pódese visionar unha gravación do acto —con algúns fragmentos estragados— no arquivo da USC.

Naquela altura do curso 1979/1980, os estudantes composteláns viñan dunha intensa campaña de folgas e mobilizacións nos meses anteriores, para reivindicar aloxamentos a bo prezo e de calidade, máis prazas de residencias universitarias, incluída a reapertura do Burgo das Nacións e a conversión do Hospital Materno Infantil en residencia universitaria. A denominada *Loita dos pisos* encheu rúas con manifestacións e páxinas con informacións no outono de 1979. Algúns dos líderes e lideriños máis pintorescos daquela protesta aproveitaron o acto académico dos *honoris causa*, en xaneiro de 1980, para intentar resucitar as mobilizacións que esmoreceran despois das vacacións de Nadal, dando un xiro inesperado á reivindicación orixinal. Un grupo de estudantes —e algúns profesores— interromperon o acto, no momento en que lle tocou a Cunqueiro pronunciar o seu discurso de aceptación, ao berro de “falanxista”, ao tempo que ceibaban unhas pitas —ou galiñas, non lembro— no paraninfo.


Cunqueiro fora o segundo en falar. Antes falou Cela, que foi o primeiro en reco-ller a honra e pronunciar o discurso. Ninguén interrompeu o seu discurso (apenas algúns berros no exterior), ninguén entrou para deter o acto, ninguén o alcumou de falanxista coma a Cunqueiro e, moito menos, de nazi como fixeron decontado cando lle tocou intervir ao profesor Piel. Non figuraba Cela como falanxista no radar daqueles activistas estudantís e iso ten un certo significado, tendo en conta o recoñecido papel do escritor no réxime franquista.

As memorias no tempo da Transición tiñan moitos donos, pero non sempre os que deberan. Poucos anos antes, cando todo o antifranquismo organizado visitara as aulas compostelás para presentar o seu proxecto democrático, a quen non lle deixaran falar os estudantes antifranquistas non fora a Joaquín Ruiz-Giménez, exministro de Franco e dirixente democristián, senón ao tamén democristián José M.^a Gil Robles, exdirixente da CEDA e un dos culpables, na versión de Falanxe, de non pecharlle o paso á esquerda e de non aceptar un golpe de Estado cando en febreiro de 1936 as dereitas perderan as eleccións. Esta versión do relato seminal da ditadura fora precozmente novelada xa por Agustín de Foxá en 1938 e reproducida despois polas seguintes xeracións ata empatar confusamente co antifranquismo desmemoriado.

Nos mundos orwellianos, a memoria sempre é a do poder e tal reflicten estes dous casos, entre moitos outros. Parecen dar a entender que, por entón, sempre era mellor un falanxista auténtico e de primeira hora, reconvertido en antifranquista, ou un ministro franquista de verdade, como Ruiz-Giménez, pasado á oposición, que un colaborador de circunstancias e sen convicción do réxime como Cunqueiro ou que un líder da dereita católica e accidentalista, antirrevolucionario, pero contemporizador co parlamentarismo e as súas regras, como Gil Robles.

O réxime de memoria da Transición non era o actual, non podía selo. Naquelas condicións do franquismo final e dos primeiros pasos da democracia, por que ía desfacerse Camilo José Cela da súa bagaxe de relación co poder da ditadura, cun status fundamentado na súa privilexiada presenza nos xornais do Movimiento. E, sobre todo, por que ía desfigurar as súas formas arqueofalanxistas? Pola contra, usou con tino e actualizou as tres calidades: relación co poder, presenza nos xornais e provocadoras formas arqueofalanxistas?

Resulta moi revelador este episodio de 1977, que saca a fera do seu tobo e desvenda as gadoupas que tiña axustadas en luvas de coiro, pois veludo nunca usou. Cela viña facendo uso dos seus dotes para a violencia verbal, os que Blanco Amor atribuíu



ao seu falanxismo, para disfrazarse de provocador; recorreu a esas habilidades para impactar á clase media ben pensante do “desarrollismo”, cada vez máis distante dos seus ambientes intelectuais falanxistas da revista *Escorial*, e para provocar os novos católicos —principalmente do Opus Dei— con crecente poder no réxime franquista nos anos sesenta, cos que os falanxistas case sempre estiveran enfrontados. E triunfou. Cela triunfou de cheo naqueles anos sesenta. Sabía escribir, seica, si. Pero non son eu crítico literario nin interesado nas virtudes formais dos seus xogos sintácticos ou das súas destrucións normativas experimentais a ton cos tempos de ruptura sesentaeoitistas. Non van ter que desculpar os críticos e os expertos o meu atrevemento porque non vou ousar facer ningunha valoración da calidade literaria de Cela. Nin é o meu trelo nin vén a conto aquí.

Acáelle moi ben ao Cela da Transición, ao Cela deste episodio, unha frase de Unamuno sobre como o presente é o empeño continuado do pasado por converterse en porvir. Pronunciouna nunha das súas conferencias republicanas de 1924 e xa antes no discurso de apertura do curso 1900/1901 da Universidade de Salamanca. A frase completábase cunha sentenza rotunda: “...y lo que al mañana no tienda, en el olvido del ayer debe quedarse.”

Non hai mellor maneira de definir o que Cela e outros estaban a facer na Transición. Poucos conseguiron coma el converter en porvir moito do que debiera quedar para sempre no pasado da ditadura.

CONTROL DO RELATO SOBRE O PASADO

E *SFUMATO* FALANXISTA DESPOIS DE 1975

Traer a polémica aquí sérveme tamén para evidenciar dous aspectos que, despois de anos indagando sobre a historia do pasado incómodo, as vítimas, a memoria e os verdugos, parécenme dúas das máis prodixiosas armas do fascismo que nos tocou, o falanxismo. Unha, que os seus intelectuais eran por definición e ante todo políticos, porque no pensamento totalitario non era doado atopar a diferenza entre unha e outra cousa. A ausencia de pluralidade afogaba as diferenzas e confundía os lindes. A outra, a habelencia para desaparecer de escena, para facer escapismo e, ao mesmo tempo, ser quen de seguir estando presente e actuante despois de morrer “o rabioso e vello can de palleiro”.

Lográrono con éxito porque aproveitaron todas as opcións que tiveron —nomeadamente a monarquía—, déronlle a volta á idea de reconciliación e apropiáronse


dela para manipulala ao seu gusto, pero ademais souberon manexar todos os resortes do poder no período de Transición, sabémolo —sabédelo, porque o vistes, sufrístelo e denunciástelo entre 1976 e 1979, ano ata o que se atrasaron as primeiras eleccións municipais. Mais só hoxe podemos historialo alén das memorias, podemos interpretalo e pescudar os seus significados.

Facer ver que a ditadura acababa co ditador foi un grande éxito político. Lograr desaparecer eles mesmos seguindo presentes é moito máis difícil de explicar, pero o episodio que aquí traio penso que contribúe a facelo entender. Porque aquela batalla que deu o franquismo para deixar de ser franquismo sen pedir perdón nin mudar de pel, mais si de camisa, foi sen cuartel e tivo moitos escenarios, pero o do relato do pasado, o da narrativa política foi especialmente importante. Sempre ao servizo dos seus intereses de supervivencia política como grupo. En todo caso, fose a súa importancia a que for, é o que traemos aquí. Xa xulgarán vostedes. Este é un escenario privilexiado onde se dirime o que a xente pode ou non pensar do pasado, sobre que se pode ou non dicir sobre o pasado.

Nada novo isto que digo. A importancia desta guerra cultural —que lle chaman hoxe— está explicada por moitos, por exemplo, por citar un dos preferidos, por Max Aub que escribe en 1968 cando retornado do exilio mexicano visita por primeira vez España: “la gente se acostumbró a no tener ideas acerca del pasado”.

Outra cousa é que o entenderamos. Non entenderon aquela polémica as novas xeracións, que a viviron sen reparar nela. Para os que non tiñan memoria da República pasou desapercibida e por iso quedou esquecida. Non podía ser doutro xeito. Os verdugos dominaban o relato porque se mantiñan no poder en 1975. Por iso, o seu combate sen cuartel sobre o pasado, sobre que se podía e non se podía falar ou tratar sobre o pasado. Tiñan moito que agochar, como demostrou Antonio Míguez na súa xenealoxía xenocida do franquismo e como demostran algunhas prácticas, algúns hábitos, que furtan o coñecemento aberto e completo do pasado, facendo da democracia española unha excepción non no presente senón no pasado. Ben sabían en 1975, e de sobra é sabido, que quen controla o pasado controla o presente. Mellor ca ninguén sabíao Camilo José Cela. Como veremos.

A dureza agreste da polémica ten que ver co manexo do medo, para entendernos ten que ver con George Orwell e o seu tempo. O tempo do *grande irmán*. Cústanos traballo explicalo, aínda que vivísemos a Transición, porque non vivimos os medos das matanzas que se prolongaron dende 1936 ata mediados dos anos cincuenta;



tamén custa traballo imaxinalo porque a ditadura mudou moito, tanto coma os tempos en que se desenvolveu, nos que prohibiu e permitiu, e volveu prohibir, e foi pródiga en tendencias internas, aperturas e reformismos que nunca chegaban. Aquele ditadura de matriz totalitaria mesmo foi quen de transmitir un relato de liberalización!!! Estúdao o noso alumnado nos manuais e mesmo o memoriza para a selectividade. Por iso, máis alá da memoria que se esvae, das vivencias que xa non se poden revivir, temos que conformarnos coa explicación histórica que, en todo caso, está destinada a durar máis e ser máis verosímil e contrastada, por manexar diferentes fontes e perspectivas e por someterse á necesaria discusión académica e pública. Pero tamén a ser sometida á revisión crítica e a ser mudada coas olladas de cada xeración. Unha lexitimidade que, nin querendo, a historia pode negarlles ás xeracións futuras.

O medo acumulado, convenientemente usado, era aínda unha arma poderosa capaz de agochar o elefante no cuarto. Chamábase Arias Navarro, “carnicerito de Málaga” ou J. M. de Areilza, mediador na fusión de Falange e JONS en 1934, enlace de Mola na conspiración de 1936 e alcalde da ocupación de Bilbao en 1937.

A eles permitiúselles a reconciliación, pero eles non permitiron disputar o relato do pasado. Velaí a confusión dos vivos que o viviron e non o entenderon porque non viviran o pasado que o explicaba e que cando tiveron que relatalo fixérono coas mellores armas mediáticas e con magníficas armas historiográficas, como o admirado e apreciado Santos Juliá. Pero a memoria persoal, familiar, política impedíalles a distancia para saír da confusión transicional convertida en mérito.

Cando digo medo acumulado, refírome, despois de 1975, ao postrauma, no que o medo das vítimas e a culpa dos verdugos están mesturadas e mesmo confundida no pasado incómodo de golpe, guerra e ditadura.


Na Transición falouse moito da guerra civil, a memoria estivo máis viva que nunca nos corenta anos anteriores. O pasado agochado volveu ao espazo cívico convertido en historia pública. Volveron os exiliados, saíron as teipas, abríronse fosas comúns, volveron cantarse os vellos himnos de liberdade e compuxéronse outros novos, publicáronse as fotos e os libros prohibidos, fixéronse homenaxes, revivíronse todas as historias das vítimas asasinadas, pero ese non era o problema. A información non era o problema. O que non se sabía daquela era que facer con toda esa enxurrada de memoria, de información, de verdades. Tampouco nada se podía facer. Ese era o trato. Ese foi o resultado do empate na correlación de forzas.

Futuro democrático garantido sen tocar o pasado. Nin tan mal, visto en 1977. Facer o que se pode facer é distinto de facer o que se quere facer. Tamén para o Movemento, facer o que se pode facer en 1975 é diferente do que quixeron facer en 1936. Tempos diferentes, medios diferentes. Desculpen a miña comprensión polo proceso, produto da análise histórica do proceso máis que da miña fraca memoria do vivido daquela como adolescente.

O asunto é moi simple en termos transicionais. Non se lles pediu render contas, asumíuse que pasaran á democracia travestidos. Iso acrecentou conxunturalmente a forza moral da oposición antifrancquista, pero non a súa forza política. Porque o relato do pasado dominárono e pelexárono os franquistas no poder. Vémolo no episodio de Cela, pero tamén no xuízo militar contra a obra *La Torna*, de Els Joglars en 1977; na persecución do documental *Rocío*, que obrigou a exiliarse ao seu director Fernando Ruiz Vergara en 1984; ou no procesamento de Pilar Miró por *El crimen de Cuenca* en 1980, e o de Suso Vaamonde no mesmo ano por cantar libremente, que no caso do galego acabou en pena de cadea. E poderíamos seguir. Logo pasou o tempo e, sobre todo, veu o golpe de 1981 onde todo o pasado volveu ser realidade e aí xa rematou todo xogo aberto sobre o pasado, a súa interpretación e calquera opción de reparación debida, e limitouse toda a potencia da democracia por dominar o pasado traumático. A vitoria socialista en 1982 foi un alivio e mesmo unha revancha democrática para moitos e tamén un paso de páxina, aparentemente definitivo, respecto do pasado traumático.

Fíxose o que se fixo, o que se puido, pasou o que pasou, pero sabemos que non houbo memoria, verdade, xustiza, reconciliación e reparación, por referir os criterios dunha Transición xusta que dan nome ao Comisionado da ONU que en 2014 se ocupou destes asuntos para o caso español e outros similares. Só fragmentariamente algúns deses criterios, algunhas desas condicións se materializaron. De todas, a máis esquivada sempre foi a verdade. Foi a máis pelexada polos verdugos na batalla do relato. Por poderosas razóns.

A controversia de Cela contra Paz-Andrade é unha disputa pola memoria nun momento no que a memoria emerxía como consecuencia directa de dous procesos paralelos que se deron con forza nos anos setenta: o do recoñecemento da vítima —que foi universal— e o da recuperación da democracia, que afectou ao sur de Europa: Grecia, Portugal, España. Ese contexto enmarca o interese do lobo por seguir atacando a súa presa con argumentos renovados, e tamén a súa capacidade de



adaptación para construír unha nova memoria axeitada aos novos marcos políticos (democráticos) e narrativos (de emerxencia da vítima), na que o verdugo que fora protagonista e mesmo heroe quede esvaecido, agochado, desaparecido. Para preservar e prolongar a súa inmunidade, o verdugo necesita seguir gobernando o relato e se é necesario seguir atacando a súa vítima, faino impunemente. Ese foi o modo no que os verdugos manexaron o relato do pasado incómodo —incómodo para adaptando a narrativa do Alzamiento de 1936 ao tempo despois de Auschwitz, pero sobre todo, no caso español, ao tempo despois de Nürnberg.

No mundo despois de Auschwitz a preeminencia da vítima levou á preeminencia da testemuña e polo tanto da memoria. Tal foi o *shock* cando por fin o mundo reparou no que nos campos de exterminio algúns homes e mulleres fixeran contra outros homes e mulleres. Non fora a primeira vez, pero si a primeira vez que foi masivo e organizado de forma científica e foi a primeira vez para aquel mundo burgués civilizado, educado na ciencia, confiado no progreso e na conquista da felicidade e do futuro. O impacto emocional foi tan forte que non chegou ata dúas décadas despois da liberación dos campos, e foi tan intenso que aínda hoxe vivimos baixo aquel paradigma cultural, por máis que aquí, entre nós, sexa case apenas chegado, porque entre a ditadura e a Transición levounos demasiado tempo resituarnos na continuidade europea dos anos 1930 de democracia e fascismo. O Estado español ficou suspendido no pasado despois de 1945 e perdemos os trinta anos democráticos que se construíron en Europa despois do mundo ter naufragado na barbarie de Auschwitz.

Esa preeminencia crecente da memoria da vítima non foi doada de dixerir pola miña profesión. Pero ao cabo aquel xiro domina e alimenta as formas de facer historia por moito que non sexa quen de substituílas. Hai moita historia dentro da memoria e moita memoria dentro da historia. Ambas son diferentes, pero os historiadores non nos sentimos ameazados —como se sentiron nalgún tempo— pola memoria.

Chegados a este punto, para poder continuar este discurso, necesitamos da visión alemá. Interesa para poder entender, para poder situarnos dende aquí o tempo posterior a 1945. Despois daquela data o mundo instalouse no tempo postraumático no que, como argumenta Aleida Assmann (2016, pp. 3, 5), o pasado incómodo, traumático, converte o pasado colectivo e a historia común nun pasado non de triunfo —nin de glorias nacionais— senón de trauma colectivo. Pero triunfo e trauma non son estancos, poden estar enfrontados ou conectados. Do mesmo xeito, a lembranza

negativa —individual ou colectiva— do pasado traumático ten dous lados: a culpa e o sufrimento, que poden estar enfrontados ou conectados tamén. Pero, a culpa é dos verdugos e o sufrimento das vítimas. Expresouno mellor ca ninguén Liliana Cavani nun filme inquietante (*Il portiere di notte*, 1974). En Italia tamén saben do que falan.

Para o historiador Reinhart Koselleck, Auschwitz representa un *turning point* histórico no problema da memoria nacional, léase alemá, europea ou mundial. Nós, tamén estamos en Europa e no mundo.

Outra alemá, Hannah Arendt, escribiu en 1954: “O pasado non leva cara a atrás senón que impulsa cara a diante e, contra o que podería agardarse, o futuro é o que nos conduce cara ao pasado” (2018, p. 16).

3ª parte.

A polémica Cela *versus* Paz-Andade de xullo de 1977

ANTES DA POLÉMICA

A cerna da que me ocupo neste caso é unha retesía política da que non gardamos memoria. Non por antiga, aconteceu en 1977, nin por non documentada, foi pública e reproducida nun feixe de xornais ao longo de dúas semanas. Aconteceu á vista de todos e todas os que podían ler un xornal ou escoitar unha emisora de radio; aínda que non atopei trazo ningún na TV da época. Pese a esa publicidade, por máis que preguntei a uns e outros, empezando polos máis sabios do meu arredor, que daquela estaban en plena actividade política, informativa ou académica, ninguén tiña lembranza do asunto. Despois de Ramón Villares e Víctor F. Freixanes seguíño interrogando a todo canto colega e amigo puidera coñecela coetaneamente, sen éxito. Falei con moitos, mozos xornalistas da época, galeguistas, dirixentes políticos, militantes, intelectuais, nin sequera Carlos Amable Baliñas, a quen entrevistei na procura de información, como único candidato da CDG ao Senado (no seu caso pola Coruña) que segue entre nós. Ninguén lembraba, agás dúas persoas: Perfecto Conde e Anxo Vidal, o primeiro, activo xornalista para un medio de Madrid e outro de Barcelona, o segundo, vigués, avogado laboralista vinculado ao sindicalismo nacionalista, foi o único que lembrou mesmo o título do artigo de Cela contra Valentín. Suso de Toro, froito da súa intensa pescuda sobre a biografía de Ramón Baltar, menciona en

Facebook (2021) unha mediación de Baltar entre Cela e Valentín, a pedimento de Antonio Rosón.³ Un detalle de gran significado político.

A disputa en cuestión, que tamén podemos denominar simplemente polémica, foi protagonizada por Camilo José Cela e Valentín Paz-Andrade, pero aínda non toca presentala, só contextualizala na memoria, non na actual senón na pasada.

Só os que eran vellos en 1977 entenderon daquela que estaba a discutirse, só eles tiñan a memoria política necesaria. Para os máis novos, se repararon naquela agarrada dialéctica, foi unha cousa de momento, e foise co tempo. Non quedou pegada na súa memoria e esa circunstancia fai o asunto máis interesante para o historiador, porque converte o esquecemento daquela polémica nun episodio ben revelador da fondura do noso esquecemento colectivo, alén dese repetido mantra do pacto do esquecemento da Transición, que así expresado sempre leva a pensar como se se xuntasen catro axentes a borrarnos a memoria, nunha conspiración de silencio propia dunha serie B ou dunha serie de baixo orzamento que lle coasen a Netflix. Pois non. O esquecemento non é o problema, esquecemos decote e precisamos esquecer, individual e colectivamente; o asunto é a incomodidade que repousa no pasado, o porqué, e a capacidade duns para manexar esa incomodidade fronte a outros. Esa é a cerna do asunto.

Como se verá, neste episodio hai moitos actores diferentes, con diferentes graos de protagonismo e en diferentes momentos, que van dos anos trinta ao presente pasando polos anos setenta. Onte coma hoxe, o pasado incómodo é para quen o traballe. A obriga dos historiadores é traballar ese pasado incómodo, para desvendalo e para intentar explicalo.

O carácter revelador daquela polémica debe medirse en tres diferentes momentos e, polo mesmo, en tres tempos da memoria. O empeño dos polemistas en resolver no presente de 1977 a lexitimidade do pasado de 1936 define o primeiro tempo de memoria. O segundo situaríase no desinterese dos mozos de 1977 por aquela polémica, que non entendían e que pouco lles dicía. O terceiro localizaríase no persistente esquecemento daquela polémica neste tempo do século XXI tan proclive a iso que deron en chamar a recuperación da memoria histórica.

3 Tamén Fernando Ramos lembrou moi ben aquela polémica cando a Academia lle dedicou o Día das Letras a Valentín, no ano 2012 (<https://www.atlantico.net/opinion/fernando-ramos/noso-valentin/20120517020000224409.html>), como tamén lembrará de certo Xosé Gaciño, daquela activo xornalista de *El Ideal Gallego* e que cubriu moitas destas informacións.

Todo este episodio é un bo escenario para indagar sobre como e quen (e por que e para que) manexou a nosa memoria do pasado incómodo de golpe, matanzas e ditadura; e tamén para indagar sobre quen foron os protagonistas da desmemoria a cabalo da propia ignorancia ou polo desprezo político cara aos que eran depositarios da memoria democrática, republicana e galeguista en 1977. Entre outras cousas.

A POLÉMICA

A polémica, a disputa ou, por mellor dicir, o ataque público na prensa dun falanxista da ditadura a un galeguista demócrata liberal republicano aconteceu inmediatamente despois das primeiras eleccións democráticas do 15 de xuño de 1977. Aquele episodio convocou reveladoras respostas solidarias por un lado e levou a interesantes complicidades polo outro, co elocuente soporte de destacados xornais á posición de Camilo José Cela e o silencio doutros nos que a polémica nin tivo moito eco nin deixou gran pegada.


Foi en xullo de 1977 e ilustra ben a fragilidade da memoria actual, moito máis alá do mal chamado pacto do esquecemento que nos deixa satisfeitos pensando que alguén decidiu todo por nós. O asunto é moito máis complicado.

A polémica á que me veño referindo foi provocada por Camilo José Cela, senador do trínque por designación de El-Rei, a propósito dunhas declaracións telefónicas á prensa de Valentín Paz-Andrade, flamante senador por elección popular directa.

A cota de senadores de designación real da primeira lexislatura fora un privilexio disposto para a organización das primeiras eleccións de 15 de xuño de 1977 polo segundo goberno da monarquía, así denominado nun sentido descritivo, que con máis precisión histórica debe denominarse derradeiro goberno do franquismo, en sentido histórico e político, en canto non lexitimado por ningunha elección libre e democrática.

Aquela cota senatorial marcaba un punto de tutela e de preeminencia que contentaba algúns sectores e, ademais, vinculaba a nova cámara coa identidade dos famosos 40 de Ayete de Franco, aínda que estes senadores reais só fosen 34. Unha marca decimonónica e antidemocrática de soberanía compartida das Cortes co Rei. Unha regalía tan inquietante para uns coma tranquilizadora para outros.

Pola súa parte, don Valentín Paz-Andrade fora elixido facendo parte da Candidatura Democrática Galega ao Senado (CDG) pola circunscrición pontevedresa.



Aquelas listaxes da CDG, que presentaba tres senadores por cada provincia galega, foran promovidas por varios partidos de oposición antifranquista (PSOE, PCG, MCG, PSG, PPG...); reunían persoeiros independentes con predominio do galeguismo e a herdanza republicana e tiveron diferente fortuna e traxectoria política. Valentín Paz-Andrade por Pontevedra, Manuel Iglesias Corral pola Coruña e, por Ourense, Celso Montero Rodríguez foron os únicos elixidos.

Entrevistado telefonicamente por un xornalista nas vésperas da xuntanza da Asemblea de Parlamentarios de Galicia electos, tres frases dunha brevísima conversa de Paz-Andrade desataron a treboada. O xornalista solicitaba a opinión de don Valentín en relación coa reclamación dun Estatuto de Autonomía nesa reunión de parlamentarios galegos marcada para o luns 4 de xullo —que mesmo carecía de orde do día definida— e sobre a súa lexitimidade, e dela derivouse un comentario seu sobre os senadores reais. Reunindo referencias publicadas neses días —pois non demos coas declaracións exactas— na terceira frase, don Valentín, viña dicir que algúns contactados pola Casa Real para ser designados senadores, preferiran someterse á elección popular democrática.

Tres frases ás que Cela respondeu despregando sen cuartel toda a súa habilidade para o insulto, toda a súa influencia nos medios de comunicación que tiña de man e toda a súa habelencia literaria, tan apreciada daquela coma esquecida arestora. O ataque de Cela foi de tal calibre que logrou calar a Paz-Andrade. Silencio ao que un vello resistente coma don Valentín tivera que recorrer ao longo de catro décadas. Con todo, e a cambio, abrollou un significativo coro de voces na súa defensa. Unha defensa en diferentes graos que mesmo permitiría medir no subtexto —e no contexto, co apoio nas biografías dos que interveñen— a capacidade de intimidación que Cela era quen de exercer nuns casos e o nivel de repugnancia que provocaba noutros. Os resistentes do interior estaban afeitos a calar. A prudencia extrema era a versión nas elites daquel “non te signifiques, meu fillo” que a maioría de pais e nais recomendaban aos seus descendentes. Aquí hai que precisar que os encargados de pór etiquetas, apuntar e significar seguían ao axexo, como ben demostra este caso. Pero en 1977 xa había quen retornado do exilio estaba moito máis afeito a retrucar en liberdade.

O máis significativo do trelo é que nas palabras de don Valentín non houbo ningunha referencia persoal nin a Cela nin a ningún outro. Só unha valoración política e ideolóxica de calado, en clave republicana e democrática. O ataque de Cela foi

unha acción política substantiva que habería que situar, para entendela, na lóxica da violencia escuadrista, aquela dos anos trinta que a través do golpe institucionalizou e practicou na ditadura. Tan violentamente falanxista e, polo tanto, tan directamente política foi aquela reacción, ao xeito dos virulentos modos do fascismo de entre-guerras, que case ninguén dos novos a entendeu. Só os vellos republicanos foron quen. Aí reside un dos éxitos de Cela e un dos éxitos da cultura política falanxista na Transición, disfrazarse con xeito. No caso de Cela, convertendo a súa combativa bagaxe en provocación moderna e desenfado dialéctico que tanto gustaron ás novas xeracións. Ver aquel sesentón calvo, de traxe e garabata comportándose coma un provocador artista pop en programas televisivos de máxima audiencia viña sendo un remedo hispano da coetánea modernidade europea ou americana. Unha aparencia. Cela non era Andy Warhol.


O episodio que reporto serve para evidenciar como a cultura política falanxista, xerada e alimentada ao longo de catro décadas, non podía desaparecer nun abrir e pechar de ollos. Sería un milagre histórico e os milagres non existen. Por iso, os historiadores, que amamos máis o presente que as reliquias do pasado —por usar a expresión de Marc Bloch— necesitamos explicalo. E esta é unha boa ocasión, coas fontes máis reveladoras ao noso dispor.

Disfrazarse dende o poder para pasar á democracia sen perder a súa orixe ideolóxica, a súa praxe política e sen ceder no seu dominio cultural, estaba ao alcance de moitos. Facelo convincentemente, só dos mellores. Cela foi niso un dos mellores.

OS TEXTOS DA POLÉMICA

Presento primeiro os artigos e noticias que, recollidos como recortes e gardados nunha carpeta por Darío Álvarez Blázquez, dan conta da cerna da polémica.

O ataque de Cela que desata toda a tormenta aparece en *El Correo Gallego* o mércores 6 de xullo de 1977, na súa terceira páxina, no corpo dunha entrevista asinada por José Rey Alvite. A polémica pública como tal arrinca uns días despois, coa réplica de Blanco Amor en *El Ideal Gallego* nunha entrevista de Caetano Díaz Vidal publicada o domingo 10 de xullo a propósito dunha visita do escritor ourensán á Coruña. “La reacción de Cela contra Paz-Andrade, indocumentada e imprudente”, titulaba a tres columnas e subtitulaba a entrevista: “Fue manifestada con el lenguaje chuleta y arqueofalangista que le es propio”.



O mesmo domingo 10 de xullo de 1977, en todos os xornais de Madrid, Barcelona e Palma nos que publicaba Cela decote, e de modo extraordinario tamén nas páxinas de *El Correo Gallego*, aparece o seu artigo “Los sueños vanos, los ángeles curiosos. El PEZ PAZ”, un ataque inmisericorde, personalizado e, como todo nesta polémica, profundamente político.

O luns 11 de xullo, a *Hoja del Lunes* de Vigo faise eco da entrevista de Blanco Amor e nunha breve nova de catro parágrafos titula: “La reacción de Cela contra Paz Andrade, indocumentada e imprudente”.

El Correo Gallego, o xoves 14, recollendo as declaracións que fixo Cela ao xornal *El Alcázar*, titula: “Cela: no me importa en absoluto lo que diga Blanco Amor. Y añade: yo soy gallego de los de ahora, de los de antes y de los de siempre”.

“Don Valentín y don Camilo”, titúlase o artigo que lle dedica ao asunto Luis Ota-
duy Guerreiro en *El Ideal Gallego* o 19 de xullo. O texto deste avogado antifrancista ferrolán e colaborador habitual da prensa valora cunha enorme carga crítica e política a obra de Cela.

Ao longo desa semana foran aparecendo na prensa galega varios artigos e cartas ao director en apoio de Paz-Andrade. A primeira carta ao director aparece en *El Ideal Gallego* o día 12, nas páxinas de Santiago, asinada simplemente por Eloy, co título “A don Camilo, desde Galicia”. No *Faro de Vigo* do 15 de xullo, nas páxinas de Galicia publícase a “Carta abierta a Valentín Paz-Andrade”, de Isaac Díaz Pardo, asinada en Sargadelos o 10 de xullo.

Estas oito intervencións, que nos dan noticia completa desta polémica, chegan a nós dende o pasado nunha carpeta de retallos de Darío Álvarez Blázquez, como xa dixen. A maiores, varios artigos e noticias de prensa refírense tanxencialmente ao asunto, os máis interesantes dúas colaboracións de Victoria Armesto e unha de Enrique Vidal Abascal. Tamén algunhas cartas ás que farei referencia.

ATAQUES, ARGUMENTOS E RETRUCOS

O primeiro ataque de Cela a Paz-Andrade en *El Correo Gallego* do 6 de xullo, na entrevista que lle fai José Rey Alvite, vén sendo unha declaración de principios, a cinco columnas, para entendidos dun pasado vivido e disputado: “Paz-Andrade pertence a la prehistoria política de Galicia”. O subtítulo a tres columnas refírese ao documento presentado por Valentín á Asemblea de Parlamentarios de Galicia para indicar que “parece un texto redactado por una especie de Alcalá Zamora para pobres”. Todo precedido dunha entrada que o xornal titula: “Camilo José Cela, desfacedor de entuertos” e pechado cun cuarto subtítulo tamén referido a Paz-Andrade: “Pongo en cuarentena su actitud de restar y no de sumar respecto a Galicia”. As referencias ao pasado republicano como prehistoria quedan enlazadas coas referencias ao presente de unidade necesaria á que se negaría don Valentín, en opinión de Cela.

O ataque persoal buscando desacreditar a Paz-Andrade ten un sentido tan politicamente franquista que reúne dous dos trazos característicos do tempo e do modo da ditadura: discutir a lexitimidade da persoa sen discutir as ideas, que só son desacreditadas e ridiculizadas. Acrecentado aínda o estilo do tempo da ditadura porque quen o acomete é un novelista canonicamente *apolítico* do franquismo —sen cargo político directo ningún—; un recoñecido literato e non un dos moitos xerarcas e cargos do Movimiento convertidos en parlamentarios por elección popular libre que xunta aquela asemblea. Franquismo que aparentemente podería identificarse máis claramente nunha Alianza Popular —que se reclamou da súa herdanza na campaña electoral— que non nunha UCD construída dende o último goberno do Movimiento. Un partido este que remarca no seu nome a unión, o centrismo e a democracia, no que os principais referentes públicos, xunto cos autoproclamados *aperturistas* dos anos sesenta pertencentes a diferentes sectores do réxime como Pío Cabanillas Gallas (daquela con Manuel Fraga Iribarne) ou José Luís Meilán Gil (daquela con Laureano López Rodó), son os novos Luís González Seara, un académico socialdemócrata de corenta anos, ou Víctor Moro, un empresario de cincuenta anos comprometido co galeguismo e a Xunta Democrática, un home de Valentín e de Pescanova.

A presentación do redactor de *El Correo Gallego* xa é unha declaración en si mesma: por unha banda Camilo José Cela, heroe de cómic que, como Quixote, é un idealista “desfacedor de entuertos”, cunha carga épica de paladín máis buscada que lograda polo redactor, pola outra un tal Valentín que fixo un documento. Un

ninguén. Hai que ler a letra pequena para identificar o vilán, menos idealista que coñecido e potentado empresario de Pescanova.

A entrevista ten unha longa entrada de oito parágrafos que define os campos de batalla antes de que Cela responda a primeira pregunta. Comeza o redactor identificando os tres senadores reais designados en Galicia, Domingo García-Sabell, Fermín Zelada de Andrés⁴ e Camilo José Cela como bos amigos seus e mais entre eles. Tres traxectorias diferentes antes de 1936, e despois, que se queren unificar ata unha amizade difícil de imaxinar entre un ferrolán fundador da Falanxe en Santiago, funcionario do goberno golpista de Burgos e eterno presidente do Banco Exterior de España, e un compostelán, membro da FUE e o PG, protector de Ramón Piñeiro e médico fundador da Clínica da Rosaleda. Cela, pola súa banda, demostra nas seguintes liñas a súa habilidade para facerse atar, como amigo forzado, a quen el escolle, enmudecelo e falar por el, coa inestimable axuda do redactor que lle fai a entrevista antes da reunión, no Hostal, dos parlamentarios galegos elixidos por sufragio, mais os dous de “regia designación, Cela y García Sabell”. Ata cinco veces ao longo dos seis parágrafos une ambos os dous nomes nunha cadea que acaba sendo de ferro. Pero que o aludido tampouco nunca desfai.

Anuncia o redactor de *El Correo Gallego* que desta volta “falamos de política fundamentalmente”, deixando en segundo plano o literario, definido como quefacer profesional de “Camilo”. Antes de arrincar coas preguntas, informa da entrevista que lle fixo para *Panorama de Galicia* “la locutora M. Teresa Navaza y filmó el joven cámara Ramiro Villaverde”, que lle preguntou sobre “aquello que [...] piensa tomar como razón de cuantas intervenciones haya de tener en el senado”. El respondeulle falando da incerteza que envolve aínda a súa actividade senatorial (sic). Cela atraía as cámaras.

O xornalista mestura a Cela con García-Sabell “en el mismo caso” para falar do que el mesmo converte na “noticia de las consideraciones que otro gran gallego como es don Valentín Paz Andrade, hizo en los periódicos a raíz de la real designación por la que aquellos accedían al Senado”, como desculpa para comezar —e de feito centrar— a entrevista. En realidade, como indica decontado o propio xornalista,


4 Primeiro formou parte da Unión Regional de Derechas (URD), despois foi fundador de Falanxe en Santiago con Víctor Muñoz (Grandío 1998); funcionario en Burgos, presidente vinte anos do Banco Exterior de España e, polo medio, membro do consello privado de don Juan de Borbón, que faría parte do grupo de senadores independentes, os máis conservadores entre os de designación real. https://gl.wikipedia.org/wiki/Fermín_Zelada_de_Andrés

non hai tales declaracións nos xornais senón que, a propósito do nomeamento polo rei dos señores Cela e García-Sabell, “ha venido a decir algo así como que otros gallegos no aceptaron”. Vestindo a resposta de Cela, a pregunta arrinca —por fin— cunha frase antolóxica do redactor, “Aquí en este nuevo mundo del político resulta que nadie tiene pelos en la lengua”.

Preguntado pola importancia que lle dá ás declaracións de Paz-Andrade, Cela arremete: “Ninguna, porque no la tiene. Valentín Paz Andrade pertenece a la prehistoria política de Galicia y sus opiniones no guardan parentesco mas que con el folklore”. Advertido polo redactor de que a afirmación parece “demasiado fuerte”, sitúa decontado a responsabilidade en don Valentín: “Yo no he provocado esa fuerza”.

Á vez que quere restar importancia e transmitir desprezo cara ao fundador de Pescanova, desmentíndose a si mesmo, Cela anuncia unha ofensiva periodística que demostra o extraordinario valor político das palabras de Valentín. E, polo mesmo, a importancia —política— de combatelas. “Puedo darte la noticia —continúa a resposta de Cela— de que el viernes de la presente semana publicaré en la prensa de Madrid y el sábado en periódicos de Santiago, Barcelona y Palma de Mallorca, un artículo sobre esta cuestión. En él como es lógico pongo en cuarentena la validez de su actitud de restar y no de sumar respecto a Galicia”. E remata con outro retrinco de desprezo: “Como comprenderás, tampoco lo tomo en serio”. Algo que a entrevista e o seu anunciado artigo desmenten.

O artigo que se adianta foi o segundo paso da ofensiva contra Paz-Andrade. Un ataque (contra-ataque, en verdade) directamente político e por razóns políticas, disfrazado de diatriba persoal con arquivoltas de intelectual, naquel tempo en que o político, como di o redactor, abre un novo mundo. Novo sobre todo para os que viñan do vello mundo da ditadura. E isto fica revelado nas verbas de Cela na entrevista, no artigo anunciado, na polémica aberta ao longo das seguintes semanas e nos seus participantes e argumentos. Nas argumentacións públicas, que circularon na prensa, e nas privadas, que atoparon acubillo en cartas, é onde se desvendan as estratexias futuras sobre o significado político da Autonomía en relación coa democracia. Falan de futuro, pero sempre a partir do pasado, porque os asuntos que están a ventilarse nesta diatriba teñen que ver coa lexitimidade e a memoria da República e do antifranquismo no novo tempo democrático que inauguraron as eleccións de xuño de 1977.



A entrevista inclúe unha descrición da reunión de parlamentarios galegos que vén de celebrarse esa mesma mañá (luns 4 de xullo, a entrevista debeu facerse de tarde e publicouse o mércores día 6): importante, exposición de puntos de vista “sin la menor fricción”, respecto de todos, responde Cela, á vez que remite ao comunicado conxunto final.

Cando na seguinte pregunta se lle pide a súa opinión sobre o documento presentado por Valentín Paz-Andrade na reunión de parlamentarios, Cela desprega a súa asentada posición política de novelista aparentemente apolítico. Empeza, coma sempre, coa descualificación de quen se sabe posuidor da aura de escritor recoñecido no manexo da prosa para afirmar que a proposta de Valentín “no es más que una vaga y amena literatura divulgativa y decimonónica. Parece un texto redactado por una especie de don Niceto Alcalá Zamora para pobres”. Precisamente a frase escollida por *El Correo Gallego* para subtitular a entrevista a tres columnas. O título, a cinco columnas, vincula a Paz-Andrade coa prehistoria política de Galicia. Non ten desperdicio o xuízo e menos aínda a comparación. Situalo no século XIX é levar o pensamento de Valentín ao deostado século liberal de partidos que, na vulgata falanxista e na escola do franquismo, se sinalaba como orixe dos males da patria e causa da decadencia do imperio que fixera grande a España. Comparar a don Valentín co primeiro presidente da República vén sendo unir o seu nome á traizón, a debilidade e o fracaso no mesmo imaxinario.

A segunda parte da entrevista prosegue coas habituais *boutades* de Cela, que desta volta non son titular, acompañadas deseguido con eloxiosas referencias a El-Rei Xoán Carlos I e a Antonio Hernández Gil, flamante presidente das Cortes e, segundo di, profesor seu de dereito civil. Remata Rey Alvite confesando que “en esta ocasión C. J. C. no soltó ningún taco”.

A contestación de Blanco Amor prodúcese o domingo, tamén no formato de entrevista, neste caso feita por Caetano Díaz Vidal e publicada en *El Ideal Gallego* a propósito dunha visita á Coruña do escritor ourensán. O título é sobrio: “La reacción de Cela contra Paz Andrade, indocumentada e imprudente”.

Prudente era o titular; a continuación, no subtítulo, engade: “Fue manifestada con el lenguaje chuleta y arqueofalangista que le es propio”, frase que era tan significativa da opinión política que Blanco Amor tiña de Cela como reveladora da súa posición na polémica que inicia e na que toma un partido decidido e inequívoco.

Como home do exilio, Blanco Amor é menos partidario dos silencios que da opinión política aberta.


“Con decir carallo en TV no se es gallego” seguen os títulos das declaracións do ourensán convertidas en subtítulo. A entrevista ía de cultura, pero Blanco Amor axiña entra na política, na loita histórica de Galicia pola autonomía e vai directamente ao asunto Cela, a propósito da tarefa que ten por diante o grupo de parlamentarios galegos elixidos uns días antes. El mesmo fora candidato a senador na CDG por Ourense pero non saíra elixido. Electos foran Iglesias Corral e Paz-Andrade pola Coruña e Pontevedra respectivamente que, en expresión de Blanco Amor, representaban nese grupo de parlamentarios galegos “a liña de continuidade por riba de dúas xeracións frustradas”.⁵ A súa presenza ten ese sentido, proclama. E argumenta sobre deles:

No son dos santones esclerotizados sino dos hombres que vivieron lo que ahora Galicia quiere continuar [...] la reacción de Camilo José Cela [...] es una salida de pie de banco. El señor Cela para intervenir en estas cosas tiene que conocerlas y no las conoce.

Despois de criticar directamente a Cela continúa valorando o colectivo dos parlamentarios, o resto, elixidos polo pobo [a diferenza dos senadores reais] “y eliminada la pesadilla de un posible triunfo de Alianza Popular” danlle confianza para que logren botar a andar “esa fascinante obsesión de una Galicia para los gallegos y de ellos para la gran comunidad española y para la atención del ancho mundo”.

A súa idea de entronque entre a lexitimidade democrática republicana e a resultante das primeiras eleccións está poderosamente argumentada na entrevista. Esa continuidade, defendida tamén por outras forzas políticas enxergadas na lexitimidade republicana como o PNV, foi moi ben explicada recentemente por Ramón Villares (2021b) para o asunto autonómico e, como amosa Blanco Amor, tiña especial interese para os exiliados coma el. Sabemos que era compartida con paixón por outros exiliados como Luís Seoane ou Lois Tobío. Coa perspectiva do presente, podemos dicir que ese entroncamento tivo éxito e foi de feito a única lexitimidade republicana que tivo expresión constitucional na actual constitución. En Galicia, como manifesta este episodio, materializar aquela lexitimidade, institucionalizala e

5 Na mesma candidatura Celso Montero por Ourense, vinculado ao PSOE que, ao ano seguinte, se integraría no grupo socialista do Senado, do mesmo xeito que Iglesias Corral o faría no de UCD, quedando só Valentín Paz-Andrade como senador coas siglas da CDG polas que fora elixido.



personalizala foi menos doado que en Euskadi e Cataluña. Os diferentes resultados daquelas primeiras eleccións foron determinantes. Pero, naqueles primeiros meses, antes da creación das Preautonomías e da Constitución, aínda podían discutirse lexitimidades sen votos. E non abundaban os votos para demostrar lexitimidade, para sentirse lexítimos e lexitimados no novo e importante tribunal da opinión pública. O ataque de Cela amosa ben a debilidade do que ten o chan inseguro na discusión da lexitimidade.

O tránsito da política de notables á de masas votantes é un episodio en si mesmo no tránsito da ditadura do Movimiento á democracia pluripartidista constitucional. Precisamente, a dificultade para construír partidos ou agrupacións capaces de ter resultados electorais importantes —ou cando menos á altura das súas expectativas— fora unha das constatacións das eleccións de xuño e un dos dramas aos que nos meses seguintes teñen que enfrontarse aqueles galeguistas que procuraban o Estatuto, con apoios inesperados —e algúns envelenados— e sen os apoios e solidariedades que serían esperables. Na entrevista, Blanco Amor deixa ver unha madurez democrática que era pouco común naquela sociedade saída dunha ditadura de catro décadas. “Si la izquierda gallega se agrupase para producir unas pocas ideas claras y factibles, el pueblo las habría «entendido» (entre aspas no orixinal).” E suma Blanco Amor:

Pasar del largo tramo en que la política se nos daba a saber y obedecer a otra época en la que el que asume las ideas se convierte en protagonista de las mismas, exigiría más modestia y más confianza en la intuición de las gentes.


Dende o seu sentido crítico e democrático permítese discrepar publicamente dalgunhas ideas e declaracións do seu amigo e valedor Paz-Andrade, pois para Blanco Amor non foi o medo —como aquel argumentara— o que determinou o resultado electoral en Galicia, materializado no dominio absoluto da UCD e mancado por unha abstención do 40 %; para a súa idea o medo, que foi o grande argumento dos fraguistas, quedou moi por debaixo da indocumentación. Segundo Blanco Amor, antes de politizar habería que alfabetizar politicamente.

No seu afán de fuxir dos bizantinismos dialécticos, que, segundo o escritor ourensán, fixeron moito dano ás candidaturas da esquerda galega nas eleccións, desbarata a pregunta do xornalista que lle urxía a definir a súa posición sobre se a Autonomía debería darse en forma de autogoberno ou en forma de Estatuto do 36. Facendo gala dun sentido da lexitimidade democrática como principio reitor, un sentido que

andaba un pouco escaso entre tanto franquista reconvertido e tanto antifranquista revolucionario, explica que reivindicar aquel Estatuto busca restablecer “unha legalidade acordada por unha votación libre do pobo galego”. Recuperada a legalidade democrática fundada na soberanía popular galega, o resto sería cuestión de adaptalo ás necesidades de hoxe, afirma. Deixa clara a posición política de moitos galeguistas exiliados e do interior que desexaban entroncar a Transición que se está vivindo coa lexitimidade democrática anulada pola forza en 1936. Aqueles resistentes do exilio e do interior aínda non eran comunmente designados como galeguistas históricos, iso viría algo máis tarde, como parte do mesmo proceso de tránsito, como un xeito de situalos fóra do presente á vez que se lles zugaba todo o seu valor político e lexitimidade democrática. Á vez que se lles encunchaba nun tobo cultural afastado da política.

A cuestión da lexitimidade non era un elemento menor da polémica que referimos. Como tampouco que aqueles galeguistas fosen denominados *históricos*, unha forma de situalos fóra do presente, fóra da política actual, á marxe dos debates daquela xeración, un xeito tamén de apropiarse política e simbolicamente deles abaixándoos como actores políticos superados polo tempo histórico. Á vez que se lles recoñecía o seu legado antifranquista e galeguista roubábasellelo. Sen afondar no asunto, podemos dicir que na esquerda e na dereita, no franquismo e no antifranquismo, no autonomismo e no autodeterminismo, algúns partidos aproveitaron aquel alcume de “históricos” para deixar aquela xeración de galeguistas fóra do taboleiro político en Galicia, a diferenza do que aconteceu en Euskadi e Cataluña, e outros usárono para apropiar —máis ben expropriar— o seu legado, cousa que tampouco aconteceu nas outras nacións —como amosa o caso de Josep Tarradellas—. ⁶ Ficaron para sempre como *galeguistas históricos* desposuídos de calquera posición e opción política autónoma. E así pasaron á historia, polo de agora. Merecería o

6 Tamén por outras poderosas razóns, que non hai tempo de explicar aquí e que teñen que ver coa vixencia, pese á feble continuidade, dun goberno vasco no exilio presidido por Leizaola e integrado polo PNV, PSOE, ANV e outros restos de partidos republicanos. Tarradellas pola súa parte era o representante da Generalitat no exilio, o depositario do seu arquivo e selo, e tamén da súa lexitimidade cando tocou póla en acción. O Consello da Galiza impulsado por Castelao en 1944, á vez que se esfarelaba o PG, en expresión de Núñez Búa en carta a Paz-Andrade (1997), non servía aos intereses políticos dos perdedores e entorpecía coa súa lexitimidade os dos gañadores. A diferenza de Euskadi e Cataluña, os novos partidos nacionalistas galegos, despois do seu fracaso nas eleccións de 1977, foron radicalmente contrarios ou timidamente favorables á opción estatutaria.



asunto unha atención historiográfica específica que non cabe neste discurso. Queda aquí apuntada.

Na entrevista remata Blanco Amor explicando por que rexeitou a oferta do PSOE para ser cabeza dunha lista ao Senado, en favor da unitaria da CDG, pero desliza que ter vivido case toda a súa vida nun ambiente de democracia en América e en España podía ser un argumento para ter aceptado, de sentirse “insubstituíblemente necesario” e menos urxido pola idade para dar cima á súa función literaria.

O mesmo día que a entrevista de Blanco Amor, o 10 de xullo, publícase a peza central do ataque de Cela a Paz-Andrade no seu habitual artigo dominical en varios xornais de Madrid, Barcelona e Palma, que, desta volta, se estendeu a *El Correo Gallego*. Anuncia unha declaración de intencións políticas e arremete cun insulto persoal na tipografía máis aparatosa de que dispón o xornal. Titula “EL PEZ PAZ”. Subtitula “Los sueños vanos, los ángeles curiosos”. O artigo contén, certamente, unha declaración respecto dos límites da democracia, na versión de Cela e posiblemente daqueles para quen escribe agora e para os que leva escribindo décadas.

O título en si mesmo é desacougante. “Los sueños vanos”, enténdese, pero a que veñen a conto os anxos curiosos? Hai que pescudar quizais na escatoloxía cristiá máis fonda. Os anxos máis curiosos, máis sabios e brillantes son os querubíns. A un deles, Lucifer, púidolle tanto a curiosidade que ousou enfrontarse a Deus e ficou en Satán. A megalomanía que lle atribúe a Paz-Andrade vai por ese camiño, unida nun parágrafo ao daquela famoso Clemente, bispo en El Palmar de Troya.

Coa aparencia dun ataque persoal é, en realidade, un ataque político e ideolóxico en toda regra contra Paz-Andrade. Esmérase Cela en definir a memoria do pasado nos tempos de mudanza acelerada cara á democracia. A idea central do artigo é simple: aquí todos temos moito que calar e Paz-Andrade coma o que máis, e aquí está Cela para contar como se fixo rico facendo reverencias ao caudillo no *Azor*. Todos vivimos a ditadura, todos fomos culpables e todos somos iguais. Unha idea poderosa que fixo fortuna no relato literario popular. Véxase *Anatomía dun instante* ou *El impostor*, de Javier Cercas, para corroboralo. Todos a calar. O silencio é a mellor forma de falar do pasado porque moi poucos poden presumir de heroes. No episodio do 23-F só tres —Suárez, Carrillo e Gutiérrez Mellado— entre 350 parlamentarios. Mellor non falar do pasado porque, a pouco que busquemos, só atoparemos impostores. E por se teñen dúbida, xa o conto eu (Cela ou Cercas) ben contado. O esquema vén repetíndose dende a Transición. Seguro que lles soa familiar.

O artigo principal do contraataque de Cela é unha peza de media páxina. O texto non ten desaproveitamento á hora de comprender a lóxica política e argumental que explica a súa intervención. Turrar máis que debater é o propósito principal do texto, pero cunha envoltura á altura do novelista do réxime, convertido en senador da nacente democracia e en representante de Galicia, tan ocasional coma oportuno, protexido simbolicamente polo manto real coma antes o estivera pola agúa imperial de san Xoán e, materialmente, polo Movimiento Nacional.

Cela bota man de Pondal para atribuírlle en exclusiva, ao bardo de Ponteceso, o berro de “A Nosa Terra é nosa”, e así, de resultas, atribuírlle a Paz-Andrade, a quen nomea en todo artigo como o “Pez Paz”, a intención de querer unha terra só para el, en propiedade exclusiva. Exclusividade que Cela combate e está disposto a negarlle a Paz-Andrade, a quen fabula no artigo coma unha figura desprezable, acomodaticia, avara... Todo mesturado cos seus típicos insultos de faladoiro de café, que el, coma outros escritores, intentou elevar a xénero literario con máis exabruptos que *finezza*. Un exemplo: “La gente lo conoce como pescadero mayor del Régimen (no importa de que régimen) y detecta su presencia por el aroma a pescadilla congelada que despiden sus carnes”. Pura exhibición de clasismo de señorito acompañada dun uso instrumental da historia e do que dirán os historiadores aos que el explicitamente interpela.

O cambio de chaqueta, tan popularmente rexoubado naqueles anos —e perdoado— é usado por Cela para situar a don Valentín entre os *portelistas* que aspiraban a un ministerio na República, que “cuando el Ruedo Ibérico pinto de espadas, merendaba en un yate con nombre de ave rapaz y sonreía por si algo le daban... y algo, esa es la verdad, le dieron”, e que padece do lombo polas “reverencias que le hizo a cierto general...”.

Nun xesto de enorme significado político, volve sumar un mudo García-Sabell na ofensa que lle atribúe a Paz-Andrade cara a el e os senadores reais, na mesma liña que xa abrira o seu entrevistador Rey Alvite. A liña de ataque —porque non se trata de debate— pasa por facerse o ofendido e ir sumando ofendidos ata chegar ao mesmo rei. Ata seis veces máis cita a García-Sabell no artigo, a quen utiliza como gran valedor, sabedor da súa posición e confiado no seu silencio. Un silencio que o propio texto provoca e tamén procura, para iso está feito, coa intención de aliar politicamente, para acalar os mornos, para definir campos de xogo, alentar adhesións

e sementar pasividades. Para ameazar, esa é a súa lóxica, e para iso serve —e pon a disposición— a súa adestrada linguaxe.

A cuarta vez que cita a García-Sabell no artigo xa é para falar directamente por el: “Domingo García-Sabell y yo pensamos hacer lo contrario...”, e deseguido para sumalo ao seu ataque a Valentín: “Domingo García-Sabell y yo, que amamos a Galicia sin reserva [...] no entendemos cómo es posible que un gallego se pronuncie por la división”. Chegados a esa liña, o texto fai dubidar se o artigo leva a sinatura partillada que acredite a autoría conxunta de Cela e García-Sabell, mais cando un sobe a ollada só atopa ao inefable Camilo. Continúa Cela do ganchete ata o final, co mesmo e definido plural: “García Sabell y yo, pensando que [...] dejamos pasar por alto [...] y sin más acuse de recibo que estas breves e ingenuas palabra que hoy pergeño”. E retorna á primeira persoa, porque o de recoñecer a escritura colectiva, como é ben sabido, nunca foi con el e aínda lle custou algún paso polos tribunais.

Non hai debate político público e democrático de ideas no texto de Cela, porque esa non é a súa forma de facer política, non pode selo. Se a practicou algún día, desaprendeuna ao longo de corenta anos. O texto responde, porén, a unha lóxica política do xornalismo escuadrista. Así é como el, na senda doutros, como Emilio Romero, e do seu valedor, Juan Aparicio, intervén politicamente. Así era tamén como se procedía na prensa da ditadura cando se rachaban os equilibrios, pero, ao cabo, entre os lobos nunca se mancan de todo. Para trabar e esgarnachar nos inimigos de sempre estaban moito mellor adestrados e nunca deixaron de facelo. A última vez en setembro de 1975. Só seis meses despois en Vitoria e moitos outros episodios polo camiño, incluído o de Atocha antes das eleccións. A violencia usada para disciplinar e distinguir os campos de xogo político.

Hai que entender esas destrezas dos intelectuais falanxistas para comprender que o debate co adversario político se confunde aquí —convértese— no combate sen cuartel do inimigo. A crítica das opinións lexítimas non se constrúe nin argumenta porque non hai opinións lexítimas fóra do poder totalitario, só dentro del. Todo o demais é persoal. Destrúese o home xunto coa idea. Neste proceder, o texto é canónico. Un prodixio do falanxismo franquista ben disfrazado co espantallo da prosa de Cela que, cando argumenta politicamente, faino querendo ambiguamente aliñarse cun galeguismo que define como moi débil... a diferenza do “catalanismo e o vasquismo”, e aquí enlaza cos argumentos públicos de Paz-Andrade, pero para reprocharlle que non permita sumar e que exclúa coas súas palabras... os senadores


reais. A cuestión da lexitimidade duns e dos outros —unha cuestión propiamente transicional e constitucional propia do momento— é a cerna do asunto, atoldada nun millón de arquivoltas dialécticas e insultos... Ese ao cabo é o conto verdadeiro, o cerne da deboura: quen ten máis lexitimidade para constituír a democracia e tamén xaora para gobernala.

O resto do artigo artéllase a través dunha ringleira de acusacións ao Pez Paz: política de parroquia, mesianismo, personalismo, pintoresquismo, vedetismo, capricho, rabechas de señorito e *santón de morabita*. Un catálogo de descualificacións que serve para situar a Cela no debate do galeguismo político da Transición ou, máis ben, para levar o debate ao recuncho dun ring con Cela como púxil, dando labazadas coma sempre, mais agora amparado polo arbitrio real.

Cela, desencadeado, non para de opinar a quen lle pregunta. *El Correo Gallego*, o 14 de xullo de 1977, recolle unhas declaracións súas a *El Alcázar*, que titula: “Cela: No me importa en absoluto lo que diga Blanco Amor. Y añade: yo soy gallego de los de ahora, de los de antes y de los de siempre”. Facéndose eco da entrevista publicada polo xornal máis ultra do réxime, o da Confederación de Excombatientes, a propósito das declaracións de Blanco Amor, o xornal compostelán bota estelas ao lume no titular: “Sigue la polémica Cela Paz-Andrade...” e sinala as declaracións de Paz-Andrade como desencadeante da liorta.

Unhas declaracións de Paz-Andrade nas que “viña dicir” que antes do nomeamento de Cela e García-Sabell (non menciona a ningún máis e volven emparellarse os dous nomes) “fixéronse outras exploracións e sondaxes diante doutras persoas que non aceptaron”. E isto fixo que Cela “saltase á palestra”. Completa a información recapitulando o publicado ata entón por orde cronolóxica: entrevista e artigo de Cela e resposta de Blanco Amor. Na entrevista de *El Alcázar*, Cela reivindica a súa galeguidade por apelido e por nacer en Padrón, e desenténdese da controversia con Paz-Andrade e con Blanco Amor.

O máis interesante da información ábrese coa epígrafe “Paz Andrade parece que desmiente” e dá conta de que, no xantar dos parlamentarios o día 4 no Hostal, Paz-Andrade aclarou que as súas declaracións non foron fidedignamente recollidas, pois a entrevista se fixera por teléfono. Diante disto, Cela pediulle que rectificase e Paz-Andrade díxolle que xa o fixera na *Hoja del Lunes* de Vigo. Cela retrucou que tiña que rectificar alí onde fixera as declaracións, que a *Hoja* non chegaba a todos os lectores que tiveran coñecemento, quería un desmentido nas mesmas páxinas en que



apareceran as primeiras declaracións de Paz-Andrade. “Pero don Valentín siguió y sigue callado, después de haber tirado aquella primera piedra. Cela se defendió y Blanco Amor metió baza ante el increíble silencio de Paz Andrade”.

El Correo Gallego valora, xulga, reforza e ampara a posición de Cela, condena a quen defende a Paz-Andrade e esmérase en xustificar a Cela convertendo a Paz-Andrade en primeiro agresor e, polo tanto, responsable da polémica. Toma partido o xornal nunha disputa que sitúa no plano persoal, sen considerar principios ou valores democráticos, lexitimidades históricas ou representativas, moito menos entra no debate político de fondo, que nin se albisca nas súas páxinas. Sitúa a polémica como unha liorta entre persoeiros, destacando os ataques persoais e pouco parece importar que ambos os dous sexan senadores e estean a debater as bases de futuro da Autonomía galega e os fundamentos da democracia en construción.

No *Faro de Vigo* do 15 de xullo, na segunda plana, publícase a dúas columnas e media páxina a carta aberta de Isaac Díaz Pardo a Valentín Paz-Andrade, asinada en Sargadelos o 10 de xullo. Unha intervención singular na polémica que comeza cun “querido Valentín” e cun eloxio ao seu pensamento socioeconómico, e continúa marcando retranqueiramente a diferenza entre a obra de Valentín e a literatura. Discrepa Isaac das solucións keynesianas das que gusta Valentín, alimentando como gusta o seu punto de esquerdismo.

No cuarto parágrafo entra por fin no asunto:

Es una pena que una reacción tan apresurada, si es que la has tenido como se describe, sobre los trámites de nombramiento de Senadores de designación real trascendiera a la prensa y diese pie al amigo CJ Cela para decir de ti cosas equivocadas e inexactas, además de contradictorias, pues él habla de sumar y lo único que hace es introducir discordia [...] provocando recuerdos que todos estamos empeñados en superar para poder entendernos.

O asunto do pasado ao que se remite Cela e dos recordos que deben ser superados ocupa un lugar significativo. A teima de Cela en fixar o seu particular relato do pasado contrasta co empeño dos galeguistas de falar de futuro. A mención destes ao pasado busca fundar a lexitimidade democrática na democracia republicana, e as novas normas en decisións libres e colectivas. Por contra, Cela evoca un tempo de poder —fundado no golpe, na guerra e no exercicio do poder na ditadura— que quere proxectar ao futuro co seu ataque, e coas súas *palabras como puños* alimenta unhas lembranzas que podemos imaxinar (ou supoñer) dende a posición da vítima,

no fillo do paseo e logo exiliado. Visto dende hoxe, o de Cela é o posicionamento icónico do franquismo, non do sociolóxico brután, senón do poderoso con mando.

Propón Isaac volver as cousas ao seu sitio recoñecendo o equívoco e desculpando o “amigo Camilo, en razón de que él vive alejado de Galicia y de su problemática”. A retransmisión viaxa á rebotica para definir o sentido político e a inspiración do ataque de Cela a Valentín cando aclara que

los conocimientos que maneja de ti está claro que se los han dictado, haciéndole sugestión de ello esa especie de enanos que están preparándose para utilizar la palabra Autonomía que nos van a dar, enanos que [...] saben que tú eres el que tiene más títulos, más historia y una conducta ininterrumpida capaz de vigilar y denunciar una posible trampa que se quiera hacer con esa palabra.

Cando, como é o caso, o coetáneo vén inesperadamente na axuda das hipóteses do historiador non debemos confiarnos, pero podemos continuar formulando a pregunta sobre bases máis sólidas. O importante non é a resposta senón sempre a pregunta e, neste caso, a pregunta é simple: a actuación de Cela, que é un acto político por moito disface de Entroido que usase, está inspirada, alentada, ao servizo dalgunha posición política organizada ou é plenamente autónoma, persoal e intransferible? Quizais só sexa coincidente cos intereses dalgunhas posicións políticas. Ou simplemente Cela sabe ben o que ten que facer politicamente e a favor de quen ostenta o poder, coma nas catro décadas anteriores.

Non podemos resolver doadamente a incógnita, pero podemos establecer algunhas pautas para inferir unha resposta. O método lévanos a indagar na biografía de Cela e a preguntarnos polo seu papel na construción do relato político da ditadura. Un asunto que desborda o ámbito e o sentido deste discurso, pero que xa temos traballado, tanto a partir dos seus coñecidos textos como das súas relacións e funcións políticas dentro do réxime. Un réxime orwelliano, non o esquezamos, no que o *grande irmán*, ademais de vixiantes, necesita contadores de historias, convincentes construtores de *verdades colectivas*. Verémolo.

Sigamos con Isaac, quen, ademais de situar a Cela como voceiro de intereses espurios da ditadura, alcúmao de indocumentado porque “cuando Camilo conozca tu obra será el primero en reconocer su error” e, nunha requintada sutileza política, fai reparar en que o que está a facer Cela excede o mandato que El-Rei lle outorgou. Unha forma de designación, esa dos senadores reais, que decididamente non convence a Isaac que, porén, guiado da súa ansia descrida e libertaria, advirte que, se

segue o espolio e a emigración, “para limpar a merda dos fillos dos señoritos” tanto nos vai dar en Galicia que os parlamentarios fosen nomeados dun ou doutro xeito. “Nombrados con trampa o sin ella..., [se sirven a Galicia, daquela] habrá que dar por buenos todos los nombramientos”.

Na cuestión da unidade, tan decisiva naqueles días de constitución da Asemblea de parlamentarios, chama a sumar forzas no presente pero non pode deixar de ollar ao pasado para advertir que “nadie debe tomar esta elegancia de los que han padecido la historia, para creer que son desmemoriados”. A subordinada memoria do antifranquismo e das vítimas está expresándose con claridade, por moito que ninguén usase daquela o sintagma memoria histórica, coa excepción de Jorge Semprún que a emprega na *Autobiografía de Federico Sánchez*, publicada aquel mesmo ano de 1977.

A lóxica e a forza da reconciliación campa no ambiente, ao cabo é a política hexemónica no antifranquismo da época e por iso remata o artigo Isaac pregándolles a Valentín e a Camilo que pechen, obrigados polas responsabilidades que lles deben a Galicia, o desentendemento cunha aperta. Mais aínda estende a correa retranqueira ao parágrafo de despedida pedíndolle perdón a Valentín —coma no famoso texto de 1805 descuberto por Filgueira Valverde facían os veciños de Pontedeva a El-Rei, pero ao revés— por escribirlle en castelán “se trata de decirte a ti cosas que deben entenderlas también otros que no pudieran no entender (sic) nuestra lengua”.

Contra Cela, decididamente, mesmo moito máis que a favor de Valentín, posiciónase Luis Otaduy Guerreiro nun artigo titulado “Don Valentín y don Camilo”, publicado en *El Ideal Gallego* o 19 de xullo de 1977, que segue o ronsel da polémica. A peza a tres columnas deste avogado antifranquista ferrolán ten a factura dun ensaio valorativo da obra de Cela, moi crítico con el, pero non queda na tona formalista nin cae no eloxio habitual.

O arrinque anuncia a fondura á que pretende chegar cando describe a Camilo José Cela como un dos mellores da literatura española entre os 20 e os 35 anos (de 1936 a 1951), antes de comezar con “ese estilo reiterativo y deslavazado que culminó en San Camilo 1936”, tecendo os relatos arredor dunha inexplicable obsesión polo sexo, do que só se desvía para falar de cousas que teñen que ver co retrete. A coincidencia dos bos anos de Cela cos da preeminencia política do nacional-sindicalismo é algo máis que ocasional para nós e para o articulista, que se demora na crítica literaria e na explicación do modelo da fábrica literaria celiana.

Atribúe a fluidez narrativa de Cela á súa facilidade para o remedo, logo de ter lido de mozo convalacente toda a colección de clásicos editada por Rivadeneyra; de aí deriva, segundo Otaduy, esa prosa chea de resonancias clásicas na que Cela enxerga “aplique coñeros” para evitar caer na pedantería ou no arcaísmo do que non se librou no seu *Nuevo Lazarillo*. Con ese procedemento logra unha linguaxe moi eficaz coa que chega ao lector, pero para acadalo ten que facer un traballo “poco apetecible de buzo, de pocero gramatical, extrayendo de los clásicos todo tipo de expresiones relacionadas con el sexo y sus contornos”.

Pero, máis que o Cela literato, interésalle o político que fala de política, o que durante 40 semanas lles explicou aos lectores de *Cambio16* en que consistía iso da democracia.

Tan dotado para la literatura, carece en cambio de ese otro don para decir con claridad, y una detrás de otra, las razones políticas. [...] Una de esas razones consiste [...] en que actuar en representación del pueblo en una cámara [...] como el Senado [...] exige como requisito “sine que non” ser elegido por aquellos que se pretende representar.

O argumento de Otaduy é meridiano: ningún dedo pode substituír ese requisito cando se fala de democracia en serio; “un requisito que cumple Valentín Paz-Andrade” e non cumpre “como senador digital don Camilo José Cela Trulock”, quen aínda por riba —crítica o articulista— agora vén atribuírse en exclusiva o dereito a representar unha Galicia que ten esquecida.

Remata facendo chanza sobre a dor de costas que Cela lle atribúe a Valentín, e argúe que quizais a “senoartrosis” que padece Cela poida virlle de xantar en Mallorca co pai do Rei que o elixiu. Da chanza pasa á sentenza final que resumidamente vén dicir que non só Valentín senón todos os demócratas pensan que nunha democracia non debería haber senadores elixidos a dedo. Ata don Juan vén de dicir a *Posible* que a democracia corraxirá no futuro este residuo doutros tempos. Poida que Camilo non caera na conta de que é un senador de Ayete.⁷

7 Deixei de lado outras referencias soltas recollidas na carpeta de Darío Álvarez Blázquez, unha da *Hoja del Lunes* de Vigo (11 de xullo) que recolle o punto de vista de Blanco Amor na súa entrevista; unha carta ao director publicada o día 12 en *El Ideal Gallego* que defende a Paz-Andrade, critica o nomeamento de senadores a dedo e cualifica de “deleznable” que Cela queira asumir a representación de Galicia, da que só lle interesan os mariscos, por moito que no seu señoritismo afirme que “fala galego todos os días cos empregados que ten ao seu servizo”.

O DEBATE DA XUNTANZA DE PARLAMENTARIOS GALEGOS

4 DE XULLO DE 1977

Que se está a disputar nesa polémica? Que vellos e que novos contenciosos políticos se dirimen? Diante de que novos asuntos toman posición os que interveñen directamente á luz do papel e, indirectamente, na sombra do debate a porta pechada no Hostal dos Reis Católicos, onde se reúnen, o 4 de xullo, os deputados e senadores galegos elixidos dúas semanas antes, nas primeiras eleccións democráticas, logo dunha ditadura de catro décadas?

A intervención de Cela, alén da fasquía de enfrontamento persoal que adquire e que a prensa menos desvinculada do franquismo airea e alimenta, vén descubrir e darlle sentido ao conflito xerado polo documento que Valentín Paz-Andrade presentou diante daquela primeira xuntanza de parlamentarios galegos. Por outra parte, o único texto presentado naquela reunión constitutiva. Da sesión, que estivo pechada á prensa, consérvanse algunhas fotos nos xornais, bastantes filtracións, moitos rumores e varias versións interesadas, como é normal neste tipo de reunións naqueles enlameados tempos de cambio.

Entre as cuestións que podemos albiscar que se dirimen no vello Hospital Real destaca unha liña de fractura principal á vez da reivindicación ou non do Estatuto e encol da (diríase naquela altura) lexitimidade republicana que latexa detrás desa reivindicación. Dunha banda, unha parte de UCD e case toda AP, como veremos; e, doutra, tres senadores da CDG, tres deputados do PSOE, M.^a Victoria Fernández-España e algúns deputados de UCD que aínda descoñecen en que consiste a disciplina de partido e que, en todo caso, teñen máis experiencia profesional que política de poder.

A fractura encarreirouse e foi resolta mediante unha comisión redactora constituída *in situ* que reduciu e adaptou o texto de Valentín con algúns matices, o máis importante eliminar a mención á República e ao Estatuto de 1936. Unha solución case inevitable, a falta doutro texto alternativo sobre o que se puidesen establecer transaccións, que tamén revela unha forma de proceder que caracterizou a Transición neste período: a oposición antifranquista fai propostas e o poder matiza, modifica, corrixe ou amputa.

O resultado da xuntanza amosa un conflito soterrado, moi pouco explicitado nas declaracións políticas dos representantes desa maioría que procede do Movimiento, que transcende publicamente como consecuencia da polémica entre Cela e as voces

amigas de Paz-Andrade. Para o historiador actual, aquela polémica é a manifestación máis visible da liña de fractura estratéxica entre os parlamentarios, a partir da que indagar sobre bases sólidas.

O documento de Paz-Andrade foi a base para facer esoutro definitivo.⁸ Amais do contido e a disputa sobre a letra deste é importante entender que representa Valentín nesa altura naquela asemblea, quen conforma a comisión que redacta a versión definitiva do documento e que contén e que elimina respecto do de Valentín, para entender mellor o sentido político e histórico da disputa que Cela nos revela.

O día 4 de xullo os medios informan da reunión que, no Hostal dos Reis Católicos, van celebrar os parlamentarios galegos. Os xornais do día seguinte dan conta dos resultados. Interesa deterse en como os medios informan do acontecido e dos matices políticos que desvenda a información, para entender as lóxicas ideolóxicas e de poder que presiden aquel tempo en Galicia. Seguimos a información aparecida en *La Voz de Galicia* (p. 38, asinada por “Nuestra delegación”), un xornal aberto daquela á oposición e ás lóxicas democráticas da Transición, e a noticia de *El Pueblo Gallego* (p. 13, asinada por un “Enviado especial”), un diario da Cadea de Prensa do Movemento que nos achega o punto de vista dos poderes do réxime en Transición.

La Voz de Galicia informa que na reunión se aprobou por unanimidade un texto redactado por Domingo García-Sabell (senador real), Víctor Moro, Luis González Seara (ambos de UCD) e Andrés Eguíbar (PSOE). Tamén de que Fernández de la Mora (de AP), conspicuo ministro de Franco, e José Manuel Couceiro Taboada (de UCD) puxeron reparos ao uso dos termos ‘autogoberno’ e ‘nacionalidade’ cando foi presentado o texto para aprobación da asemblea. Tamén Antonio Carro Martínez, en nome de Alianza Popular, leu unha breve declaración de intencións, unha especie de ambiguo facer constar para matizar a posición do seu grupo sen entrar na cerna do asunto. Agás esas puntualizacións, o texto definitivo foi aprobado por todos — non constan publicamente votos en contra—.

O texto dá conta do seguinte:

1. os parlamentarios galegos reunidos constituíanse en asemblea parlamentaria galega, estando presentes 45 dos 46 representantes, incluídos dous senadores reais, e contándose como ausente a Fermín Zelada;

8 Non logrei localizar o documento de Valentín, que sen dúbida poderá atoparse, cun pouco de vagar e coa dedicación precisa, entre os seus papeis. Sigo a guía das descrições que aparecen na prensa sobre o seu contido e dos comentarios que sobre a presentación *in voce* fan outros parlamentarios presentes.

2. “reivindican a personalidade de Galicia mediante un aparello estatutario”;
3. “no futuro sistema de autonomías e autogobernos do Estado español non poderán darse privilexios nin discriminacións”;
4. acordan “arrincar da lexitimidade histórica e democrática do Estatuto de Galicia aprobado polo pobo galego” [o da República do 1936 que non se cita explicitamente senón elusivamente];
5. os parlamentarios asumen o “compromiso de defender os intereses de Galicia sempre dende a perspectiva que conforma a peculiaridade do noso país”.

Destaca a información que esta declaración final se baseou na proposta presentada por Paz-Andrade, pero deixando fóra algúns aspectos. Uns porque se considerou que os deberían decidir as Cortes, e outros para evitar “echar al traste esta primeira reunión de parlamentarios” en caso de forzar a súa aprobación íntegra, dada a heteroxeneidade ideolóxica, segundo anota o xornalista. O redactado e aprobado pensouse como unha sorte de táboa de mínimos, a dicir do xornalista, que ofrece algunhas conclusións interesantes sobre a correlación real de forzas respecto do asunto da Autonomía e desvenda, ou permite deducir claves que outras informacións fan máis explícitas.

A *La Voz de Galicia* o texto aprobado parécelle un triunfo da liña galeguista “existente en una parte mínima de los parlamentarios”, apreciación que vén concordar coa composición obxectiva daquela asemblea na que o predominio de cargos do franquismo era esmagador. Sen entrar en detalles, a afirmación é tan correcta que dificilmente poden contarse polas súas traxectorias pasadas e futuras máis de cinco galeguistas entre aqueles 45 parlamentarios reunidos en Compostela.⁹ O xornal atribúe ese triunfo da reivindicación galeguista a que se mantivo firme a postura de

9 Nun cálculo lixeiro, dos 45 deputados e senadores presentes: entre os 27 deputados, vinte eran de UCD, catro de AP e tres do PSOE. Entre os de UCD, a relación adoitaba ser metade homes do réxime e metade novos profesionais sen vinculación política co Movemento. Dos dezaseis senadores electos, UCD lograra doce (dos que sete eran cargos provinciais do réxime e cinco persoal novo); tres, CDG; e un, de AP. Entre os senadores poderían considerarse politicamente galeguistas (sobreestimando os datos) un cuarto do total: Valentín Paz-Andrade, Manuel Iglesias Corral, quizais pola súa posición de futuro, Sánchez Castiñeiras e podería integrarse no grupo a Suárez Núñez. No conxunto de parlamentarios, tendo en conta os resultados do Congreso e sumando os senadores reais, esta correlación de forzas viña situar o galeguismo, ao que se poderían sumar deputados de UCD como Víctor Moro ou Antonio Díaz Fuentes, en AP á propia M.^a Victoria Fernández España, e o senador real Domingo García-Sabell, arredor do 10%. En puridade había, de feito, outro senador galego máis, o almirante ferrolán Marcial Gamboa Sánchez-Barcáiztegui, que nin actuou como senador galego nin foi convocado á xuntanza como tal.


García-Sabell, Paz-Andrade, algúns deputados do PSOE e a parte máis intelixente (sic) da UCD, na que inclúe a González Seara e a Pío Cabanillas. Inclúe tamén a M.^a Victoria Fernández-España, familiarmente ligada ao xornal coruñés, deputada de AP de conviccións galeguistas, que leu un texto de Castelao sobre a importancia do Estatuto e igual que Iglesias Corral (membro como Paz-Andrade da CDG ao Senado) expresouse na liña dos argumentos de Valentín para tomar como punto de arranque o Estatuto de 1936. Fai notar a información que eses termos precisos non foron aceptados pola maioría, pero a cambio foi recollido no texto definitivo que o punto de partida para a defensa da Autonomía era “...a lexitimidade histórica e democrática”. A batalla do pasado e da lexitimidade estaba no centro do debate e non se daba por perdida.

A información destaca igualmente que todos os parlamentarios que interviñeron, incluído Cela, falaron galego e que este tamén falou a favor da declaración final. Por novidosa e rupturista que resultase esta declaración a favor dun Estatuto, para a maioría dominante na reunión esta solución a favor do Estatuto éralle máis doada que mencionar sequera a República, e non digamos o 36. Aquí a batalla polo tabú, pero sobre todo polas fontes da lexitimidade política, foi dada e como se ve en parte gañada, e iso enlaza directamente coa controversia de Cela.

Da reunión saíu Cabanillas para coller o avión cara a Madrid —rumoréase como ministro de Cultura segundo *La Voz de Galicia*, na versión de *El Pueblo Gallego* “un inoportuno chico de la prensa” preguntoulle ao saír de que ía ser ministro e el, infame, respondeulle: “do que ti queiras, meu fillo”. Con el viaxa Meilán Gil, ao que o redactor chama “o sorprendido” porque nesa mesma reunión soubo que “deixara de ser ministrable”, mentres entraba e saía para falar por teléfono deixando, ás veces, os deputados de UCD sen dirección e politicamente desconcertados diante dalgunhas propostas de debate, como subliñaron algunhas informacións de prensa.

Neste panorama político e, independentemente das conviccións persoais, hai que facer notar que o máis parecido a un galeguismo organizado naquela reunión era o que representaba a CDG. En canto ao destacado papel de García-Sabell, quedemos neste caso co que afirma o redactor para o día 5, xa que non temos argumentos para saber se debemos acreditar no que sobre as súas posturas afirma Cela o día 6.

A xuntanza adoptou unha derradeira e importante decisión ese día, desas que quedan na letra pequena que é coa que se escriben os condicionantes de moitos procesos históricos. Acordouse a creación dunha comisión para facer un regulamento,



continuar con reunións rotatorias (enténdese que en diferentes sedes) e escoller a Antonio Rosón Pérez como presidente provisorio convocante. Os vellos cargos do Movemento dentro de UCD controlan, así, a orde do día, a convocatoria e a organización das futuras sesións. A reunión formal de constitución da asemblea fíxase para o día 25 de xullo no pazo de Raxoi, e cando se celebre a participación reduciríase xa a menos de corenta asistentes. A tensión cede e o dominio do partido que “arrasou nas eleccións e decide cando é día santo”, en palabras de Paz-Andrade, non deixa lugar a dúbidas e mesmo permite o absentismo estival.¹⁰

O contraste da información de *La Voz de Galicia* coa de *El Pueblo Gallego* achega significativas diferenzas no tocante ao resultado da reunión e mesmo sobre os asuntos que se ventilan neses días. Na información do xornal vigués, dende 1940 un medio da Cadea de Prensa do Movemento, Paz-Andrade deixa de ser o galeguista firme para aparecer como o parlamentario cismático que cando

por fin se sentaron todos alrededor de la mesa de la verdad. Todos juntos. En Gallego. Si Portela Valladares levantara la cabeza!! Bebieron del vaso del diálogo y Valentín Paz Andrade aprovechó para abrir su portafolios y extraer de él la manzana de la discordia...

Segue narrado o sibilino “enviado especial” que Paz-Andrade “expuso a debate su particular versión de la «Declaración constituiense (sic) da Asamblea de Parlamentarios da Galiza» (no orixinal). Ocho puntos a dos folios que no conseguieron la aprobación del personal”. Repárese, por certo, como a linguaxe *cheli* forma parte do *aggiornamento* dos medios do réxime.

Segue o xornalista, aclarando que non había prensa na sala, pero “cuentan las crónicas de pasillo que hasta don Camilo se interpuso en el camino del hombre de la CDG” e que outros declararon que farían falta quince días para ler o que presentaba Valentín. O empeño do redactor (enviado especial innominado) en destacar a derrota de Valentín explícase ben a xeito de brincadeira pero repítese máis a serio ao longo dun texto no que se salienta o papel de UCD e nin case se menciona a AP.

Ha quedado un poco escrito en el ambiente: Paz Andrade ha sido hoy el perdedor, Pío Cabanillas, el felicitado, Moro, «el guía espiritual», Meilán Gil, el sorprendido, Cela, el genio, Elena Montero «Heidi»; Sancho Rof, «the president man», Pérez Puga la sonrisa; García Sabelo

10 Paz-Andrade en carta a Núñez Búa o 2 de febreiro de 1978 (1997): “Como a UCD ten maioría aplastante, eles son os que dan os días santos”.

[sic], el temido, el «Psoe» en pleno la incógnita. Entonces, ¿quién ha sido el vencedor? Galicia. Resulta que, en el Hostal de los Reyes Católicos, pequeñas discrepancias a parte, ha nacido un verdadero espíritu de gestión parlamentaria gallega.

Porén, a información recolle ao final a posición e declaración de Valentín, que, atendendo literalmente ás súas palabras, está ben lonxe, en contra da opinión rumorolóxica recollida polo redactor, de presentarse como un derrotado.

Os outros parlamentarios requiridos a opinar foron González Seara e un fuxidío Pío Cabanillas, acabado de nomear Ministro de Cultura e Benestar no segundo goberno de Adolfo Suárez, o primeiro lexitimado nunha eleccións.

O texto acordado foi recollido integramente en *El Pueblo Gallego* que destaca no seu titular a idea de unidade que articula como slogan o nome de UCD. A outra idea do titular, a máis destacada, é a descentralización: nin autonomía nin autogoberno asoman nas súas planas, confirmando a posición estratéxica dominante na UCD para Galicia.

Da letra pequena de todo o acontecido na reunión de parlamentarios dá conta directa e detallada unha das participantes, María Victoria Fernández-España, en dous longos artigos que nos permiten completar moitos detalles internos da reunión e precisar posicións duns e doutros actores políticos naquel complexo taboleiro.¹¹ Ambas as dúas crónicas de Victoria Armesto (nome co que adoita asinar as súas colaboracións en prensa) permitíronme completar con algo máis de xeito o relato do acontecido. Mesmo a descrición da tona dos acontecementos descritos, á luz da evolución política posterior, descúbrenos a transcendencia dos asuntos políticos e das lexitimidades históricas que se están a ventilar neses días.

A pouca transparencia pública de todo o que está acontecendo non é o menos importante do modo en que aquela Transición toma forma en Galicia. Só Camilo José Cela, María Victoria Fernández-España e uns poucos xornalistas levan aos focos da opinión pública os asuntos que se están a dirimir. Algúns coa máis inxenua transparencia, outros coa profundidade orwelliana do *grande irmán*. Os que apenas falan son os parlamentarios e menos aínda os que teñen o poder gobernamental ou están apoiados por el. Por iso este episodio resulta tan revelador, vén sendo como a boca do volcán Etna, unha especie de fiestra ao averno do pasado.

11 Victoria Armesto (1977): “Xuntanza en Santiago”, *La Voz de Galicia*, 9/VII/1977, p. 3. “Más sobre la xuntanza compostelana”, *La Voz de Galicia*, 9/VII/1977, p. 3.

O PAPEL DE VALENTÍN PAZ-ANDRADE NA ASEMBLEA DE PARLAMENTARIOS DE GALICIA

O balance político de todo este episodio é que lle cortaron o paso a Valentín Paz-Andrade. Na súa proposta, pero tamén na súa lexitimidade galeguista, republicana e antifranquista e na recentemente adquirida como representante de Galicia na Comisión dos Nove que negociara co goberno de Adolfo Suárez a saída democrática despois do Referendo de Reforma Política de decembro de 1976. Quen sabe se lle cortaron tamén a aspiración que moitos abeiraban de que fose presidente do primeiro organismo provisorio da Autonomía de Galicia que se estaba a fraguar neses días como Xunta preautonómica. No que respecta á nosa polémica, resulta que por esta información sabemos —en liña co apuntado por *La Voz de Galicia*— que naquela procesión de caladiños con maioría de prohombres do réxime, tivo que ser Cela quen protagonizou unha parte da disputa política conceptual, disfrazada de precisión terminolóxica e lingüística. Acompañado na trécola por Gonzalo Fernández de la Mora.

O episodio da constitución da Asemblea de Parlamentarios Galegos parece evidenciar que, despois do seu triunfo nas eleccións de xuño de 1977 nas catro circunscricións galegas —incomparable cos resultados en ningún outro territorio—, o franquismo en Galicia vai xogar politicamente ao contraataque, deixando a iniciativa á lexitimada oposición antifranquista. Temos que preguntarnos como é que o único texto sexa o de Valentín? Trátase dunha decisión acordada? Esperada? Provocada? Ten que ver coa súa lexitimidade polo papel desempeñado nos meses anteriores como membro da Comisión dos Nove que negociou en nome da oposición antifranquista agrupada na Platajunta.¹² Tamén co seu papel previo na Junta Democrática. Pola súa representatividade antifranquista e galeguista inequívoca, asentada durante catro décadas de ditadura, no interior e no exilio. A pregunta é inevitable, por que só el?

E por que o texto non tiña máis apoios? En realidade só podería sumar os de Iglesias Corral e Celso Montero, da súa mesma agrupación electoral, os tres do PSOE e, como moito, o de forzas extraparlamentarias en Galicia, como o PCG, e outras minoritarias que reivindicaban o Estatuto do 36. Celebradas as eleccións e

12. Constituída o 26 de marzo de 1976, o nome oficial era Coordinación Democrática e actuaba como unha coordinadora que reunía dous agrupamentos de forzas da oposición constituídos previamente: en xullo de 1974 a Xunta Democrática, liderada polo PCE; e en xuño de 1975 a Plataforma de Convergencia Democrática, liderada polo PSOE.

cuantificados os apoios electorais de cada partido, impúxose a realidade representativa que, malia as pexas dunhas eleccións organizadas dende o poder do Movimientto, dan un resultado lexítimo e aceptado por todos os partidos participantes.¹³

Outros potenciais aliados da posición política nacionalista de Paz-Andrade, como o PSG ou o BN-PG, non lograron representación parlamentaria. E o segundo non só non aceptou o marco estatutario de 1936 como fonte de lexitimidade orixinal, senón que combateu con forza calquera solución estatutaria. As Bases Constitucionais do BN-PG, a súa alternativa provisoria para a ruptura antes das primeiras eleccións, tamén apoiadas por outros partidos como o PSG no marco do Consello de Forzas Políticas,¹⁴ pasaron a converterse en programa estratéxico e a idea de *Estatuto Nunca Máis* mudou de berro mobilizador antifranquista a posición política asentada, despois do fracaso electoral de xuño de 1977, para converterse en inamovible liña de fractura —entre os autoproclamados nacionalistas e os por estes alcumados de “pseudogaleguistas” — despois da aprobación da Constitución e do novo fracaso electoral de 1979.

Volvamos a xullo de 1977 e á xuntanza de parlamentarios que, na súa primeira convocatoria se constitúe como remedo de soberanía nacional galega en canto Asemblea dos representantes parlamentarios electos de Galicia (obviemos de novo os senadores reais, se podemos) e que, nos resultados da súa primeira reunión, nos ofrece unha privilexiada atalaia para intentar entender que está a pasar politicamente en Galicia naquel confuso momento da Transición. Estamos no primeiro mes despois das primeiras eleccións, cando todo é aínda posible e todo está por ser escrito, por suposto no marco dun resultado electoral xa moi definido, como saben os perdedores e, mellor aínda ca eles, os gañadores.

O caso é que o que transcende e deriva da primeira reunión dos parlamentarios evidencia con claridade as resistencias que a maioría parlamentaria de raíz franquista

13 Aquelas eleccións foron seguidas por mil ollos da prensa internacional e polos gobernos democráticos europeos, ansiosos dunha España democrática. Internamente, como lembra Óscar Alzaga (2021) nas súas memorias, foron supervisadas polos xuíces, único estamento que no criterio dos que —coma el— propuxeron o regulamento electoral, podía garantir a limpeza que non garantía o resto do aparato estatal da ditadura.

14 O Consello de Forzas Políticas Galegas foi unha plataforma de converxencia opositora galega creada en xaneiro de 1976 que aspiraba a agrupar todos os partidos de obediencia galega e que rachou —por diferenzas sobre quen debía ou non esa obediencia— en outubro de 1976, dous meses antes do referendo para a Lei de Reforma Política e moito antes, polo tanto, da organización das candidaturas para as eleccións do 15 de xuño. Nese mesmo mes rachou tamén a Platajunta estatal, por diferenzas sobre as conversas co gabinete Suárez.

tiña verbo dese entronque estatutario republicano. Un entronque que dominaba nas manifestacións antifrancistas, nas posicións de moitos partidos, de recoñecidos intelectuais, nas páxinas dos xornais e nas negociacións da Comisión dos Nove con Suárez, só matizada polas reclamacións de autodeterminación e bases constitucionais lideradas ata as eleccións por algúns sectores do nacionalismo organizado. Por outro lado, nestas leas poden rastrexarse as resistencias internas e os intereses partidarios que levaron dous anos despois ao Estatuto da Aldraxe e permiten identificar, no medio das sombras daquela Santa Compañía de caladiños, algúns dos seus protagonistas nunha beira e mais na outra. Mesmo pode distinguirse no medio o grupo dos escarranchados, que non parecen ir nin para unha banda nin para a outra.

Entre os parlamentarios galegos oporse publicamente á Autonomía galega non era popular en 1977. Non constan, de feito, máis que algúns recalcitrantes xa citados que nin se atreven sequera a votar contra a declaración dos parlamentarios galegos do día 4. Aproveitar o que fose iso da Autonomía, o autogoberno ou a descentralización, podía ser unha oportunidade de quen viña de revalidar —agora compartido con novos actores— o seu poder nas urnas democráticas. Os movementos dos diferentes axentes vense no longo prazo, pero na esfera pública están pasando cousas que dende hoxe —sen caer nos futuros pasados— teñen significados difíciles de apreciar en quente. Teñamos a necesaria compaixón cos coetáneos que require facer historia.

Por fóra dese taboleiro, por fóra tamén da vontade popular expresada nas urnas, e con pouco arrastre cidadán, estaban os que querían construír outro taboleiro e/ou foran situados polo electorado, e pola súa propia división, á marxe de calquera taboleiro, segundo a versión de Blanco Amor e parcialmente confirmada polos resultados da CDG para o Senado.

CATRO SENTIDOS E CATRO RAZÓNS DE TRAER ESTA POLÉMICA

Traer aquí hoxe a descuberta desta polémica pública de 1977 ten varias razóns, polo menos, catro.

Serve primeiro para amosar as fonduras do noso esquecemento privado respecto do pasado incómodo, que con tino moitos cualifican como traumático. Un esquecemento que no plano colectivo a estas alturas, 87 anos e catro xeracións despois de 1936, se converte decote en ignorancia histórica ou descoñecemento do pasado, escóllase o que mellor proceda.


A memoria é subalterna, a individual das vítimas insubstituíble, preñada de dignidade, irreprochable, pero sempre fragmentaria. O relato do pasado, tamén o das vítimas, sempre está dominado polo vencedor; é esta unha verdade familiar, doméstica, que se afunde na noite dos tempos gregos pero que foi elevada a doutrina por Walter Benjamin (2007) cando nos explicou o poder que ten o verdugo para seguir dominando a vítima aínda despois de morta, da capacidade de vencer sobre a vítima despois do propio verdugo desaparecer.

O coñecemento histórico con alteridade, método e discusión ten a obriga de procurar a distancia e o contraste para superar a subordinación da memoria da vítima e identificar as razóns e os métodos que explican o dominio persistente do vencedor, que, volvendo a Unamuno, non ten por que nos convencer dende a súa vitoria, pois non é a misión da historia dar nin quitar razóns morais, senón contextualizar, entender no pasado e explicar, dende a distancia do presente e cos nosos valores, que é o que non queremos herdar do pasado. De que pasado temos dereito a prescindir, ou dito de forma clásica, como escribiu Marx (2003 [1852], p. 13), como nos desfecemos da “tradición de todas as *xeracións mortas* [que] oprime coma un pesadelo o cerebro dos vivos”.

O que nunca poderemos é mudar o pasado, pero podemos, si, coñecelo máis alá das trampulladas dos vencedores e máis alá do concienciado borrado das pegadas dos verdugos.

En segundo lugar, a polémica esquecida serve para preguntarse —coa distancia que dá o tempo— se o falanxismo franquista logrou incrustarse, persoal e ideoloxicamente, na democracia actual, alén da política e do entón chamado *travestismo político*. Aquela denominación usada no xornalismo da Transición e tamén na linguaxe popular da época para referirse aos políticos do réxime franquista que transitaron con rapidez e sen complexos aparentes das Cortes de Procuradores da ditadura ao Congreso dos Deputados da democracia, ou aqueloutros que permaneceron como alcaldes ata 1979 e aínda lograron revalidar o poder nas primeiras eleccións municipais, nas segundas e...

Autor maxistral, Antonio Buero Vallejo deixou un retrato da época en pezas sublimes como *Jueces en la noche*, escrita coa habitual sutileza de quen lograra o milagre de publicar despois de seguir o roteiro dos vencidos por campos de concentración e cárceres. Nesta obra, Buero Vallejo fai un cruel tratamento do travestismo político que el, coma outros vellos antifrancistas, viron pasar por diante



dos ollos na Transición. Unha obra escrita sen concesións para que constase a memoria da súa verdade, para recoller a visión dos vencidos cando os vencedores estaban sendo derrotados e, á vez, perdoados polos seus crimes.¹⁵

Máis alá da teoría política ou da análise ideolóxica, a través da polémica *Cela versus Paz-Andrade* podemos comprobar e constatar como o travestismo non foi só cousa dos políticos do réxime. Tamén podemos indagar de que forma e con que tipo de “actos” tivo lugar esa infiltración para entender de que xeito pode ter aínda pegada en nós. A distancia que dá a historia como coñecemento debe permitírnos obxectivar unha aproximación por riba das querenzas ou malquerenzas pola obra e o autor e tamén dos apegos ou desapegos políticos.

Se nunca se puido completar a desnazificación en Alemaña, entre 1945 e 1949, e moito menos a desfascistización en Italia, entre 1943 e 1946, cando se promulga a coñecida como Lei de amnistía de Togliatti, non se podía aspirar a moito máis na España de 1975 na que os verdugos que sobreviviron ao seu Caudillo quedaron —en palabras de Buero Vallejo— só na noite encadeados aos seus propios e intransferibles pesadelos e encomendados, de tela, á súa propia conciencia.

En terceiro lugar, a reconstrución da polémica serve tamén para comprobar, fóra de toda dúbida razoable (que diría o xuíz dun filme de Hollywood) ou superando o desenfoque (ou miopía) xeracional, como a memoria do galeguismo republicano chegou acesa e moi viva á Transición. Chegou viva e con gran potencia, xusto para ser destruída. Con visións, divisións e contradicións inevitables entre os de fóra —os do exilio—, como Blanco Amor e os de dentro, como o Paz-Andrade, mesmo sucando esas diferenzas a amizade que os unía, con diferentes posicións, aspiracións e querenzas tamén entre os diferentes exilios (México, Buenos Aires, Montevideo, Caracas, Nova York...) e con distintas alternativas —as máis das veces implícitas— entre os galeguistas do interior que seguiron camiños diferentes ao longo da noite de pedra e que nos seus actos políticos ían ter diferentes posturas despois de 1975. Diferenzas que, en demasiadas ocasións, foron borradas pola etiqueta imposta do *galeguismo histórico*.

Porén, a diferenza principal, mesmo a incompreensión levada ao desentendemento, foi a que arredou a xeración dos exiliados da nova xeración de mozos nacionalistas, algo que poucos teñen albiscado e contado, entre eles Manuel Veiga na súa

15 *Jueces en la noche* é unha obra de teatro de Antonio Buero Vallejo. Foi escrita en 1978-1979 e estreada o 2 de outubro de 1979 no Teatro Lara de Madrid, con dirección de Alberto González Vergel.

novela *O exiliado e a primavera* (2004). A mellor proba desa ruptura é precisamente a escasa nómina de exiliados que a nova xeración nacionalista do interior inclúe no seu relato do pasado. A preferencia dos mortos polos aínda vivos na escolla de referentes foi un sinal inequívoco. E, polo mesmo, outra ruptura, a referencial e seminal do presente, entre o galeguismo do interior e o novo galeguismo resumido todo na gran contradición entre o alcumado galeguismo cultural piñeirista e os novos mozos nacionalistas. Conflito que se traduciu politicamente por boa parte destes últimos na cruñada división maniquea entre pseudogaleguistas e nacionalistas. Mozas poucas, por certo, porque aquel conflito foi sinaladamente masculino na orixe e foi alimentado principalmente por homes.¹⁶


Di sempre o meu amigo Manuel Carlos Martínez Barreiro, citando a Valle-Inclán, que “las cosas no son como son sino como las recordamos”. E, por iso, tanto Manolo coma min partillamos interese na memoria colectiva e na súa construción como historia pública e privada, oficial e crítica, dócil e rebelde.

É, por iso que, a cuarta razón de traer esta polémica obedece a que, como non ficou memoria dela, corremos o risco de pensar que non hai ren que rescatar hoxe de toda aquela complexidade que tanto nos explica. Precisamente agora que tanto pasado se reivindica e se rescata, hoxe que tantas cousas se descubren, recuperan, revisan e mesmo se desenterran.

Coa colaboración da memoria do galeguismo, neste caso a de Darío Álvarez Blázquez, temos a obriga de tentar rescatar o sentido daquel episodio en toda a súa complexidade. A historia, como disciplina do saber, contribúe a recuperar os pasados esquecidos e arrombados botando man da memoria tanto como da desmemoria.

Nas últimas décadas, a historiografía aprendeu que hai moita memoria na historia e, viceversa, hai moita historia na memoria. Ambas as dúas se alimentan se sabemos usalas. O caso é dar con elas, escarvar ben os xacementos —o castro— deixando os muros testemuña, comprobando a estratigrafía, e non deixarse confundir polas chapas de gasosa, que os castrexos non bebían hai dous mil anos, pero si os que, cincuenta anos antes ca nós, remexeron esa mesma terra nunha escavación mal feita; nin extraviar polas cabichas dos que labraron fondo hai cen anos esas mesmas terras cos primeiros arados Brabant da Casa Ajuria. O pasado é un territorio descoñecido

16 O asunto ten, porén, un longo tratamento historiográfico: Beramendi (2007); Rodríguez Polo (2009); Castro Pérez (2001); Villares Paz (2021a, 2021b, 2022).



que fala un idioma estranxeiro e, ás veces, está cheo de trampas para nos enganar. Os verdugos foron, e aínda son, os que teñen máis razóns para nos enganar.

Este vén sendo o oficio dos historiadores e as historiadoras: indagar as memorias e os procesos do pasado, dar con eles a través dos vestixios e das fontes. Buscalos, escollelos, identificalos, interpretalos e poñelos en contexto para poder reconstruílos, explicalos e darlles sentido no presente. Historia e memoria van xuntas. Se queremos escoller ou impoñer memorias, só lograremos relatos políticos do pasado, tan unilaterais ou tan plurais coma os poderes do presente. Este presente que queremos mellorar, pero que, por ventura e non sen esforzo, recoñecemos plural e democrático, e esta Academia Galega, que é depositaria da nosa cultura, son o tempo e o modo propio para afrontar este episodio de xullo de 1977.

Por último, e decididamente non menos importante, a polémica entre Cela e Paz-Andrade amosa a incomodidade do pasado, pero non do de 1936, senón do de 1977 por mor do de 1936, nun sentido ben diferente ao que interpretou Paloma Aguilar no seu libro: *Olvido y memoria de la guerra civil* (1996). A memoria do golpe, das matanzas e da ditadura, que na súa interpretación canónica foi un motor a prol da democratización e un factor para o acordo das elites políticas na procura de deixar atrás o pasado, de pasar páxina, ten aquí outra faciana non menos coñecida, pero si menos lembrada e analizada. O pasado incómodo debe pasar, debe superarse, para deixar de ser incómodo, mais iso obriga a identificalo e coñecelo.

As páxinas do libro da historia non poden pasarse sen ler, como ben argüüu o amigo Pedro Puy na presentación de *Golpistas e verdugos de 1936* (Fernández Prieto e Míguez Macho 2018). Ese pasar páxina foi o empeño hispano da Transición, obsesivo, porque os que viviran e escribiran aquelas páxinas do pasado incómodo xa as tiñan máis que relidas á altura de 1975 ou porque os que non as viviran simplemente as descoñecían ou non entendían o idioma en que estaban escritas. Agora sabemos, algúns xa o dicían entón, que non todos tiñan intención de pasar as páxinas todas, nin da mesma forma, máis que nada porque todos os protagonistas daquel pasado tiñan os seus intereses en como se pasarían esas páxinas e no que quedara escrito nelas. Empero, o interese das vítimas non era o mesmo ca o dos verdugos, mesmo aínda que o antifranquismo e o franquismo fosen quen —como foron— de acordar unha saída democrática transicional, concretada nas eleccións de 1977, para iniciar as mudanzas no grande e complexo aparato dunha ditadura que, como sabemos,

non se moveu das alcaldías ate 1979 e que aínda permaneceu institucionalizada, por exemplo, nas cámaras agrarias ata final do século XX.

REMATE

O episodio que veño de presentar permite indagar como e quen manexou a nosa memoria do pasado incómodo do golpe e da súa negra herdanza ditatorial. Posiblemente, o máis revelador do episodio é que permite reparar, amosar, descubrir, a forza e a persistencia no tempo do relato dos verdugos e dos golpistas. O que pasou non pode ser mudado e eles, vencedores da guerra, non poden ser derrotados no pasado, pero por paradoxal que pareza, o seu relato aínda debe ser combatido no presente.

O episodio revela a voracidade coa que, despois de morto Franco, se empeñaron en combater o relato dos perseguidos dende 1936, dos demócratas, das vítimas. A súa consideración crítica permítenos pensar sobre algunhas razóns da persistencia do relato dos verdugos. Dito doutro xeito, obríganos a interrogarnos sobre os porqués desa persistencia, a preguntarnos a que obedece esa crueldade. Que lles vai na disputa para pór tanto empeño.

Tamén nos ilustra sobre a capacidade dos perpetradores para transformárense, agochárense, travestírense, como se dicía na linguaxe popular dunha época máis refractaria aos discursos de reconciliación do que se quixo despois lembrar. Un tempo que tanto descubriu coa liberdade, no que se amosou e popularizou o travestismo, a través do cinema con *Un hombre llamado flor de otoño* (1978), de Pedro Olea, que veu lembrar que non era un asunto novo, e antes con *Cambio de sexo* (1977) de Vicente Aranda, e, como non, no mundo do espectáculo máis popular e mediático, onde ocupou un lugar de honra Bibiana Fernández (Bibi Andersen) e con anterioridade Paco España (Francisco Morera García), pioneiro do transformismo a finais da ditadura e transformista máis sonado da Transición.

Travestismo político foi a metáfora máis usada pola prensa para seguir algunhas traxectorias de coñecidos prohombres do réxime.¹⁷ Pero popularmente as expresións máis habituais foron a do *cambio de chaqueta*, *virar a chaqueta* ou o *cambio de camisa* —aínda máis directa—, formas elocuentes de expresar o que a xente do común

17 Véxase como exemplo, “Travestismo político”, *Diario 16*, 7/III/1977. Dispoñible en <https://www.march.es/es/coleccion/archivo-linz-transicion-espanola/ficha/travestismo-politico--linz%3AR-971> Consultado: 15/III/2023.

estaba a apreciar nos seus barrios e nas súas aldeas. O tránsito da camisa azul á camisa branca empezara xa anos antes á espera do acontecemento inevitable, o óbito, que finalmente chegou en 1975.

Travestismo ou cambios de chaqueta, iguais que os recollidos pola prensa para o mundo político ou alcumados polos veciños nas súas contornas, podíanse apreciar no xornalismo, na universidade, no mundo intelectual, literario e artístico, con outras claves e outras linguaxes, pero coa mesma implacable lóxica das conxunturas incertas dos tempos de cambio.

A historia —como forma de coñecemento e interpretación do pasado a partir dos restos da súa materialidade, dos seus vestixios, das fontes— é a vía para descubrir, analizar e desbaratar o discurso dos verdugos no tempo presente.

Ata o de agora, foron invencibles no relato. Por que iso foi así? Como foi posible intentamos contribuír a explicalo a propósito deste episodio da controversia Cela *vs.* Paz-Andrade. Non somos os primeiros en enxergalo, xaora, pero somos os primeiros en ter a distancia e o poder —coñecemento, posición histórica e historiográfica— para desvendar o relato dos perpetradores do golpe e das matanzas.

Para alén dese asunto máis fondo relacionado co pasado incómodo da primeira xeración do Movimiento, ou sexa os golpistas de 1936, e a xestión da súa memoria en 1977, a polémica que nos ocupou revela tamén outros aspectos esenciais da Transición en Galicia.

A polémica, unida ao episodio da xuntanza de parlamentarios galegos e á súa primeira declaración constitutiva sobre o Estatuto, descobre aspectos da disputa política polo poder na Transición e, máis aínda, por unha lexitimidade que non estaba fundamentada só nos votos. A posición dos demócratas antifranquistas e dos poderosos franquistas dispostos a ir a unha democracia dirímese aínda no campo das lexitimidades, definir por canto tempo —cando imperarán xa os votos esquecendo o pasado— e ata onde —se a nova democracia fundamentará ou non na República— é o asunto central e serao aínda polo menos ata a aprobación da Constitución en decembro de 1978.

Nesa tesitura enténdese a expresión de Valentín, en carta a Núñez Búa de 2 de febreiro de 1978, respondendo á pregunta do exiliado sobre se sería presidente da Preautonomía, dicíalle que despois do resultado electoral UCD ten toda a capacidade de decisión en Galicia.

No asunto da Presidencia da Xunta de Galiza, sinto ter que enfriar un pouco o teu optimismo. Aínda que en definitiva ninguén sabe como se resolverá o chío. Como a UCD ten maioría aplastante, eles son os que dan os días santos. Non queda outra perspectiva que a discordia interna, que ate agora leva apartado da candidatura ao máis conspicuo dos aspirantes, o sobriño sin raza do tío.

Alén dos votos, nos primeiros compases políticos posteriores ás eleccións de 1977 a intervención de Cela amósanos a fortaleza da posición política de Paz-Andrade e do galeguismo democrático republicano e antifranquista. A forza da súa lexitimidade e, polo mesmo, a necesidade de erosionala. En ausencia de estruturas políticas minimamente sólidas e capaces de lograr representatividade electoral nas primeiras eleccións. En ausencia de agrupación solidaria e acción cohonestada entre os galeguistas da resistencia republicana e as novas forzas políticas nacionalistas ou estatais partidarias do Estatuto. En ausencia mesmo de agrupamento definido entre os vellos galeguistas, acabar coa lexitimidade galeguista en Galicia empezaba (e case remataba) por deslexitimar a Valentín Paz-Andrade. E iso foi o que vimos de relatar.

Esta esquecida polémica entre Camilo José Cela e Valentín Paz-Andrade na que quixen centrar o meu discurso é só un pequeno fragmento dun rápido tempo de Transición no que se fraguou o presente; tamén é unha revelación de como o pasado incómodo segue influíndo en nós; sobre todo, serve para intentar explicar como e por que esquecemos, como os vencedores son quen de escribir a historia e por que os perpetradores tiveron a necesidade de negar a memoria das vítimas hai cinco décadas, no medio da construción política dun futuro que é este presente no que vivimos.

CODA

Xa dixen que non sabía como comezar pero optei polo simple: aquí a autoridade é a Academia Galega e con eles os demais, incluídas autoridades universitarias e políticas que hoxe nos acompañan, son amigos e amigas por acompañárenme —evitándome así unha protocolaria enumeración—. Con todo, quero citar para rematar a familia, os meus pais, o meu fillo, Miguel, as miñas fillas Claudia e Irene e a miña amiga e compañeira desta parte da miña vida, Xulia.

Dixen.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aguilar Fernández, Paloma (1996). *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*. Madrid: Alianza Editorial.
- Aguilar Fernández, Paloma e Payne, Leigh A. (2018). *El resurgir del pasado en España. Fosas de víctimas y confesiones de verdugos*. Madrid: Taurus.
- Alzaga Villaamil, Óscar (2021). *La conquista de la transición (1960-1978). Memorias documentadas*. Madrid: Marcial Pons.
- Amat, Jordi (2016). *La primavera de Múnich. Esperanza y fracaso de una transición democrática*. Barcelona, Tusquets.
- Arendt, Hanna (1961 [1954]). *Between Past and Future*. New York: The Viking press. [Traducción ao castelán: *Entre el pasado y el futuro. Ocho ejercicios sobre la reflexión política*. Península: Barcelona, 2018.]
- Arnau i Segarra, Pilar (2017). Censura literaria en Mallorca: el secuestro de la novela *Marius* (1967) de Antoni Serra. *Inteliteraria*. 22, 79-92.
- Assmann, Aleida (2016). *Shadows of trauma. Memory and the Politics of Postwar Identity*. New York: Fordham University Press.
- Benjamin, Walter (2007). *Conceptos de filosofía de la historia*. Buenos Aires: AGEBE.
- Beramendi, Xusto (2007). *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Bonachera, Ángela R. (2021). Moviendo hilos de la censura. Estas son las cartas inéditas entre Camilo José Cela y Juan Aparicio sobre el nacimiento de Papeles de Son Armadans. *LaSexta. Noticias*. 25/V/2021. Disponible en https://www.la-sexta.com/noticias/cultura/estas-son-cartas-ineditas-camilo-jose-cela-juan-aparicio-nacimiento-papeles-son-armadans_2021032360ab8454c4a91b0001a74ef0.html
- Cabañas Bravo, Miguel (1996). *La política artística del franquismo. El hito de la Bienal Hispano-Americana de Arte*. Madrid: CSIC.
- Carr, Raymond, ed. (1974). *Estudios sobre la República y la Guerra Civil española*. Madrid: Ariel.
- Castro Pérez, Xavier (2001). *Castelao e os galeguistas do interior*. Vigo: Galaxia.
- Cela, Camilo José (2021). *Memorias. La Rosa. Memorias, entendimientos y voluntades*. Madrid: Debolsillo.

- Cercas, Javier (2009). *Anatomía de un instante*. Barcelona: Mondadori.
- Cirici Pellicer, Alexandre (1977). *La estética del franquismo*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Nomes e Voces, eds. (2010). *Memoria de guerra y cultura de paz en el siglo XX. De España a América, debates para una historiografía*. Gijón: Trea.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Artiaga Rego, Aurora, eds. (2014). *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura*. Madrid: Ed. La Catarata.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Hervella García, Gustavo, eds. (2018). *Historia de la guerra civil contada por dos hermanas: memorias del golpe, revolución y guerra*. Granada: Editorial Comares.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez Macho, Antonio, eds. (2018). *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Prieto, Lourenzo, Míguez Macho, Antonio e Vilavedra Fernández, Dolores, eds. (2020). *1936. Un nuevo relato*. Zaragoza: PUZ.
- Fernández Santander, Carlos (1982). *El alzamiento de 1936 en Galicia: datos para una historia de la guerra civil*. Sada: Edición do Castro.
- Fernández Santander, Carlos (2000). *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia*. Sada: Edición do Castro.
- Gibson, Ian (2004). *Cela, el hombre que quiso ganar*. Madrid: Santillana.
- Grandío Seoane, Emilio (1998). *Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936)*. Sada: Edición do Castro.
- Griffin, Roger (2007). *Modernism and Fascism. The Sense of the Beginning Under Mussolini and Hitler*. Basingstoke, Reino Unido: Palgrave MacMillan. [Traducción ao castelán: *Modernismo y fascismo. La sensación de comienzo bajo Mussolini y Hitler*. Madrid, Akal, 2010].
- Gurriarán, Ricardo (2006). *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940) do influxo institucionalista e a JAE á depuración do profesorado*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Jackson, Gabriel (1965). *The Spanish Republic and the Civil War, 1931-1939*. Princeton: Princeton University Press.
- Juliá Díaz, Santos (2014). *Camarada Javier Pradera*. Madrid: Galaxia Gutenberg.

- Juliá Díaz, Santos (2017). *Transición. Historia de una política española (1937-2017)*. Madrid: Galaxia Gutenberg.
- Labrador, Germán (2014). *Culpables por la literatura. Imaginación política y contracultura en la transición española (1968-1986)*. Madrid: Siglo XXI/Akal.
- Laín Entralgo, Pedro (1976). *Descargo de conciencia (1930-1960)*. Barcelona: Barral.
- Linz, Juan J. (2009 [1956]). *Sistemas totalitarios y regímenes autoritarios*. Madrid: Centro de Estudios Públicos y Constitucionales.
- Marx, Karl (2003 [1852]). *El 18 brumario de Luis Bonaparte*. Madrid: Fundación Federico Engels.
- Míguez Macho, Antonio (2009). *O que fixemos en Galicia. Ensaio sobre o concepto de práctica xenocida*. Ourense: Difusora das Letras.
- Míguez Macho, Antonio (2009). *Xenocidio e represión franquista en Galicia. A violencia de retagarda en Galicia na Guerra Civil*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- Míguez Macho, Antonio (2014). *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*. Madrid: Abada Editores.
- Míguez Macho, Antonio (2016). *The Genocidal Genealogy of Francoism: Violence, Memory and Impunity*, Brighton: Sussex Academic Press / Cañada Blanch.
- Morais Álvarez, Carlos (1996). *A luita dos pisos do curso 1979-80: unha aproximación*. Sada: Edicións do Castro.
- Paz-Andrade, Valentín (1997). *Epistolario*. Sada: Edicións do Castro. Edición de Charo Portela Yáñez e Isaac Díaz Pardo.
- Pérez Pena, Marcos (2012). *Aprensión en Galicia na Transición*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ridruejo, Dionisio (1962). *Escrito en España*. Buenos Aires: Losada.
- Ridruejo, Dionisio (2017). *Casi unas memorias*. Barcelona: Península. Edición a cargo de Jordi Amat.
- Rodrigo Sánchez, Javier (2013). *Cruzada, paz, memoria. La Guerra Civil en sus relatos*. Granada: Comares.
- Rodríguez Polo, Xosé Ramón (2009). *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Rodríguez-González, Olivia (2016a). San Camilo 1936: cuando la censura volvió a ser un problema para Camilo José Cela. *Letras de Hoje*. 51, 235-244.

- Rodríguez-González, Olivia (2016b). Hispanismo e Hispanidad en Cela. En: Leonardo Funes, coord. *Hispanismos del mundo. Diálogos y debates en (y desde) el Sur*. Buenos Aires: Miño y Dávila Editores. Anexo digital, 373-244.
- Rodríguez-González, Olivia (2017). Nuevo acercamiento a *Vísperas, festividad y octava de San Camilo, 1936* de Camilo José Cela. En: Adolfo Sotelo Vázquez, coord.; Sonia Betancort Santos e Alba Guimerà, eds. lit. *Cela, cien años más*. Sevilla: Editorial Renacimiento, 299-329.
- Romero, Luis (1967). *Tres días de Julio*. Madrid: Círculo de Amigos de la Historia.
- Salvo, Ramón e Elena Vicioso (1996). Las andanzas de *La familia de Pascual Duarte*. En: *Teled debate Cela sobre La familia de Pascual Duarte, de Camilo José Cela. Dossier de trabajo*. Disponible en <http://www.xtec.cat/~rsalvo/cela/dossier/2.htm>. Dossier para “teled debate organizado desde Barcelona por el Programa de Informática Educativa (PIE) de la Generalitat de Cataluña está destinado a grupos-clase de estudiantes de edades comprendidas entre los 14 y los 18 años (enseñanza secundaria en el sentido amplio de la palabra), guiados por sus profesores”.
- Sánchez León, Pablo (2020). La memoria de los verdugos de 1936 y la cultura de la impuni(bili)dad en la democracia posfranquista. *Kamchatka. Revista de análisis cultural*. 15, 19-46.
- Saz, Ismael (2013). *Las caras del franquismo*. Granada: Comares.
- Silva Ferreiro, Manuel (1938). *Galicia y el movimiento nacional: páginas históricas*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar.
- Sotelo Vázquez, Adolfo (2020). El exilio en las páginas de *Papeles de Son Armadans. Cuadernos Hispanoamericanos*. 839-840, 194-213.
- Southworth, Herbert R. (1963). *El mito de la cruzada de Franco*. París: Editorial Ruedo Ibérico.
- Stonor Saunders, Frances (2013). *La CIA y la guerra fría cultural*. Barcelona: Debate.
- Thiesse, Anne-Marie (2010). *La creación de las identidades nacionales. Europa: siglos XVIII-XX*. Madrid: Ézaro.
- Thomas, Hugh (1961). *The Spanish Civil War*. London: Eyre & Spottiswoode.
- Toro, Suso de (2021). Ramón e Camilo José. *Un señor elegante, de Suso de Toro*. 4/I/2021. Disponible en <https://www.facebook.com/104651864735214/photos/a.105345451332522/180107100523023/>

- Varela Suances Carpegna, Álvaro (2021). Historia dunha culler. *Luzes*. 81 (20/XII/2021). Disponible en <https://luzes.gal/20/12/2021/en-aberto/historia-dunha-culler/>
- Veiga, Manuel (2004): *O exiliado e a primavera*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Vilanova i Vila-Abadal, Francesc (2004). *Nurembergs. Lectures dels processos contra criminals de guerra a la Barcelona franquista*. Barcelona: Fundació Carles Pi i Sunyer.
- Villares Paz, Ramón (2021a). *Cultura e política na Galicia do século XX*. Vigo: Galaxia.
- Villares Paz, Ramón (2021b). *Exilio republicano y pluralismo nacional. España, 1936-1982*. Madrid: Marcial Pons.
- Villares Paz, Ramón (2022): Os tempos son chegados: a xestación da autonomía galega. En: Ramón Villares Paz, coord. *Os tempos son chegados. Un balance da Galicia autonómica. 1981-2021*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, 28-48.
- Ysàs, Pere (2004). *Disidencia y subversión: La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*. Barcelona: Crítica.
- Yusta Rodrigo, Mercedes (2005). Las mujeres en la resistencia antifranquista, un estado de la cuestión. *Arenal. Revista de historia de las mujeres*. 12, 5-34.

**Memoria republicana
e transición democrática en Galicia**
Resposta do excelentísimo señor don
Ramón Villares Paz



Señoras académicas e señores académicos.

A incorporación dun novo membro a esta Academia é algo que vai alén da solemnidade que teñen estas cerimoniais. Hai case que dez anos recibín unha encomenda semellante, con ocasión do ingreso do académico Pegerto Saavedra, a quen tiven a honra de darlle a benvida e trazar un imperfecto eloxio da súa persoa e da súa obra. E coma daquela, déixenme confesar que lle agradezo á institución esta oportunidade que se me dá para “introducir” ou presentar o profesor Lourenzo Fernández Prieto. Estou certo, coma o estabamos os propoñentes da proposta de ingreso, que con esta incorporación se reforza a potencia intelectual da Academia como ente colectivo e, de forma especial, o coñecemento do tecido histórico de Galicia, nomeadamente nos tempos máis contemporáneos. Non se trata de facer unha reivindicación de parte, subliñando o papel da historia no ancho campo da república das letras, senón de subliñar desde o principio este perfil intelectual e profesional de quen hoxe ingresa. Que o novo académico é un historiador vocacional non é preciso proclamalo. As súas numerosas obras publicadas, a dirección de moitos proxectos de investigación e de teses de doutoramento e mesmo a súa presenza nos medios de comunicación, nomeadamente como articulista semanal en *La Voz de Galicia* desde hai máis de dúas décadas, son os seus mellores avais. Para dicilo coas palabras empregadas no momento da presentación da súa candidatura, a proposta fundábase na “súa formación investigadora e na súa presenza pública, a través da prensa, na defensa da historia e da cultura e a lingua galega”. Todas estas razóns foron aducidas polos propoñentes do seu nome para ocupar a cadeira que deixara baleira a morte de Luz Pozo Garza, muller que encarnaba na súa persoa e na súa obra, a divina grandeza da poesía e a elegancia dunha limpa mirada.

I.

Comezarei por trazar un perfil do novo académico, individual e tamén xeracional. El pertence a unha xeración que, por razóns epocais, tivo unha educación e unhas oportunidades que non estiveran ao alcance dos seus antecesores nin, talvez, tampouco estarán no futuro para os seus continuadores. Porque a biografía deste home de apenas sesenta anos esconde outros trazos dos que nos dá conta a prosa do seu *curriculum vitae*. Algo do seu percorrido académico está dito no seu propio discurso, cando ensaia unha “egohistoria” que explica a súa particular descuberta na “verde Eirín” da cultura e lingua de seu, como lles acontecera a tantos emigrantes que afrontaron o mesmo desafío en lugares máis afastados, pero con ben menos recursos e perspectivas. Daquela, el pasou a ser un galego neofalante e, tempo andado, un galego politicamente consciente.

Pero en termos de socioloxía da educación debo engadir que na evolución intelectual do novo académico se reflicte a experiencia de toda unha xeración de intelectuais e universitarios que acadaron a maioría de idade coa democracia política e ás portas do autogoberno de Galicia. Aínda procedendo ou tendo raíces no medio rural, boa parte daquela xeración medrou nas vilas e cidades e foi escolarizada en centros públicos e non en seminarios diocesanos ou de congregacións relixiosas. Como reza o *incipit* dun dos seus primeiros libros, que está dedicado aos seus pais, el defínenos como “traballadores no agro e na urbe”, de modo sucesivo e nunca “simbióticos”.

A educación daquela xeración foi un dos mellores logros da política educativa do último franquismo que se podería concretar na Lei Xeral de Educación de 1970 que fomentou a universalización do ensino primario, unha notable ampliación dos equipamentos do ensino secundario e a prolongación do período lectivo ata os dezaioito anos, como teñen asegurado expertos sociólogos da educación como Julio Carabaña. Unha confirmación daquel tránsito desde o agro á urbe está na escolla da cidade de Ferrol, lugar onde viviu a súa adolescencia e cursou o seu bacharelato, para celebrar este solemne acto. Penso se non será unha homenaxe a Max Aub...

Aquela xeración chegou á universidade, a finais dos anos setenta, cunha alforxa ben chea de saberes e destrezas. No canto de pescudaren sobre as súas identidades individuais e labraren un rápido *cursus honorum*, escolleron unha laboría colectiva capaz de soerguer a cultura e a ciencia en Galicia. Era o resultado dunha socialización cultural e política realizada nun tempo no que a Galicia enteira, do agro á cidade, do interior á costa, estaba a mudar de vez a súa pel. Daquela, na enxurrada

de cambios, non era doado decatarse do que estaba a acontecer, pero hoxe sabemos que estaba a producirse o que J. A. Durán chamou naquel intre “un cambio por derribo”, aplicado ás estruturas produtivas agrarias pero que tamén se podería apoiar aos modos de actuar e de pensar.

Aquela xeración deixou pegadas en moitos campos, desde a educación ata a empresa, a xestión política e, desde logo, tamén nas artes, incluídas as máis emparentadas con esta institución, que son as literarias. Pero no caso do novo académico, a vocación pola historia e pola investigación manifestouse de modo precoz e fecundo, sendo aínda un escolante universitario. Como algún dos integrantes daquel grupo me ten confesado máis dunha vez, admito que se trataba dunha xeración *vintage*. Aínda que mo dixese para cadrar coas miñas querenzas portuguesas, considero que algo de razón tiña... Medrou aquel grupo nun ambiente de euforia vital e de moita fundanza no porvir, de asociacionismo político e de mobilizacións, que tamén evocou o novo académico. Como escolante, investigador e profesor universitario viviu con moito interese aquela época na que a universidade estaba en tránsito cara a un novo modelo educativo. A pesar de que o marco normativo non mudou substancialmente ata a promulgación da Lei de Reforma Universitaria (LRU, 1983), a vida interna da Universidade de Santiago de Compostela estaba a cambiar de pel nos primeiros tempos da Transición á democracia. No que respecta aos estudos de historia, tampouco nada era igual ao panorama de dez ou quince anos antes, ao se abrir paso unha “nova historia”, da man de profesores como Antonio Eiras Roel, José Angel García de Cortázar ou Alberto Balil. Anos despois, a incorporación con rango de titulación dos saberes específicos de Historia, Arte e Xeografía de Galicia amosaba a progresiva galeguización da facultade, como aconteceu noutras, nomeadamente Filoloxía e Ciencias Económicas.

Foi naquel ambiente, intelectual e político, no que medrou Lourenzo Fernández e tantos outros, que comezaran coas cazaroladas contra os alugueiros de pisos e, anos máis tarde, participaron moi activamente na vida cultural e política e mesmo na reordenación do propio Sistema Universitario de Galicia, con novas universidades, múltiples titulacións e un plan de financiamento que foi garantido grazas á existencia dun réxime político de autogoberno. O novo académico foi membro activo da comisión do Claustro universitario e fixo propostas sobre a ordenación territorial e institucional das universidades galegas. Non digo que fose responsable pero, canto menos, foi testemuña de moitas das mudanzas que compoñen a Galicia actual.

2.

Alén do contexto epocal e da influencia xeracional, quen está a ingresar nesta corporación é unha persoa concreta que foi elixida polos méritos e valores que concorren no seu percorrido profesional, de profesor e de investigador no campo da historia. Dese recorrido debo rescatar algúns datos que, ao meu ver, confirman o acerto que no seu día tivo a Academia con esta elección.

O profesor Lourenzo Fernández Prieto é catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, onde se licenciou e doutorou con Premio Extraordinario. Profesor titular da USC desde 1993 e catedrático desde 2005, desenvolveu unha carreira investigadora moi intensa e especializada, con recoñecemento de seis sexenios de investigación e un sexenio de transferencia. Foi vicerreitor da Universidade de Santiago no período 2006-2009, director do Departamento en dúas ocasións e coordinador do grupo de investigación de referencia competitiva HISTAGRA. En tempos máis recentes, foi elixido coordinador do Centro de Investigación Singular de Paisaxes Culturais Atlánticas (CISPAC), que agrupa equipos de investigación das tres universidades galegas nos campos da historia agraria, xeografía, economía, enxeñería agraria, ciencia política e medio ambiente.

Como investigador, acredita máis de cento cincuenta publicacións, en case todas as linguas peninsulares, alén de en italiano e, nomeadamente, en inglés. Foi investigador principal (IP) de 21 proxectos de ámbito autonómico, estatal e europeo, así como de 19 convenios de investigación, o que mostra a súa capacidade para a transferencia científica e a conexión coas demandas da sociedade actual en materia de coñecemento. Nas súas liñas de traballo, o profesor Fernández Prieto conectou activamente con grupos e centros de investigación externos, en España, en Europa ou nos Estados Unidos de América, ben como experto convidado ou como membro de redes internacionais, como Ester ou o Congreso de Ciencias Históricas, alén de tecer alianzas como o *Campus Mundi*. Unha das súas calidades máis sobranceiras é a capacidade de liderado de grupos de traballo e de editor de obras colectivas, tarefa na que comezou a salientar moi novo e que, felizmente, nunca abandonou até hoxe.

A súa carreira investigadora desenvolveuse, de forma prioritaria, no grupo de Historia Agraria (HISTAGRA), fundado en 1988 na área de Historia Contemporánea da USC, no que se formaría un importante grupo de investigadores que se ocuparon de forma combinada e complementaria do estudo da agricultura galega contemporánea, desde a cuestión foral, a desamortización eclesiástica e dos bens

comunais ata os movementos agrarios e a “renovación técnica” das labranzas. Este foi, precisamente, o tema no que comezou a traballar Fernández Prieto desde 1984, alertado polo hoxe académico Díaz-Fierros sobre a riqueza do fondo documental existente na granxa de Mabegondo, antes sita en Monelos. Aquela pescuda deu orixe ao seu primeiro libro, *A granxa agrícola-experimental da Coruña, 1888-1928* (1988).

Aquel texto tería unha ampla confirmación na súa tese doutoral, na cal se fai máis densa a explicación de como funcionan as pequenas labranzas galegas desde mediados do século XIX ata os tempos da guerra civil, que se reflicte de forma acaída no propio título do libro, *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939* (1992). Estaba incubándose unha das revisións máis importantes na interpretación da agricultura galega, que pasaba de ser un exemplo de sector case “precapitalista” —e, por tanto, atrasado ou fracasado— a se configurar como unha vía diferente de chegar á modernidade desde a converxencia da acción do Estado coa capacidade de adaptación das pequenas labranzas campesiñas. O labrego feirante estaba a substituír o señorito fidalgo, logrando un currunchito de seu na historia galega.

Esta especialización en historia agraria seguía unha vía clásica: a propia da agronomía ilustrada, pero adaptada a unha nova forma de enfocar a vella cuestión agraria, en Galicia e no conxunto de España. Nun libro posterior, *El apagón tecnológico del franquismo* (2007), acabou por colocar en primeiro plano a relación, entre difícil e virtuosa, que tivo o sector agrario coa innovación técnica e a adaptación ao mercado, pero analizada en contraste co acontecido a partir da guerra civil, que adiou por décadas as mudanzas logradas nos primeiros decenios do século pasado. Antes e despois destas dúas obras Fernández Prieto participou en asociacións especializadas, como a Sociedade Española de Historia Agraria (SEHA), e contribuíu a repensar, en Galicia e fóra dela, o papel da agricultura nas sociedades contemporáneas. Para o caso galego, esta intención ficou ben reflectida na colectánea de artigos, de autorías alleas pero de temáticas converxentes, reunidos en *Terra e progreso* (2000) e, para o caso máis xeral español, no libro de inequívoco título, *El pozo de todos los males* (Pujol 2001), unha alegación xeracional de cinco autores contra o que cualificara o rexeneracionismo español de “males de la patria”. Cén anos despois do Informe de Joaquín Costa, chegaba unha revisión historiográfica que aspiraba a entender de modo máis complexo o sector agrario español, liberado dalgunha das lacras máis pertinaces.

Sen abandonar nunca a especialización en materia agraria e na innovación técnica, o novo académico comezou unha segunda liña de traballo en 2006, que se centrou na análise da memoria da represión da guerra civil e do franquismo, das vítimas e dos vitimarios ou verdugos, á calor da emerxencia da *memoria histórica* que tivo o seu primeiro respaldo institucional na lei do mesmo nome promulgada polo Goberno de Rodríguez Zapatero en 2007. A explosión memorialista xa comezara en España co asociacionismo pola memoria histórica desde finais do século pasado, pero no caso galego tivo unha expresión específica, ao se converter en liña de investigación universitaria, a través do proxecto Nomes e Voces, no que alén de Fernández Prieto, colaboraron outros investigadores (Emilio Grandío, Xulio Prada, Antonio Míguez...), logrando colocar o caso de Galicia e o seu pasado traumático (“incómodo”, na súa prosa) no contexto español e foráneo.

Un número significativo de investigacións e de publicacións realizadas ou dirixidas por Fernández Prieto comezaron a aparecer desde 2010 ata hoxe, con títulos como *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* (Galaxia, 2018) ou *1936. Un nuevo relato* (Prensas Universitarias de Zaragoza, 2020). Como sucedera no campo da historia agraria, tamén foi abrindo no espazo da memoria enfoques que se manifestan nos títulos de libros, artigos e encontros (“novas miradas”, “novos relatos”) e tamén no emprego dun léxico altamente denotativo (Estado “orwelliano” ou “kafkiano”, pasado “incómodo”, “xenocidio”) que tamén está presente no discurso que acaba de pronunciar.

3•

Dado que existe unha relación estreita entre esta nova orientación investigadora e os contidos do seu discurso académico de hoxe, é preciso reparar unha miga sobre esta paixón memorialista que asume o novo académico pero que forma parte dunha mutación moi profunda no campo dos métodos e dos enfoques da historia dos nosos tempos, nomeadamente a que se centra nos grandes conflitos do “curto século xx”. Sei que se trata dun asunto complexo e de gran controversia tanto política como intelectual, pero que esta liña de traballo adquirise en Galicia, desde o principio, un perfil universitario e gozase dun sólido financiamento foi unha garantía para conciliar o rigor metodolóxico co compromiso político e moral que, como é ben coñecido, caracteriza en España e no resto do mundo o debate sobre a memoria.

Os problemas que formula esta centralidade da memoria, que é algo máis do que unha moda, é un dos temas de debate da historiografía actual, que deu lugar a novas plataformas de difusión, como revistas de título inequívoco (*Historia y Memoria, History and Memory, Memoria e Ricerca, Passés Futurs...*), así como a celebración de numerosos congresos e proxectos de investigación sobre este asunto. Certamente, como advertía o historiador Santos Juliá en 2011, “la memoria cotiza al alza”. Cotizaba ben no campo da historia pero tamén en moitos outros saberes, desde a literatura e a filosofía ata a ciencia política, pois estúdanse menos os feitos históricos (poñamos, as guerras ou o holocausto) e moito máis a memoria que a sociedade actual ten dos acontecementos. Memoria que se funda no valor das testemuñas que contan a súa experiencia individual, como se fixo na afamada película *Shoah* de Claude Lanzmann. Como se atreveu a afirmar o “caza nazis” Elie Wiesel, “calquera supervivente dos *Lager* ten máis que dicir sobre o que pasou que todos os historiadores xuntos”. Aquel “deber de memoria” de que falara Primo Levi, con coñecemento de causa como internado en Auschwitz, comezou a camiñar cara a territorios novos e mesmo inesperados.

Déixenme só engadir unha breve reflexión, propia dun historiador preocupado polos novos rumbos da escritura da historia, sobre o que significa esta explosión da memoria. Como ten dito o historiador modernista italiano Adriano Prosperi, estamos camiñando cara a un tempo *senza storia* que é tanto como dicir que se está producindo a caída dos “grandes relatos” e consolidando a hexemonía de Mnemósine, a deusa da memoria, sobre a deusa Clío, que o é da historia; dito en termos etimolóxicos, “recordar” *versus* “investigar”, que é a matriz da palabra historia. As consecuencias máis directas desta viraxe son que o presentismo se converte nun trazo definitorio da investigación histórica actual, co que isto supón non só de mutación metodolóxica senón de reformulación dun concepto esencial da escritura da historia, como é o tempo, por non reparar noutras liñas de fuga, como a chamada “cultura da cancelación” e moitas outras.

Volvendo á diagnose de Prosperi, estamos perante un *mutamento epocale*, que adelgaza o pasado, enxalza o presente e desdénha o futuro, que deixou de estar ao noso alcance, como pensaba un revolucionario francés como Louis de Saint-Just. Non tento dicir que estas mudanzas sexan erróneas —conclusión que invalidaría o enfoque de historiador—, senón que cómpre interrogarse sobre as repercusións que acabarán por ter na nosa “cosmovisión do mundo”. Porque a fundación da historia propiamente dita foi obra non tanto dos clásicos grecolatinos coma da viraxe

efectuada polo pensamento ilustrado (filosófico e científico) do século XVIII, que logrou fixar unhas diferenzas claras entre pasado e presente como condición intelectual indispensable para pensar un futuro á medida do ollo humano —por usar unha metáfora de raíz mindoniense— e non coa previsión bíblica de ser o Paraíso o punto de chegada da humanidade. Esta foi a conclusión esencial que estableceu un autor como Reinhart Koselleck na súa fecunda “historia dos conceptos”, entre eles o de historia. O abandono do relato da historia sagrada supuxo que o paraíso se encarnase na idea de progreso, movido pola “tempestade” que Walter Benjamin imaxinaría poeticamente como a forza que movía o *Angelus Novus* pintado por Paul Klee, que o filósofo berlinés reinterpretou a xeito. Pero agora, esa tempestade parece estar amainando e o progreso, isto é, o futuro, boga nun mar incerto e cun compás que de novo non está ao alcance do individuo senón dos novos deuses, neste caso en forma de saberes e ferramentas chamadas algoritmos e por aí adiante...

4

Innecesario é advertir que as relacións entre historia e memoria son tan fecundas coma conflitivas. Nun texto certamente precoz, xa se interrogara o mestre Juan José Carreras sobre a razón de “por qué hablamos de memoria cuando queremos decir historia”. Era hai vinte anos. Non hai unha resposta única para esta pregunta, pero creo que o asunto central de que se ocupou o discurso do novo académico permite disterar e combinar estes conceptos. Porque o debate entre dous senadores durante a primeira reunión da Asemblea de parlamentarios de Galicia, convocada como resultado das primeiras eleccións democráticas en España en xuño de 1977, podería despacharse cun breve relato, case de carácter descritivo, sobre as propostas defendidas e as conclusións a que chegaron. Pero a intención do seu discurso vai alén desta simple dimensión.

Ao meu ver, esta é unha reflexión de “historia aplicada” sobre o peso da memoria (republicana) e do esquecemento (franquista) analizados a partir dunha acción política concreta que, por tratarse dun momento en realidade constituínte ou estatuínte, acada unha dimensión diferente á dunha mera continxencia política. A razón básica non está só no que sucedeu no verán de 1977, senón no modo en que hoxe se pode ver e avaliar aquel episodio, dado que permite entender o esquecemento que existía, na Galicia política de 1977, respecto da tradición republicana e

da política autonomista e, mesmo, da enteira historia de Galicia, incluído o significado do lugar no que se celebraba aquela reunión, o antigo Hospital Real de Galicia, acabado de converter en parador turístico. Abondaría con repasar un texto certamente ucrónico de Díaz Pardo, exposto daquela (9 de xullo de 1977) nun debate dedicado á “imaxinación creadora” sobre o que sería Galicia vinte e cinco anos máis tarde. O maxín de Isaac dicía que se acababa de publicar no 2002, no xornal *Galicia*, unha nota conmemorativa do funcionamento da Autonomía galega e do seu Consello de Galicia, que acostumaba celebrar as súas sesións no Hospital Real, dado que “unha parte importante da nosa historia, a boa e a mala, pasou por esta casa” (Díaz y Díaz 1978).

Alén do que xa se conta con moito detalle no texto do novo académico, eu quero chamar a atención sobre algúns aspectos que permitan conciliar historia e memoria pero, sobre todo, saber que consecuencias puido ter aquel debate. O primeiro que sorprende é a brevidade daquel conflito político, que poderíamos cualificar á vella moda francesa de algo “evenemencial”, superficial, sen substancia. Pero non foi mesmo así, porque alguén gardou recortes de prensa e entregoullos a un grupo dedicado ao estudo da memoria, e alguén, o novo académico, considerou que este asunto merecía unha reflexión máis desde o campo da memoria que da historia do tempo presente. Sírnome das abondosas referencias que Fernández Prieto debulla no seu discurso, pero tamén doutras que estimo acaídas para entender aquel debate entre parlamentarios, para enfiar algunhas reflexións finais.

En realidade, aquel lance permite analizar as singularidades da identidade política de Galicia, a memoria do pasado republicano e as estratexias seguidas polos representantes elixidos (ou designados) nas eleccións de xuño de 1977. Forma parte do que hai anos denominei a “xénese dunha anomalía” (texto recollido en *Cultura e política na Galicia do século XX*, 2021), para explicar a posición de Galicia nos tempos da transición democrática, unha nacionalidade (en termos constitucionais) que, como se advirte neste lance, se dotaría dun autogoberno sen nacionalistas (en termos ideolóxicos). A cuestión esencial era, naquela altura, saber cal camiño coller en canto a situar a cuestión galega no panorama constituínte da España que estaba a construír a democracia.

Noutras asembleas de parlamentarios, como as constituídas en Cataluña e no País Vasco, que comezaron as súas reunións uns días antes que a galega, fixéronse semellantes reflexións ás feitas na reunión do Hostal de Compostela. Como diría unha testemuña que alí estaba presente en tanto que deputada de Alianza Popular,

María Victoria Fernández-España, que asinaba como Victoria Armesto, “el punto neurálgico fue si arrancábamos o no del Estatuto de Autonomía de 1936” (*La Voz de Galicia*, 9/VII/1977). A súa defensa historicista foi, segundo as súas palabras, “enérgica” e adubada coa lembranza dos cincocentos anos de marxinação desta Terra.

Pero a reivindicación do Estatuto de 1936 estaba lonxe, en Galicia, de ser tan maioritaria coma o estaba a ser naquela altura a demanda da oposición catalá de *Llibertat, amnistia i Estatut de Autonomia*. Aquí, como é sabido, as demandas autonomistas ou eran de natureza “rexionalista” ou se situaban no campo da autodeterminación, de modo que só algunhas persoas e partidos con memoria republicana eran capaces de defender esta alternativa. E quen deu forma a esta aspiración, no momento procesal oportuno, foi un texto que Valentín Paz-Andrade presentou á consideración dos parlamentarios. Era un documento que facía xustiza á súa traxectoria política e, sobre todo, ao feito de ocupar a “cadeira de Galicia” na Comisión dos Nove, que meses antes negociara co Goberno Suárez, en nome da chamada *Platajunta*, unha solución pactada para a Transición á democracia desde a ditadura franquista.

Os contidos daquel documento de Paz-Andrade —de cuxa literalidade non dispomos— estaban organizados en oito puntos, nos que se facían consideracións económicas, propostas organizativas e solucións políticas. Era, como se dixo na prensa ao día seguinte (*La Voz de Galicia*, 5/VII/1977), toda unha “declaración constituinte”, dado que estaba a colocar a cuestión galega en termos moi claros: Galicia era definida como unha “nacionalidade” que debe facer valer os seus dereitos económicos e políticos no marco dun modelo federal español ou, no seu defecto, do “patrón estatutario de autogoberno”. Dito de modo máis directo, defendía a necesidade de empatar co Estatuto de Autonomía aprobado en xuño de 1936, posición na que confluía coa defendida por outras forzas políticas, como o Partido Comunista de Galicia.

Como documento político de bases tamén propoñía Paz-Andrade a creación urxente dun “organismo supraprovincial” que xa denominaba “Xunta de Galicia”, separándose deste modo da tradición republicana e do exilio —que preferían o nome de “Consello de Galicia”, que naquelas mesmas datas defendía Isaac Díaz Pardo—, e lembraba a necesidade de establecer a “obriga do ensino da lingua galega”, xa discutida con ocasión da tramitación nas Cortes franquistas da Lei Xeral de Educación. A proposta de Paz-Andrade tivo bastantes silencios (un “tupido velo”, como se di nalgũa crónica) e poucos apoios explícitos, pero logrou un consenso

maioritario ao servir de texto base para labrar o comunicado final da reunión, escrito en galego (aínda que “polo visto pensouse antes en castelán”, segundo Victoria Armesto) por Víctor Moro (UCD), Domingo García-Sabell (senador real), Andrés Eguíbar (PSOE) e Luis González Seara (UCD), no que só se eliminou claramente a mención expresa ao Estatuto de 1936, pero non á tradición autonomista.

Como se conta ben polo miúdo no discurso, o documento inicial de Paz-Andrade parece estar no fondo da breve pero intensa polémica mantida contra el polo escritor e senador de designación rexia, Camilo J. Cela. O ton das declaracións e dos artigos de Cela publicados naqueles días foi tan tremendista e mesmo insultante (proprios do “escuadrismo” fascista, asevera o novo académico), que non permite unha mínima escusa en seu favor, a pesar de que en varias notas de prensa se considere a Cela como un “xenio” da reunión, e a Paz-Andrade un “perdedor”. Parece que Cela tivo maiores apoios externos (da prensa) do que Paz-Andrade, malia terzaren a favor do avogado vigués figuras como Eduardo Blanco Amor ou Isaac Díaz Pardo e, de forma privada, exiliados como Xosé Núñez Búa.

A diagnose de que Paz-Andrade fose, neste punto concreto, un perdedor parece claramente esaxerada, e algunhas insinuacións de Cela de que se trataba dunha proposta extemporánea ou propia dun “portelista” —de Portela Valladares— parado no remuíño da historia, estaban fóra de lugar e de tempo. De feito, a posición de Paz-Andrade era coherente coa que sostivera na Comisión dos Nove, á que acudiu cun propósito claro, segundo as notas de prensa de decembro de 1976: “Yo negociaré a partir del Estatuto de Autonomía de 1936”. Era o que reclamaban os partidos reunidos na Asemblea de Catalunya e o que defendían para Galicia exiliados retornados como Ramón Martínez López ou Luís Seoane.

Desde logo, sorprende a combinación de silencios (maioritarios) e de virulencia (individual) que existiu naquela asemblea de parlamentarios e tamén chama a atención que o asunto morrese de contado, ata o punto de que é difícil construír un relato memorial do mesmo. Con todo, penso que sería útil recorrer ás ferramentas da historia, examinando contidos e contextos e procurando a causalidade e a orixe daquel documento que en forma de proposta inesperada de Valentín Paz-Andrade se presenta á consideración de 45 parlamentarios (27 deputados e 18 senadores) galegos que estaban a estreir tal condición. Semella que aquilo fose coma un meteoro guindado no estanque da reunión, ao que outro senador, de forma isolada e con nula argumentación política senón *ad hominem*, se opuxo non se sabe ben se ás ideas ou á persoa.

Abonda reparar no artigo máis divulgado de Camilo J. Cela, que considera o senador vigués despectivamente como “Pez Paz”, un “pescadero mayor del Régimen” que desprende olor a “aroma de pescadilla”, que “navegaba en un yate con nombre de ave rapaz”, para se decatar do estrondo con que se produce aquel ataque. E custa entender a carraxe persoal e a mixtificación política con que Cela define a quen fracasara no seu proxecto de instalar na ría de Vigo, a finais dos cincuenta, a empresa petroleira Petrogasa, do *lisboano* Manuel Cordo Boullosa, por veto do pazo de Meirás e da crema social que alí se reunía periodicamente con Franco ou que pescaba canda el desde o iate *Azor*. Dito na palabras de Paz-Andrade, escritas en 1984 en documento non publicado, “aquello lo frustró Franco, por medio del subdictador económico Juan Antonio Suances”.

Mais volvamos ao debate da asemblea de parlamentarios galegos, que adquire outro perfil se o ollamos en perspectiva comparada. Dunha banda, era débil a presenza republicana que se rexistraba nos movementos autonomistas daquela altura, onde poucos exiliados retornaran á vida política española. Pero, doutra banda, os que retornaran eran ben significativos; sirvan de exemplo os comunistas Santiago Carrillo e Dolores Ibárruri, o nacionalista Manuel de Irujo, que presidiu a asemblea parlamentaria vasca e o republicano Andreu i Abelló, que presidiu a catalá. En Galicia, os exiliados políticos máis significativos no campo do republicanismo e do autonomismo (Osorio-Tafall, González López, Alonso Ríos...) aínda non retornaran. Pero os senadores elixidos dentro da Candidatura Democrática Galega, Valentín Paz-Andrade e Manuel Iglesias Corral, representaban a memoria da II República na asemblea galega, dado que “non eran dous santóns esclerosados senón dous homes que viviron o que agora Galicia quere continuar”, en palabras de Eduardo Blanco Amor. E algo semellante se podería dicir de moitos dos seus compañeiros de candidatura, como Isaac Díaz Pardo, Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del Riego.

Pero as semellanzas acababan aquí, malia a constante demanda de que Galicia non fose tratada nunca por debaixo de vascos e cataláns, como se pode ver nun acendido artigo do matemático, e tamén académico, Enrique Vidal Abascal (*La Voz de Galicia*, 5/VII/1977). En efecto, mentres que os dirixentes políticos vascos e cataláns estaban a loitar pola recuperación da *Generalitat* presidida por Tarradellas e polo retorno do Goberno vasco, presidido por Leizaola, os referentes galegos eran moito máis fracos e apenas había de quen botar man para levar a cabo ese empalme coa memoria republicana e co exilio. Só a memoria de Castelao se activou na asemblea galega cando Victoria Fernández-España, de AP, leu un parágrafo do *Sempre en*

Galiza —exemplar que lle dedicara “agarimosamente” Virxinia, en Buenos Aires— para reforzar a proposta de Paz-Andrade de empatar coa II República e mesmo coa reunión ou Pacto de Lestrobe. Parece un anuncio da gran fenda da política galega en tempos democráticos, nos que a bandeira autonomista é izada pola dereita, mentres que a esquerda, nomeadamente a extraparlamentaria, despreza o proceso autonomista como algo artificial urdido polo “proverbial” caciquismo galaico...

Vou dar cabo a estas matizacións pasando do contexto e dos protagonistas á razón última da destemperada reacción de Cela perante o documento de Paz-Andrade. Alén do *background* literario e político que o escritor de Iria Flavia traía do período franquista, tamén é sabido que non acostumaba enfrascarse en polémicas das que non ía tirar proveito. A pregunta é saber por que o fai e para que. E a resposta pode ser política, pero distinta da que aparenta esta polémica máis de xornal ca de debate oficial. Algúns seareiros de Paz-Andrade estráñanse do ton e da información persoal que Cela manexa sobre o senador vigués. No artigo de Díaz Pardo a favor de Valentín hai algunhas informacións algo sibilinas, non doadas de interpretar: “los conocimientos que maneja de ti, se los han dictado esa especie de enanos que están preparándose para la Autonomía que nos van a dar”. No discurso do novo académico tamén se atopan algunhas dúbidas sobre se Cela actúa de modo autónomo ou está influído, para concluír que “non podemos resolver a incógnita”.

Con todo, no discurso hai unha información que se repite e que pode axudar a entender algo: a vampirización que Cela fai do nome e mesmo da figura de Domingo García-Sabell, ao suxerir que este concorda coa súa postura e que mesmo está a falar no seu nome. Este maridaxe cadra mal co protagonismo do senador compostelán no curso daquela asemblea, dado que logrou colocar o galego no texto de conclusións e que fose alcumado, ao carón do gañador e perdedor, como “temido”, segundo indica o xornal vigués *El Pueblo Gallego*. Era unha figura ascendente, pero por que sería temido García-Sabell? A hipótese máis probable pode ser que era un candidato firme a encabezar o proceso preautonómico —como suxire, mais non di, Díaz Pardo— e porque Cela parece actuar en favor de García-Sabell botando para a cuneta o nome de Paz-Andrade.

Certamente, o senador vigués era pola súa presenza na Comisión dos Nove un candidato firme a gobernar o proceso autonómico, por cima de Iglesias Corral e de calquera figura do exilio. Fronte ao exemplo vasco e catalán, onde os candidatos eran evidentes, en Galicia non estaba nada claro quen podía ser o Tarradellas ou Leizaola. Sabemos que Paz-Andrade estaba informado directamente das

(poucas) posibilidades do seu amigo pontevedrés Bibiano Osorio-Tafall, que tiña excelente imaxe en organismos internacionais como a FAO e a ONU, pero que nunca chegou a recibir unha chamada do presidente Adolfo Suárez, semellante á que lle fixo a Tarradellas, que xustamente acababa de viaxar a Madrid, uns días antes de se celebrar a asemblea parlamentaria galega, para preparar o seu regreso a Barcelona á fronte da *Generalitat* republicana. Naqueles mesmos días, Osorio-Tafall tamén estaba nun hotel de Madrid, a carón do teléfono, que non chegou a soar...

Non é grato nin mesmo xusto facer xuízos de intención. Pero no mar en que navegaba a incerta autonomía galega, os corsarios estaban por todas partes. No partido maioritario, UCD, existía unha loita case fraticida entre Pío Cabanillas e Xosé Luís Meilán, o primeiro “felicitado” naquel mesmo día por ser ministro e o segundo, “sorpresa” por non ser tal. Nesa condición viaxaron aquela tarde cara a Madrid. Pola súa banda, Cela tivo que soportar unha pequena campaña de prensa ao se divulgar o seu oficio de “soplón de roxos”, alén de censor, durante a guerra civil e anos despois —do que Paz-Andrade, con evidente satisfacción, lle dá conta a Núñez Búa en outubro de 1977—. Pero nada impediu que Cela seguise como unha *prima donna* en democracia, como xa o fora no franquismo.

Para Paz-Andrade, que tardou algún tempo en se decatar da situación, a polémica tivo máis consecuencias das que podía supor. Nin Osorio-Tafall puido ser un Tarradellas galego, nin el logrou aproveitar as fendas do grupo de UCD para ser un *tertium gaudens*. Tivo aínda folgos para contribuír a organizar a “alborada cívica” da masiva manifestación pro-Autonomía do 4 de Nadal de 1977, celebrada en Vigo, na que el foi o orador principal, o que lle debeu lembrar o mitin do García Barbón e o xantar da Barxa de 1930, cando se albiscaba a caída da monarquía. Pero desde finais de 1977, o senador vigués comezou a preparar a magna biografía de Alfonso Castelao, escribíndolle a todos os seus amigos na Terra e no exilio para que lle fornecesen materiais e lembranzas persoais sobre o rianxeiro. En xaneiro do 1978, o seu amigo Pepe Núñez Búa, a quen lle contara exultante a xornada de Nadal, escribíalle desde Magdalena (Arxentina) para saber “como vai o da Autonomía” e se “vas ser o Presul?”, isto é, presidente. A resposta de Valentín, dúas semanas máis tarde, é ben clara: as divisións entre a UCD poden abrir unha porta “pra os terceiros”, entre os que menciona a García-Sabell, para engadir que “sinto ter que enfriar un pouco o teu optimismo”, aínda que non descarta que teña que asumir unha “cárega abraiante”.

Aquela “cárrega” de ser presidente non chegou porque, desde xullo do 1977, xa se estaban a barallar moitos nomes, entre eles Pío Cabanillas, “o sobriño sen raza do tío”. O *tertium gaudens* foi, finalmente, Antonio Rosón e o demais xa fica fóra do noso foco. Pero os remorsos de non ter protagonismo no sistema autonómico non o abandonaron ata a súa morte. Nun texto escrito en 1984, que figura manuscrito no seu arquivo, dá unha opinión sobre a “estructuración actual” da autonomía galega, que “ni como hombre de derecho ni mucho menos como gallego, puede satisfacerme”, sobre todo ollada de modo comparado con Cataluña e Vasconia. O seu tempo pasara e, daquela, xa se podía considerar que efectivamente ficara no bando dos perdedores...

5.

Debo dar cabo á miña intervención retornando ás palabras iniciais. Quen ingresa hoxe na Academia Galega é un investigador consagrado que está en plena actividade, a quen lle esperan moitos desafíos, entre os que deberá estar presente a laboría a desenvolver nesta institución. El xa deu conta do que é e do que sabe no discurso que acaba de pronunciar, adornado ademais cunha notable dose do que o historiador francés Pierre Nora cuñou como *egohistoire*, que é algo máis que unha autobiografía ou unhas memorias, senón os fitos dunha “educación sentimental” à la Flaubert. Pero ao carón desta razón de natureza científica e académica debo confesar asemade que sinto unha especial ledicia por chegarmos a este momento. Teño a satisfacción de dicir que estamos a acoller unha persoa cabal, de sólida formación intelectual e de elegante comportamento persoal en todos os lugares e situacións nas que estivo presente, como escolante en primeiro termo, logo como discípulo e finalmente como colega e amigo, co que agora me comprace partillar a condición de membro desta centenaria institución.

Meu caro amigo *Tito*, no nome dos colegas da Academia Galega e no meu propio, compráceme darche a benvida á túa cadeira de académico. Teño a certeza de que a ocuparás con dignidade e con eficacia, con intelixencia e con xenerosidade. Están á túa espera traballos e pareceres que permitirán levar a bo termo o mandato fundacional de *colligit, expurgat, innovat*, que comparece no frontispicio da Academia Galega desde a súa fundación. Que teñas longa vida nesta nova andaina da túa biografía de historiador e de investigador e, desde logo, de intelectual

comprometido coa causa da lingua e da cultura de Galicia, compromiso que foi felizmente revalidado no día de hoxe, para satisfacción desta institución e de toda a xente presente...

Moitas grazas pola vosa atención.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Armesto, Victoria (1977). Xuntanza en Santiago. *La Voz de Galicia*. 8 e 9/VII/1977.
- Carreras Ares, Juan José (2005). ¿Por qué hablamos de memoria cuando queremos decir historia? En: A. Sabio e C. Forcadell, coords. *Las escalas del pasado*. Barbastro: IEA / UNED.
- Díaz y Díaz, Manuel, coord. (1978). *Galicia 2002 a través da imaxinación creadora*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Prieto, Lourenzo (1988). *A granxa agrícola-experimental da Coruña, 1888-1928*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Fernández Prieto, Lourenzo (1992). *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Prieto, Lourenzo, coord. (2000). *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Prieto, Lourenzo (2007). *El apagón tecnológico del franquismo*. Valencia Tirant lo Blanch.
- Friedländer, Saul (2016). *Où mène le souvenir. Ma vie*. París: Éditions du Seuil.
- Juliá, Santos (2011). *Elogio de Historia en tiempo de Memoria*. Madrid: Marcial Pons.
- Koselleck, Reinhardt (2016 [1975]). *historia/Historia*. Madrid: Trotta.
- Levi, Primo (2022 [1975]). *Deber de memoria*. Madrid: Libros del Zorzal.
- Paz-Andrade, Valentín (1984). *Franquismo y transición política en Galicia* [manuscrito]. Fundación Paz-Andrade.
- Prosperi, Adriano (2021). *Un tempo senza storia. La distruzione del passato*. Torino: Giulio Einaudi.

Pujol Andreu, Josep, coord. (2001). *El pozo de todos los males: sobre el atraso en la agricultura española contemporánea*. Barcelona: Crítica.

Villares, Ramón (2021). *Cultura e política na Galicia do século XX*. Vigo: Galaxia.

Villares, Ramón, coord. (2022). Memorias dictatoriales: una mirada trasatlántica. *Passés Futurs*. 12. Disponible en <https://www.politika.io/fr/passes-futurs>

ÍNDICE

A memoria, a historia e a política .

A esquecida polémica Cela *versus* Paz-Andrade
sobre a lexitimidade democrática, a memoria republicana
e a Autonomía de Galicia en xullo de 1977

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO 9

Introdución 10

1ª parte. Lingua, memoria e historia. As mulleres da República

e Luz Pozo Garza, unha muller doutro mundo 13

2ª parte. Historia, memoria e desmemoria do pasado incómodo 25

3ª parte. A polémica Cela versus Paz-Andrade de xullo de 1977 41

Referencias bibliográficas 78

Memoria republicana e transición democrática en Galicia

RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN VILLARES PAZ 85

1 86

2 88

3 90

4 92

5 99

Referencias bibliográficas 100

Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
www.academia.gal



REAL ACADEMIA GALEGA

